



# A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN

XUNTA DE GALICIA

# **A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN**

Ángel González Fernández  
Agustín Requejo Osorio  
(Coordinadores)

**CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA**

# ÍNDICE

|   |     |
|---|-----|
| INTRODUCCIÓN .....  | 3   |
| I. A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN:  |     |
| • A Dimensión Europea da educación e os seus obxectivos.<br><i>Profesor Dr. José Luis García Garrido</i> .....              | 6   |
| • Política Educativa en Europa: Axentes, estratexias e instrumento.<br><i>D. Agustín Requejo Osorio</i> .....               | 25  |
| II. PROGRAMAS EUROPEOS DE EDUCACIÓN   |     |
| • Programa SÓCRATES.<br><i>Dna. M<sup>a</sup> Carmen Hombre Eiras</i> .....   | 41  |
| • Programa PETRA II.<br><i>Dna. M<sup>a</sup> Carmen García Rodríguez</i> .....   | 45  |
| • Programa LEONARDO DA VINCI.<br><i>Dna. M<sup>a</sup> Carmen García Rodríguez</i> .....                                    | 61  |
| • Iniciativa Comunitaria EUROFORM.<br><i>D. Gonzalo Iglesias Varela</i> .....   | 71  |
| III. UNIVERSIDADE E EUROPA (GRUPO COMPOSTELA):  |     |
| • Dimensión Europea da Educación: A Universidade de Santiago de Compostela<br><i>Profesor D. Luis Concheiro Carro</i> ..... | 77  |
| IV. LIBRO VERDE SOBRE A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN .....  | 92  |
| ANEXO I: REDES E SERVICIOS COMUNITARIOS .....   | 112 |
| ANEXO II: ENDEREZOS DE INTERESE .....   | 124 |

## INTRODUCCIÓN.

*Se houbese que comezar de novo, comezaría pola educación*, dicía Monnet, a quen se recoñece como pai da idea da unidade europea, significando con esas palabras o feito, tan repetido ó longo da historia, de que a educación camiña detrás da realidade social.

De acordo con esa apreciación resulta que a educación non estaría a prepara-la xente para a creación dunha Europa unida e harmoniosa, senón que, case materializada a unidade no terreo económico e mesmo no político, comezamos agora a caer na conta de que a educación ten tamén que cumprir-lo labor que lle corresponde no labor de acercar ós cidadáns europeos a unha realidade que, en grande parte, existe xa e que, en notable parte, parece que vai camiño de existir logo.

Convencidos agora de que é preciso gañar terreo no proxecto dunha educación que se poida chamar europea, que contribúa a poñer convencemento e mesmo entusiasmo nas novas xeracións, tamén o Consello Escolar de Galicia se suma ás iniciativas nese sentido e organiza a súa *Xornada sobre a dimensión europea da educación*, celebrada o día.... de abril de 1994.

Abordouse a situación e o problema desde unha dobre vertente. Por un lado, con ánimo de incidir na imprescindible proxección universalista (europea, en pleno sentido) das nosas preocupacións educativas, en relación cos tres grandes ámbitos en que se inscriben as innovacións pedagóxicas que se pretendan eficaces:

- \* A preparación de programas e plans de estudos.
- \* A atención á formación do profesorado.
- \* A elaboración de textos e materiais para o ensino.

A dimensión europea da educación constitúe, polo de agora, neste preciso sentido, un tímido e titubeante nivel de realizacións, a todas luces contrastante coas enormes diversidades estruturais do ensino nos diferentes estados membros. Pero sería non obstante imperdoable non incorporarse debidamente a estas realizacións, tal como de feito se nos ofertan a través dos

diferentes programas na actualidade existentes, e que na nosa xornada foron analizados.

A outra vertente do problema, que estivo presente tamén nas nosas preocupacións ó realiza-la xornada e ó dispoñe-la presente publicación, é o afán por adiantarnos a neutraliza-lo peligro da homoxeneización cultural que dunha Europa educativamente unida podería, a medio prazo, derivarse.

É preciso neste último sentido, non deixar de lembrar que as aspiracións á homoxeneidade cultural, realizadas a través da organización escolar, foron sempre ó longo da historia a gran teima, recalcitrantemente mantida, polos estados, como eficaz resorte de unificación política.

Faise, en consecuencia, imprescindible manterse no empeño en defende-la personalización e o diferencialismo, mesmo no intre en que camiñamos con moderado entusiasmo cara a unha máis efectiva e, por suposto, compatible realización da universalidade.

Estas nosas pretensións, que foron as que decidiron a organización da *Xornada sobre a dimensión europea da educación*, aparecen agora aquí, dirixidas ó público en xeral, na publicación que presentamos.

Angel González Fernández.

Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia.

**I - A DIMENSIÓN EUROPEA**

**DA EDUCACIÓN**

## A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS

Profesor Dr. José Luis García Garrido  
U.N.E.D. Madrid

### **Introducción**

O obxectivo fundamental do Libro verde sobre a dimensión europea da educación é buscar un soporte de reflexión que xustifique certa intervención da Unión Europea en materia educativa, pois o soporte legal xa existe a partir dos artigos 126 e 127 do Tratado de Maastricht. Non fai falla dicir que, entre os países membros da Comunidade Europea, a resistencia a unha intervención dos órganos comunitarios en temas educativos apareceron sempre como tónica constante. Os Estados europeos resistense a ceder a órganos supranacionais o que, con razón ou non, consideran ser quizais o tecido conxuntivo da súa propia anatomía en tanto que Estado-nación. Poucos países empregan xa a vella terminoloxía, antes habitual para designar ó conxunto do aparato educativo: a de "Educación Nacional", pero seguen en realidade pensando na educación con esa carga conceptual herdada do nacionalismo.

De aí as cautelas empregadas polo propio Tratado de Maastricht ó incidir neste tema. A finalidade da posible acción comunitaria ven indicada no primeiro apartado do artigo 126 con máis ben tímidas palabras: "contribuír al desarrollo de una educación de calidad". Os medios cos que os órganos comunitarios poden contar para perseguir esa finalidade tamén son expostos de tal xeito que os Estados membros non sintan ameazada a súa autonomía, e poderíamos compendialos nestes dous:

- medios que **fomenten** a cooperación entre os sistemas educativos europeos;
- medios que **apoien e completen** a tarefa de tarefa destes, no plano respecto á súa primixenia responsabilidade e liberdade e a súa diversidade cultural.

Por último, ó enumera-los tipos de "accións" que a Comunidade podería emprender, o artigo 126 do Tratado da Unión pon tamén bo coidado en non incidir en aspectos nucleares dos sistemas educativos, senón en puras actividades de acompañamento:

- “ desenvolver a dimensión europea da enseñanza, especialmente a través do aprendizaje y de la difusión de las lenguas de los Estados miembros;
- favorecer la movilidad de estudiantes y profesores, fomentando en particular el reconocimiento académico de títulos y de los períodos de estudios;
- promover la cooperación entre los centros docentes;
- incrementar el intercambio de información y de experiencias sobre las cuestiones comunes a los sistemas de formación de los Estados miembros;
- favorecer el incremento de los intercambios de jóvenes y de animadores socioeducativos;
- fomentar el desarrollo de la educación a distancia."

Neste relatorio vou a centrarme no primeiro deses campos de acción sinalados polo documento a Comunidade: o desenvolvemento da dimensión europea da educación. Será difícil abstraer este dos demais campos, posto que todos eles están bastante imbricados. En calquera caso, o meu relatorio estará fundamentalmente encamiñada a mostrar que o futuro da Unión Europea non vai a depender tanto das accións que en materia educativa poidan toma-los órganos comunitarios como das accións que deban tomar por propia iniciativa os países integrantes. Con outras palabras, a construción de Europa será posible só se os sistemas educativos europeos impoñenlla como meta fundamental e prioritaria. Quizais era nisto no que pensaba Jean Monnet cando afirmaba que, con respecto á Comunidade Europea, se houbera que empezar de novo, o mellor sería comezar non por onde se fixo (pola economía), senón pola cultura e a educación.



## **I. A contribución ó desenvolvemento da cidadanía europea**

Aínda que, como vimos máis arriba, o Tratado da Unión da vía libre ós órganos comunitarios para "desenvolve-la dimensión europea da ensinanza", eses mesmos órganos son conscientes de que non poden asumir en exclusiva ese desenvolvemento, senón que, dadas as presentes circunstancias, o seu papel non pode ser outro que o de "contribuír" ó mesmo. É xustamente nese marco de referencia no que, con atinada prudencia, se sitúa o **Libro verde**.

En concreto, antes de referirse ás accións particulares que poderían desenvolverse, o documento pon bo coidado en sinalar que calquera acción educativa debe partir do respecto pola identidade e a diversidade das persoas, e loitar contra " toda forma de chauvinismo e de xenofobia". E que é deber de todo sistema educativo educar civicamente e, polo tanto, favorece-la educación en prol dunha cidadanía europea. Cidadanía que non substitúe, senón que enriquece a cidadanía nacional de cada individuo.

A partir deses postulados, o documento cita despois algunhas accións que, emprendidas pola Comunidade, poderían ser particularmente eficaces: aprendizaxe de idiomas, proxectos transnacionais comúns, coñecemento dos demais países, intercambios transnacionais que posibiliten unha socialización a nivel continental, e coñecemento sobre a construción europea.

Pero é obvio que, incluso nestes cometidos, a acción previa, paralela e posterior dos sistemas educativos resulta imprescindible. Paréceme conveniente, por iso, dedicar algunha reflexións ós principios nos que quizais debería asentarse esa acción dos sistemas educativos.

### **A unidade de Europa, ¿un ideal ou un feito?**

Quizais polas dificultades que continuamente aparecen no camiño, acostumámonos a presenta-la unión europea como unha meta difícil de alcanzar. Corremos o risco de situar así a unidade europea como un "ideal" irrealizable, cando, como sinalaron numerosos pensadores europeos, Europa é unha realidade histórica que subxace sempre nos desmembramentos nacionais que, ó longo do tempo, foron producíndose.

Traio aquí, como único argumento, este saboroso (e clarividente) texto escrito por José Ortega y Gasset fai máis de cincuenta anos:

"... Es sumamente improbable que una sociedad, una colectividad tan madura como la que

ya forman los pueblos europeos, no ande cerca de crearse su artefacto estatal mediante el cual formalice el ejercicio del poder público europeo ya existente. ... Ha sido el realismo histórico quien me ha enseñado a ver que la unidad de Europa como sociedad no es un 'ideal', sino un hecho de muy vieja cotidianidad. Ahora bien, una vez que se ha visto esto, la probabilidad de un Estado general europeo se impone necesariamente. La ocasión que lleve súbitamente a término el proceso puede ser cualquiera: por ejemplo, la coleta de un chino que asome por los Urales o bien una sacudida del gran magma islámico".

(J. Ortega y Gasset: La rebelión de las masas, Madrid, 1932)

Temos que recoñecer que non lle faltou a Ortega espírito profético, e que as súas palabras seguen sendo hoxe de enorme actualidade. Pero sería unha pena recoñecer que só unha agresión exterior (sexa esta militar, económica ou cultural) será capaz de obrigar ós pobos europeos a organizarse dentro dunha unidade política.

Por suposto, non faltan os obstáculos que frean esa unión. Como escribiu un discípulo de Ortega, "hoy por hoy, Europa es un inmenso conjunto de ignorancias mutuas" (Julián Marías, "La unidad de Alemania", ABC 3-10-90, p.3). Se queremos que exista en breve unha verdadeira "educación europea", unha das primeiras tarefas que nos agardan é precisamente a de combater esas ignorancias.

## O "euroescepticismo" como obstáculo

O término "euroescéptico" foi tomando carta de natureza na prensa de numerosos países, estes últimos anos. Pero a el poderían acollerse cidadáns de tres tipos bastante distintos, que corresponderían máis ou menos á adopción, fronte a Europa, dunha das tres virtudes cardinais:

a) O primeiro tipo ten, ante Europa, un **problema de fe**. Son cidadáns que, sinxelamente, non cren en Europa. Pensemos que a historia das nacións europeas foi demasiado longa e creou demasiadas barreiras entre uns países e outros como para que agora poidan abaterse de repente. Máis que "euroescépticos", eu chamaríalles "euroagnósticos".

b) O segundo tipo manifesta máis ben un **problema de esperanza**. Trátase de persoas que, aínda que en teoría admiten a posibilidade e incluso o desexo de chegar a unha Europa unificada, temen que os egoísmos nacionalistas son, no continente, moito máis fortes que os desexos de unión, e que poden seguir obstaculizando a unión europea durante decenios, quizais durante séculos. Dende logo, están convencidos de que nin eles nin probablemente os seus fillos coñecerán unha Europa

politicamente unida. Quizais podería chamárselles "euroescépticos", pero eu penso que lles vai mellor o termino de "europesimistas".

c) O terceiro tipo, por último, padece de claro **desamor** pola Unión Europea. Os seus membros teñen respecto a Europa, por así dicilo, un **problema de caridade**. Non queren, no fondo da súa alma, nin oír falar da unidade dos países de Europa, porque isto rompería por completo os seus esquemas nacionalistas a ultranza e, en ocasións, poría en perigo situacións de privilexio (individuais, grupais ou nacionais) que puideron facerse realidade gracias á **desunión** europea, á competición existente entre uns e outros países. Máis que "euroescépticos", habería que chamarlles, con toda claridade, "eurofóbicos". E teño para min que, dos tres grupos que mencionei, este (o dos eurofóbicos) é quizais o máis avultado e o máis actuante.

Paréceme claro que o primeiro obxectivo da "educación europea" é non permitir que se produzan este tipo de posturas, inxectando ós cidadáns de tódolos países membros da Comunidade a oportunas doses (non excesivas tampouco) de eurocencia, eurooptimismo e eurofilia.

Non é fácil, sen embargo, determinar con precisión en que consiste ou en que deba consistir esa "educación europea" á que aspiramos. Conviría comezar cunha reflexión inicial sobre ela, antes de encara-lo outro concepto fundamental sobre o que igualmente vai a incidir este estudio: o de "civilización mundial".

## **Educación europea**

A expresión "educación europea" dista moito de empregarse nun só senso. Cando un americano, asiático ou africano din, con respecto a alguén do seu propio continente e país, que recibiu unha "educación europea", solen en verdade toma-la parte polo todo e aludir a algún concreto país de Europa (Alemania, Inglaterra, Italia, etc.) no que o seu compatriota recibiu unha parte máis ou menos importante da súa educación. Fora das fronteiras estrictamente europeas, a "educación europea" adquire un vago ton de unidade que certamente non posúe en absoluto. En educación, como en tantos outros ámbitos, o que reina en Europa é a máis completa diversidade. ¿Tratase aquí de suxeri-la necesidade ou a conveniencia dunha educación unificada dentro do vello continente ou, con outras palabras, de tender cara a unha especie de "sistema educativo europeo", substancialmente común para tódolos poboadores do continente? Non é exactamente esa a intención que anima a estas páxinas, como máis adiante se verá.

Ós propios europeos, a expresión "educación europea" acostuma suxerirnos un significado

diferente. Moitos vena como un serio intento de superar, a través da educación, os vellos antagonismos de carácter nacionalista ós que os europeos fomos certamente tan proclives ó longo, sobre todo, das dúas últimas centurias. Pero non tódolos que participan desta opinión camiñan, sen embargo, na dirección desexable; hainos que parecen buscar esa superación dos antagonismos intra-europeos a base de crear ou fomentar outros antagonismos de alcance continental, rexional ou incluso étnico. Para eles, o importante parece se-la afirmación dunha personalidade europea **fronte** a outras personalidades tales como a americana (do norte ou do sur), a asiática, a africana ou a árabe. A vez que se resaltan algúns aspectos de "o europeo" considerados positivos, esta tendencia eurocéntrica parece substentarse máis ben en considerar negativos determinados aspectos de outras unidades poboacionais.

Quizais resulte innecesario aclarar, despois destas consideracións, cal estimo se-lo correcto alcance que debe darse á expresión "educación europea". A "educación europea" debería responder en definitiva ó temor certo dun ilustre político, que dubidaba moito de que fora posible construír Europa (eu diría reconstruír Europa) sen que existan antes verdadeiros europeos. Pese a todo, temos que recoñecer que isto é o que está a punto de ocorrer. Por unha serie de avatares históricos, a integración europea brilla xa -pese ás dificultades actuais- no inmediato horizonte. Sen embargo, non chegará a ser unha realidade perdurable, segura e efectiva se os esforzos educativos de tódolos países do continente non se ordenan eficazmente á promoción de persoas que se sintan á vez "cidadáns de Europa" e "cidadáns do mundo".

### **Cidadáns dun país, cidadáns de Europa, cidadáns do mundo.**

A tentación do "eurocentrismo" -o considerar como ideal unha Europa unida **fronte a**, ou ben **por riba de**, as demais unidades continentais- pode chegar a distorsionar considerablemente os obxectivos e os contidos dunha "educación europea" digna de tal nome. En efecto, podería darse o caso de que unha Europa unida, ou uns Estados Unidos de Europa, viñeran a representar na escena mundial o protagonismo dunha superpotencia contraposta quizais a outras dúas ou tres superpotencias e, como estas, separada e allea a un Terceiro Mundo cada vez máis pobre e máis poboado.

Entendo que esta tentación, na que resulta moi fácil caer, destruíría o corazón de Europa a penas comezara a da-los primeiros latidos. Resulta difícil imaxinar a una Europa desprovista de vocación de universalidade. Polo contrario, a característica quizais máis acusada do vello continente e do seus homes foi precisamente a apertura a tódolos horizontes e a tódalas culturas. A empresa de edificar unha civilización mundial resultaría probablemente imposible se non puidera aplicarse a ela unha comunidade espiritual e cultural como a representada polo conxunto de Europa. ¿Que

outro pobo ou comunidade da terra podería atreverse a tanto, con parecidas posibilidades de éxito? Se houbera que buscar, precisamente, unha característica común sobresaínte (non o único, dende logo) entre os pobos europeos, é probable que deberamos conceder especial importancia ó talante civilizador.

Tales esforzos en prol dunha civilización mundial serían particularmente fáciles con respecto a unha parte importante do mundo: a América (Norte e Sur) descuberta fai agora cincocentos anos e que constitúe, como atinadamente escribe Julián Marías, "el otro lóbulo de la verdadera realidad en que vivimos: Occidente". Non é imaxinable, por artificial e absurdo, que puidera constituírse unha Europa unida como realidade contraposta e contraria a esa América que é, culturalmente, filla súa (sen que isto signifique menospreza-la riqueza aportada polas culturas aboríxenes precolombinas). O influxo deso que chamamos "cultura occidental" chegou, polo demais, a outros moitos confíns. É verdade que en determinadas áreas do planeta vívese un clima de aberta hostilidade ós principios e valores que determinaron o ser de Europa. Pero isto non constitúe un impedimento de raíz para o acceso a esa civilización mundial que vimos considerando, senón quizais o desafío máis transcendente ó que unha Europa unida, plural, universalista, tolerante e xenerosa ten que facer fronte, na convicción de que é este o único camiño para afianza-la paz na terra.

## **II. Mellora-la cualidade da educación e da preparación dos xóves**

O **Libro verde** leva a cabo unha consideración por separado de dous aspectos que, o meu xuízo, non deben -e probablemente non poden- separarse. Quizais a razón pola que o fai é para diferenciar accións relativas, por un lado, ós sistemas educativos organizados (nos que as autoridades comunitarias poden entrar pouco) e, polo tanto, ós xóves europeos, quizais co ánimo de inscribir directamente a estes en programas ou accións só comunitarios, ó marxe dos sistemas educativos nacionais. Dadas as estruturas hoxe existentes, que o propio Tratado de Maastricht consagra e perpetúa, esta diferenciación paréceme perigosa para o futuro mesmo da acción educativa comunitaria. Se non se quere que xurda demasiado pronto un conflito de graves consecuencias entre as autoridades educativas nacionais e as comunitarias, sería bo non ir demasiado a présa neste terreo, e contar en principio co que os sistemas educativos nacionais traballen "en dirección europea".

Farei por iso aquí unha presentación conxunta, partindo dos desafíos educativos da Europa Unida e da situación actual dos que son e van a seguir sendo os principais encargados de responder a eses desafíos: os sistemas educativos nacionais.

## 1. Desafíos educativos da Europa Unida

Non teño intención algunha de expoñer aquí tódolos numerosos desafíos que probablemente se enfrontan hoxe á unidade de Europa. Os tres que estou amosando aquí parécenme, sen embargo, completamente claves para cobrar suficiente consciencia do que se nos pide hoxe ós europeos. Comecemos facendo unha reflexión sobre cada un deles.

### O desafío profesional

Seguramente estamos vendo xa algunhas consecuencias do establecemento do mercado europeo único, xa legalmente ultimado. Seguramente estamos xa observando como medra a presenza de empresas de todo tipo procedentes de outros países da Comunidade, empresas de servizos, de alimentación, de servizos postais, de xardinería, de ferramentas, etc. Aínda que estamos nos primeiros pasos desta operación, podemos facilmente correxi-lo que vai a ocorrer de aquí a poucos anos.

En tódalas ramas da produción de dos servizos, vainos a facer falta conseguir para nos, e moi especialmente para os nosos fillos, unha capacidade profesional que saiba facer fronte á competencia, cada vez máis apremiante, dos profesionais de outros países europeos. España, como moi poucos outros países, é e foi sempre un país enormemente atractivo, no que á xente lle gusta vivir, por razóns moi variadas, de clima, de nivel de vida, de riqueza cultural, de posición xeográfica dentro de Europa, etc. Moitos europeos ben preparados pensarán en España como un lugar ideal para establecerse. O meu modo de ver, está claro que non é agora o momento de cerra-las portas ós demais (persoalmente penso que isto, antes como agora, foi sempre improductivo), senón de preparar ós de dentro para que poidan competir ventaxosamente cos demais e non ser desaloxados do seu propio país polas circunstancias cambiantes do emprego. A formación profesional en senso amplo (é dicir: a que leva ó exercicio de profesións concretas de calquera nivel) deben recibir un forte alento, en España como en outros países.

A mobilidade profesional implica ó mesmo tempo unha forte doses de mobilidade familiar. Os profesionais, os traballadores, non soen trasladarse en solitario, senón cunha familia. Se, por exemplo, un alemán ou un inglés consegue un emprego en España, fará todo o posible por que a súa esposa consiga outro no mesmo lugar, e esixirá á vez a escolarización en España dos seus fillos, en centros públicos ou privados. Se se avexaña, como parece ser o caso, unha época de mobilidade familiar, os sistemas escolares teñen que estar preparados para proporcionar a esta o substrato cuantitativo e cualitativo necesario. Non se trata só de amplia-las prazas escolares, senón prazas

pensadas en función de persoas pertencentes a outros ámbitos lingüísticos e culturais e a outras costumes.

Por último, pensemos non só na mobilidade do emprego, senón na mobilidade que provoca tamén o desemprego. España ten nestes momentos un montón de xente desempregada; máis do 21% da poboación activa en situación de desemprego. Pero pensemos tamén en outros países, onde as taxas son quizais menores, pero non insignificantes. Tamén os desempregados van a te-la tentación -xa a están tendo- de aproveitar a súa difícil situación para trasladarse a outro país e procurarse alí, se non un emprego, se alomenos unha maneira de aproveitar mellor o tempo, aprendendo quizais un idioma, un novo oficio, ou sinxelamente tomando o sol que non teñen no seu país. Algúns países como España e outros do sur de Europa, poden ser especialmente atractivos para os desempregados. É evidente que estas "migracións de desempregados" necesitan encontrar un eco nos nosos sistemas de formación. Mala cousa sería aceptar que estes visitantes dedicásense a non facer absolutamente nada máis que vexetar e, previsiblemente, a enrarecer aínda máis o clima social dos nosos respectivos países.

### **O desafío cultural**

Pero a parte do desafío profesional, a construción europea non vai poder ser feita sen un gran esforzo de carácter netamente cultural. Recordemos a frase de Julián Marías, citada anteriormente. A todos nos pode molestar que os estranxeiros non saiban cousas elementais do noso propio país, dende o nome dunha importante cidade ata o nome dun pintor ou un literato importante. Pero sexamos xustos e pensemos tamén cantas cousas ignoramos de outros países europeos, a causa da nosa indiferencia ou incluso dos nosos prexuízos. Indiferencia e prexuízos que, en gran parte, foron alimentados polas nosas escolas.

O peor do caso é o moito que nos perdemos, culturalmente falando, con este proceder. A riqueza e a variedade de Europa é admirable. Eu non sei por que non sinto como miñas as obras de Victor Hugo ou as de Tolstoi, as de Milton igual que as de Petrarca. Non sei por que debo considerar "estranxeiros" monumentos tales como a igrexa de San Marcos, en Venecia, a Torre de Londres, a sétima sinfonía de Beethoven ou os "girasoles" de Van Gogh. É xa hora de que non opoñamos cada unha das nosas "culturas nacionais" a esa marabillosa e rica "cultura europea", na que a contribución española foi tan enormemente importante, ó igual que a francesa, a alemana, a inglesa, a italiana e outras.

Por si fora pouco, a realidade en que vivimos inmersos impúxonos hoxe, de feito, a

obligación de comprender tamén de forma adecuada, positiva e aberta a outras culturas en principio extraeuropeas, nacidas fora e a veces incluso en contra do que foi o espírito cultural europeo. En case tódolos países de Europa, o número dos cidadáns non-europeos non fixo máis que aumentar? é un fenómeno que se observa hoxe especialmente nas grandes cidades, como París, Londres, Berlín, Roma ou Madrid, pero que sen dúbida afectará igualmente, sen tardar moito, a núcleos urbanos máis pequenos e incluso a núcleos rurais. Vin non fai moito nun diario de gran tirada un chiste gráfico no que se vía o mapa de África e, dentro del, unha gran masa de xente apiñada; debaixo do mapa incluíase a seguinte frase: "¡Queremos ser parados en Europa!". Seguramente, a política que propiciaron os gobernos europeos nas pasadas décadas non foi correcta neste punto: seguramente nos faltou xenerosidade para solucionar os problemas do Terceiro Mundo no seno dos propios países. Pero a realidade é que agora temos tamén entre nos a moitos cidadáns extraeuropeos a quen temos que comprender e axudar a que nos comprendan. A través das diversas formas de educación multicultural ou intercultural, as nosas escolas teñen tamén que encontra-la forma de resolver os problemas de marxinação que a miúdo padecen estes sectores sociais.

En resumidas contas, a escola ten que converterse duna vez por todas nun factor de comprensión cultural, cando a realidade é que é máis ben, hoxe por hoxe, un factor de incomprensión cultural. Os plans de estudos da ensinanza xeral, primaria e secundaria, están aínda cheos de prexuízos. A ensinanza da historia é un exemplo que non ofrece lugar a dúbidas. Non sei como se refiren os textos escolares de historia, en Francia ou en Inglaterra, a eso que os alemáns chaman "as migracións dos pobos", esas que ocasionaron, entre outras cousas, a caída do Imperio Romano. En España, a tales "migracións dos pobos" denominámolas "invasións bárbaras". É sinxelamente un exemplo, entre outros moitos que poderían poñerse, referidos a épocas distintas da historia de Europa. Bertrand Russell veu este asunto con gran lucidez fai xa moitos anos (1922):

"Todos los ministros de educación del mundo saben que los manuales con los que se enseña la historia a los niños son deliberadamente falsos a causa de los prejuicios patrióticos. Pero si es verdad que la historia que se enseña es falsa, eso no es lo peor, lo que es verdaderamente malo es que esa falsedad hace a las guerras más probables... Si se enseñase la misma historia a los niños de todos los países civilizados, las naciones se odiarían menos entre sí".

Non quixera esaxerar, pero é probable que unha gran parte dos horrores que estamos observando en países como a antiga Iugoslavia non sexan axenos ó proceder tradicional das súas escolas e de outros influxos de carácter educacional. Non sería a primeira vez que a escola fomentara abertamente o nacionalismo: xa ocorreu na Alemania nazi, e, con distintos matices, en determinados enclaves protexidos por réximes comunistas.



Por suposto, hai outros ámbitos da ensinanza nos cales a escola tería que facer moito máis do que fai. Por exemplo, a ensinanza das linguas estivo xeralmente mal exposta en case tódolos países, cando a realidade é que se trata de algo fundamental para procurar esa comprensión entre os pobos que nos é tan necesaria. Referíndose en concreto ás linguas de Europa, así escribía non fai moito en **La voix des parents** F. Monnanteuil:

"La lengua de un pueblo es la marca de su identidad, que ese pueblo protege con la mayor energía. El conocimiento de las lenguas de nuestros vecinos es por tanto una forma de apertura cultura indispensable para la construcción europea".

### **O desafío institucional**

Os plans de estudos non fan máis que reflexar unha realidade moito máis profunda: a enorme diversidade que se prezan de manifestar hoxe en Europa os sistemas educativos e as institucións escolares. A pregunta reflexeina do seguinte modo: ¿Pode construírse unha Europa unida sobre a base da diversidade que hoxe teñen os seus sistemas escolares?

A esa pregunta normalmente responde que sí con demasiada facilidade, pensando que é moi importante conserva-la rica pluralidade das culturas europeas, e dando por suposto que, para isto, hai que preservar tamén a diversidade dos sistemas educativos. Na miña modesta opinión, aínda que se conserven en gran parte ámbalas cousas, pode e debe facerse moito máis para que a diversidade dos sistemas e das institucións escolares non segan propiciando, como ata agora, a incompreensión e a conservación das barreiras burocráticas. Hai que facer un esforzo de imaxinación para conseguir armoniza-la necesaria pluralidade coa imprescindible unidade en algúns criterios fundamentais.

Penso que, en este terreo, pode ser de proveito ós dirixentes europeos considera-lo caso dos sistemas educativos vixentes nos Estados Unidos, é dicir, en cada un dos seus Estados. É verdade que a xéneses deses sistemas educativos é moi diferente, e máis moderna, que a dos sistemas educativos europeos. Pero tampouco convén esaxerar este punto. A realidade é que, nos Estados Unidos de hoxe, o ámbito escolar non é ningún obstáculo para a transferencia de alumnos e de profesores entre os diferentes Estados, e que en todos eles foi posible compaxinar criterios de diversificación con outros de unidade. Quizais alguén pense que isto foi así gracias a sacrificar unhas esixencias mínimas de cualidade. Non é ese o meu punto de vista.

## 2. A SITUACIÓN DE FEITO

Unha análise elemental da situación en que se atopan hoxe os sistemas educativos europeos descubre, case a primeira vista, a realidade das tres cuestións que expoño a continuación.

### **A oclusión dos sistemas escolares europeos**

Que os sistemas educativos europeos son sistemas pechados en sí mesmos, construídos a miúdo en contraposición ós propios dos países veciños, é algo que salta á vista, sobre todo cando un desexa transitar entre eles. Un coñecido comparatista inglés explicou dunha forma breve e clara a principal razón de fondo:

"La educación constituye siempre un negocio inacabado, y en las presentes circunstancias europeas lo es mucho más de lo que nuestros heredados sistemas nacionales hayan podido alguna vez imaginar. Fueron ellos concebidos como mecanismos para la perpetuación de un estilo nacional concreto, o para preparar a grupos determinados de gente con vistas a futuros previsibles en también previsibles circunstancias. Todos estos presupuestos carecen hoy de sentido". (Edmund King, 1979).

A aventura de enviar un fillo a estudar en outro país europeo só a coñecen ben quen a comprendeu. A non ser que se trate de pequenos períodos de tempo, e de contactos case informais entre as partes interesadas, as dificultades son tantas que desaconsellan, na práctica, a aventura. Por exemplo, se o que se desexa é que un fillo pase un curso enteiro en outro país, poñamos por caso Alemania, ou España, o risco de que teña que repetir íntegro ese curso (ano escolar) é máis que probable. O ton que empregan as autoridades do país e as publicacións oficiais normalmente é todo o contrario de atractivo. Vexamos, por exemplo, o que di o boletín do CIDJ (Centre d'Information et de Documentation Jeneusse), de Francia, a propósito de quen desexa ir a Francia a realizar estudos profesionais de calquera nivel:

"Il est fortement déconseillé aux étrangers qui non pas de diplôme équivalent au baccalauréat français, exigé par les établissements, de venir faire des études en France. Les établissements privés n'ont pas toujours cette exigence, mais nous mettons en garde les jeunes étrangers: certains ont des frais de scolarité parfois très élevés, que ne justifie pas toujours la qualité de la formation assurée. L'école privée dans laquelle on s'inscrit doit obligatoirement être agréée par le rectorat d'académie" (CIDJ, octobre 1991).

Puxen un exemplo relativo a Francia, pero o mesmo podería ser dito de calquera outro país

Europeo. Os franceses encontran en outros países as mesmas dificultades que se empeñan en manter en Francia para os non franceses.

Unha vez máis, o caso dos Estados Unidos ven rapidamente á cabeza. Cada ano, un verdadeiro montón de estudantes europeos (dende a ensinanza primaria ata a universidade) trasládase ós Estados Unidos para realizar alí os seus estudos durante un ano ou máis. ¿Por que? A niveis non universitarios, a razón fundamental non é a maior cualidade dos estudos e a rapidez e eficacia das xestións. Os sistemas educativos e as institucións educativas dos Estados Unidos son, sen dúbida algunha, moito máis abertas que as europeas. Algunhas teñen fama de esixir demasiado pouco, en materia de formación intelectual, pero isto non corresponde exactamente á realidade, sempre que os estudantes europeos sexan responsables e estean dispostos a utilizar ben o seu tempo.

O exclusivismo e a falla de flexibilidade constitúen, como escribín no resume, as características comúns da educación en Europa.

¿Por que tanto exclusivismo e tanta inflexibilidade? ¿É tan distinto o que ensinan as escolas nun e outro país? Non o creo. Oín unha vez a alguén unha frase que me fixo pensar: dixo que había no mundo, ó longo de toda a historia, e ó ancho de toda a terra, dúas institucións que se parecían moitísimo en tódolos períodos e en tódolos lugares: o exercito e a escola. Non hai nada máis parecido a un militar, sexa do Imperio Romano, da India actual ou de Italia, que outro militar, sexa de onde sexa. Nin nada tan parecido a unha escola como outra escola, radíquese onde se radique. Se nos atemos ós límites da nosa pequena Europa, esta apreciación resulta aínda máis evidente.

### **Algunhas diferencias de exposición.**

E sen embargo, o que en principio se nos, en forma de obstáculos as veces case insalvables, son algunhas diferencias como estas:

. Mentres determinados países, como Francia ou Italia, mostran unha estrutura escolar sumamente centralizada, coas decisións tomadas na capital, en outros países como Alemania ou o Reino Unido un encontrase con estruturas escolares descentralizadas, dependentes dos Estados ou dos distritos. Estamos centralizados, rexionalizados e descentralizados.

. Mentres determinados países teñen dez anos de escolaridade obrigatoria (Francia e agora España, por exemplo), outros teñen só oito (Italia) ou esixen 11 (como Inglaterra ou Holanda).

. Mentres na maior parte dos países se inicia a escolaridade obrigatoria ós 6 anos de idade, en algúns comezase un ano antes (Inglaterra, Holanda) ou un ano despois (Dinamarca). E mentres en algúns países acabase a ensinanza secundaria ós 18 ano (Francia e a maioría), en outros (Alemania, Italia) acabase ós 19.

. Mentres uns países aplican o criterio de proporcionar ós alumnos unha educación secundaria inferior substancialmente igual e común para todos eles (é o que fai o **collège** en Francia), outros países (como Alemania) teñen previstos establecementos diferentes para os nenos a partir dos dez anos de idade, en función dos estudos que despois desexan seguir.

. Mentres uns países estruturan cada nivel de ensinanza en ciclos determinados de dous anos, outros fannos en ciclos de tres ou máis.

. Mentres uns países esixen exames de ingreso na universidade, outros non os esixen.

. Mentres en algúns países os profesores se forman dun modo, en determinadas institucións, en outros fórmanse de outro modo.

Son moitas máis as diferencias que poderíamos traer a colación. Pero non creo que sexa necesario. As mencionadas bastan para decatarse da complexidade de situacións existentes, e bastan tamén para converter ás escolar en obstáculos de cara ós estudantes de outros países.

### **Incoherencias dos sistemas educativos**

Ocorre ademais que as escolas están, en todas partes, sometidas a unha crítica considerable, porque os seus resultados non son os que se esperaban de elas. Como é sabido, o influxo da escola está hoxe en día moi amortecido por outros importantes influxos. O sistema escolar é só unha parte, e non a maior, do sistema educativo, do que forman parte igualmente as familias, os medios de comunicación social, a publicidade, as igrexas, o poder político e outras (moitas) institucións sociais.

Non teño agora tempo de examinar con detalle como inflúen cada un destes axentes na educación, senón só de resaltar que os efectos producidos por eles son frecuentemente de natureza contraria á da escola, neutralizando a acción escolar ou creando contradicións patentes na formación dos nenos. Sabemos ben as dificultades polas que atravesa a familia en case tódolos países europeos, e os escasísimos apoios que encontra na súa labor educativa. Sabemos igualmente que, a través de campañas de prensa ou de televisión, o que a escola ou a igrexa intentan sementar por un

lado, ven arrancado de raíz polo outro. Curiosamente, **neste punto se parece existir unha liña parecida de criterio en tódolos países europeos**. As escolas, mentas tanto, seguen padecendo unha incomunicación extrema.

### III. Sete teses sobre a construción dunha nova Educación Europea

Vou a resumir en sete puntos algúns elementos que considero claves para a construción de Europa dende unha óptica educacional. Por suposto, vou a deixar fora deles outros elementos tamén fundamentais; non pretendo, de ningunha forma, ser exhaustivo, nin tampouco particularmente orixinal. Creo, sen embargo, que se trata de puntos de gran importancia estratéxica, aplicables a tódolos países que compoñen e compoñerán no futuro a Unión Europea (incluído o noso).

1. Habería que esixir a tódolos sistemas educativos comunitarios o mesmo esforzo que parecen estar realizando os fabricantes de ordenadores persoais e de software informático: o da plena **compatibilidade** entre uns sistemas e outros. Aspirar, como algúns postulan, á construción dun único sistema educativo europeo como o medio máis idóneo de asegura-la mobilidade dos profesionais e das familias dentro de Europa, podería resultar, ademais de conflictivo, moi prexudicial para a preservación da riqueza cultural europea. A unidade de Europa non ten por que esixi-la unificación dos sistemas educativos. Pero tampouco pode facerse sen operar en eles os cambios necesarios para que resulten plenamente compatibles nos tipos de formación e nas titulacións referentes a graos académicos e capacitación profesional. Hai que elimina-los numerosos e innecesarios **particularismos** que separan entre sí ós sistemas educativos europeos, como forma eficaz de evitar máis tarde outros particularismos que obstrúen a causa da unidade no seu conxunto. Un neno ou un xóven de calquera país europeo debería poder transitar libremente entre escolas de países diferentes, sen máis limitacións que as que lle imponhan a súa idade, a súa capacidade lingüística e un nivel de suficiente formación previa establecido con carácter xeral e mente aberta, sen prexuizos culturais.

2. Habería que levar a cabo unha reforma profunda dos obxectivos, contidos e métodos de aprendizaxe de linguas estranxeiras en tódolos países comunitarios. Os resultados obtidos en todos eles demostran unha presentación viciada de raíz, que é posible e necesario cambiar. Unha maior dedicación horaria ás linguas, a utilización de recursos informáticos e audiovisuais, a organización individualizada do aprendizaxe, a constitución de grupos de clase moitos máis pequenos en número de alumnos, a asignación de profesorado suficientemente preparado e motivado, a diversificación lingüística dos manuais escolares e outros libros de lectura e consulta, a permanencia temporal de alumnos e de profesores en escolas ou en actividades laborais ou recreativas de outros países, etc.,

son metas ás que se alude frecuentemente, pero que están lonxe de ter sido alcanzadas en parte algunha. Ó término da escolaridade obrigatoria, todo xove europeo debería estar en disposición de entender e expresarse suficientemente en, alomenos, unha lingua europea distinta á do seu país (ou ás do seu país, no caso de que este practique fórmulas de bilingüismo). Isto non é un obxectivo imposible. A el poderían e deberían colaborar tamén os medios de comunicación social, particularmente a televisión, facilitando a emisión de programas atractivos en linguas diferentes.

3. Habería que levar a cabo unha reforma en profundidade dos obxectivos, contidos e métodos dos estudos sociais, e moi particularmente da historia. Recordemos a dura advertencia de Bertrand Russell, citada antes. Teríamos que comezar por aplicar rigorosamente esta teses ós países membros da Comunidade Europea. Urxe a creación de equipos internacionais que elaboren textos de historia europea con gran respecto cara ás realizacións de cada país, pero coa mirada posta nas numerosas realizacións conxuntas, nos movementos culturais que, baixo formas diferentes, foron aflorando, un tras outro, en tódolos países europeos, etc. Algo parecido habería que intentar tamén en outras ramas dos estudos sociais, como a xeografía, a socioloxía e a educación cívica.

4. É necesario emprender unha campaña que devolva ós valores espirituais, morais e cívicos o papel de primeiro plano que lles corresponde na educación dos cidadáns, tanto no ámbito escolar como en outros ámbitos igualmente decisivos en materia de educación (familia, entorno comunitario, medios de comunicación social, etc.). Gran parte da mellor historia europea xirou, precisamente, en torno á configuración, xustificación racional, promoción e defensa deses valores, que agora, por influxo do materialismo, o relativismo e do utilitarismo, levan xa tempo en decadencia. Reparemos nas máis importantes lacras da Europa de hoxe, tales como a corrupción política, a desmoralización da sociedade, a ausencia ou a pobreza dos modelos persoais presentados ós xóves como tales modelos, dignos de ser imitados, a obsesión polo consumo e o diñeiro, os rebotes de xenofobia e racismo, o progreso da drogadicción e de enfermidades vinculadas a determinados hábitos sociais, a falla de sensibilidade cara a dramas humanos tan pretos como a guerra balcánica ou tan preocupantes como a insostible situación de algúns países do Terceiro Mundo, etc. O peor e o máis inexplicable de todo isto é que moitos de quen din reflexionar sobre estes males non admiten, nin sequera como hipótese, a súa posible vinculación coa decadencia de valores que vive Europa. En contra desa actitude abrupta e absolutista (practicada, curiosamente, en nome do relativismo ético e cultural), reconquista-la primacía dos valores espirituais, morais e cívicos pode resultar decisivo non só na construción dunha Europa unida, senón na rexeneración do enteiro tecido social europeo.

5. Ó meu modo de ver, unha canle que pode resultar particularmente interesante de cara á creación de actitudes favorables á unidade de Europa, e que máis tarde podería ter tamén un influxo

decisivo no aparato escolar no seu conxunto, é o da chamada "educación non-formal" ou, en terminoloxía ó meu modo máis adecuada, "educación aberta". Trátase, en definitiva, de todo ese conxunto de accións educativas que non se orientan necesariamente á adquisición de diplomas ou títulos oficiais e que se organizan de forma aberta, con horarios flexibles, con metodoloxías que non implican necesariamente a asistencia a clase, etc. En tódolos países europeos, as institucións deste tipo coñeceron un incremento moi considerable durante estes últimos decenios, en forma de "universidades abertas", "aulas para a terceira idade", cursos por televisión, ensinanza a través de ordenador, etc. De feito, o Tratado de Maastricht intuía acertadamente a enorme virtualidade destas formas de educación non convencional, ó facer unha clara referencia á "educación a distancia" como campo no que podería incidir particularmente a acción da Comunidade. Ó meu modo de ver, sen embargo, sería necesario non quedarse en ese concepto de "educación a distancia", senón transcendelo cara a tódalas formas de educación aberta ou non-formal.

6. É necesario que os organismos e as persoas que asumen a responsabilidade en materia educativa dentro da Unión europea teñan unha visión completamente nova, non supranacionalista, non intervencionista, verdadeiramente subsidiaria e animadora a cerca do que debería ser a tarefa educativa da Unión. É de temer a permanencia, en moitos funcionarios internacionais, dos vellos **esquemas nacionalistas** á hora de interpretar a súa propia labor. Os Estados viron con razón que a construción dun "sistema educativo europeo" podería significar un perigo de pervivencia para a diversidade de culturas e estilos de vida. Todo depende do que se incluía nese amplo concepto de "sistema educativo europeo", sen dúbida. Pero, dada a mentalidade aínda imperante entre nos mesmo, cidadáns de Europa, o mellor sería que a Unión non intentara construílo.

7. Por último, é necesario dotar á unidade europea dun atractivo **proxecto de futuro**, que non se limite simplemente a conseguirla concordia interna, o benestar material intraeuropeo ou incluso esa rexeneración do tecido social mediante a restauración e o cultivo dos valores. A unidade europea carecerá dunha base sólida se non consegue proxectarse no espazo e no tempo. Entendo que o proxecto máis apaixonante que podería adoptarse, en plena coherencia co que foi a vocación plurisecular de Europa, é o de **liderar un proceso de civilización mundial, planetaria**, que abocase nunha unidade estable de tódolos países da terra, do xénero humano no seu conxunto. A unidade de Europa estaría así orientada á unidade do mundo, en vez de ser un factor de diferenciación con respecto a outros continentes ou rexións da terra. Dubido moito, por outra parte, de que se non é Europa a que en principio lidera este necesario proxecto haxa algún outro país capaz de facelo. O que non exclúe que outros países poidan tamén incorporarse á empresa. En calquera caso, é obvio que este empeño de civilización mundial implica necesariamente o recoñecemento e aprecio dos valores culturais existentes en tódolos países da terra, e non, en modo algún, un intento de europeización do globo terráqueo. Trátase, sen dúbida, dun proxecto que entraña numerosas

dificultades, incluso non poucas delas de natureza conceptual. Pero ¿que proxecto ambicioso non as entraña?

Non me parece necesario insistir no moito que afectaría, un proxecto desta natureza, ós sistemas educativos europeos. Daríalles sobre todo a posibilidade de transcende-la visión da unidade europea como unha meta mercantilista, utilitaria, obsesionada coa formación dos seus propios recursos humanos e con unha utilización exclusivista, escasamente xenerosa, das súas institucións. Daríalles, en definitiva, a mellor arma para loitar contra as tendencias particularistas e aislacionistas que, pese ás proclamas de europeísmo, seguen estando profundamente arraigadas nos nosos países.



## BIBLIOGRAFÍA

**Actualidad Europa**, Cuaderniño interior da revista **Actualidad docente**, CECE, setembro 1993 - setembro 1994.

Comisión das Comunidades Europeas: **Libro verde sobre a dimensión europea através da educación**. 29 de setembro de 1993.

De Rougemont, D.: **Vingt-huit siècles d'Europe. La conscience européenne à travers les textes, d'Hésiode à nos jours**. París, Payot, 1961.

Furter, P.: **Les espaces de la formation**. Lousanne, Presses Polytechniques Romandes, 1983.

García Garrido, J.L.: **Reformas educativas en Europa**. Madrid, ITE, 1994.

García Garrido, J.L.: **Sistemas educativos de hoy**. Madrid, Dykinson, 1993

King, E.: **Other schools and ours**. London, Holt, Rinehart and Winston, 1979.

Le Thành Khôi: **L'education: cultures et sociétés**. París. Publications de La Sorbonne, 1991.

Leclercq, J.M. et Rault, C.: **Les systèmes éducatifs en Europe: vers un espace communautaire?**. París, La Documentation Française, 1989.

Marías, J.: **"La unidade de Alemania"**. ABC 3-10-90, p. 3.

Monnanteuil, F.: **"La connaissance des langues et la construction européenne"**, La voix des parents, outubro 1992.

Neave, G.: **La Comunidad Europea y la Educación**. Madrid, Forum universidad-empresa, 1987.

Oricio, B.: **Educare all'Europa**. Milano, Vita e Pensiero, 1979.

Ortega y Gasset, J.: **La rebelión de las moscas**. Madrid, 1932

Russell, B.: **Perspectivas de la civilización industrial**. Buenos Aires, Aguilar, 1962.

Schneider, F.: **Educación Europea**. Barcelona, Herder, 1963

**Tratado da Unión Europea**, Maastricht, 7 de febreiro de 1992.

## **POLÍTICA EDUCATIVA EN EUROPA: AXENTES, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS**

Agustín Requejo Osorio  
CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA  
(Universidade de Santiago de Compostela)

### **INTRODUCCIÓN: Contextualización da política educativa en Europa**

O denominado "Libro Verde" sobre "A dimensión europea da Educación" que publica a Comisión das Comunidades Europeas supón dalgunha maneira un paso adiante despois das "luces e sombras" que proxectou o tratado de Maastricht.

Se este tratado era unha aposta pola evolución hacia unha unión europea - contradictoria e con serios déficit políticos- o "Libro Verde" é tamén un pulo limitado por aumentar o interese e a cooperación nos temas educativos.

Despois de Maastricht esperábase un afondamento nos asuntos educativos coa intención de configurar unha política educativa común. Sen embargo as ideas que se suxiren son de respaldo e incremento a accións de cooperación levadas a cabo nos últimos anos.

Esta limitación, en principio, ten que ver con dúas situacións diferentes: a) o avance, anque lento, do interese polos educativos.; b) as dificultades que ofertan os propios sistemas educativos para deseñar unha política común desde perspectivas históricas de diverxencia e desde problemas político-culturais derivados do pluralismo sociocultural e educativo de cada un dos países.

Unha rápida análise da primeira situación nolo indica a propia historia das cuestións educativas en Europa. Nesta propia historia podemos destacar tres momentos importantes.

## **1º Momento de incertidume e desinterese por temas socioeducativos ata 1976**

En efecto, o tema educativo no seu conxunto non foi parte das preocupacións e primeiras institucións comunitarias derivadas do Tratado de Roma. Salvo algunhas decisións en 1.963 sobre a Formación Profesional, considerada máis directamente desde a perspectiva laboral, hai que esperar a 1.971 cando por primeira vez se fala da necesidade de establecer mecanismos de cooperación no tema educativo con motivo da primeira conferencia de Ministros da Educación dos entóns seis países europeos.

Este retraso na abordaxe das cuestións é produto dun dobre problema:

- cómo conxuga-la soberanía dos estados membros nun tema tan complexo coma o educativo.
- cómo establecer obxetivos precisos : ¿cooperación ou harmonización dos sistemas tan diversos na súa historia e traxectoria actual?.

## **2º Momento de transición : 1.976 - 1.986**

Este decenio inicia a posta en acción de determinadas liñas de traballo, entre as máis importantes: os programas de "transición dos xoves á vida activa"; os problemas de escolarización dos fillos dos emigrantes; a formación en alternancia e sobre todo a creación da rede de información e documentación EURYDICE (1.980).

O inicio dunha mellor información e coñecemento dos propios sistemas educativos marca un paso adiante na cooperación.

Seá en 1.985 cando, con motivo do Informe do Comité para a Europa dos Cidadáns (Informe Adonnino), se empece a tratar de ofertar unha nova imaxe de Europa para precisamente paliar-la outra imaxe imperante de "tecnocracia" ou de "eurocracia".

Xorde aquí, por primeira vez, a idea de dotar á educación nesta Europa dos cidadáns dunha "dimensión europea" que promova a través da educación unha nova idea de Europa. Declárase o 9 de maio como "Día de Europa".

A sinatura da ACTA ÚNICA en 1.986 supón un breve pero excaso pulo para o terreo educativo polo conxunto de parques acordos no ámbito social.

## **3º Momento O desenvolvemento de programas : a partires de 1.986**

Este terceiro momento coincide coa incorporación de España e Portugal á Comunidade e ten como punto de referencia o desenvolvemento da maioría dos programas

existentes. Entre eles están COMMET, ERASMUS, PETRA, DELTA, LINGUA, TEMPUS, ARIÓN EUROTENET, IRIS, JUVENTUD EN EUROPA etc. Neste momento son máis de 20 os diversos programas que se están a desenvolver , algúns deles en fase de aprobación e/ou substitución dos anteriores (SOCRATES, LEONARDO...).

O desenvolvemento destes programas vai supor unha revisión da política anterior que culminará en 1.989 coa reorganización da Comisión para asuntos educativos que se fai depender dunha "TASK\_FORCE" denominada "Recursos humanos, educación, formación e xuventude".

Esta breve historia do lento avance das cuestións educativas no marco europeo ten a súa razón de ser na segunda cuestión anteriormente sinalada: ¿ É posible unha Europa "da educación".

Dificultades a favor e en contra estiveron debatíndose estes anos. No primeiro caso e desde a perspectiva máis favorable, parece necesario educar para a "cidadanía europea" e neste sentido é necesario poñer de relevo a unidade europea no lugar de mante-las pasadas rivalidades nacionais históricas.

Para iso resulta imprescindible:

- "facer unha versión nova da historia europea" ó mesmo tempo que é necesario un axeitado entendemento da política europea e non reduci-la participación europea á simple elección dun parlamento europeo".

- É urxente potenciar un "ensino sobre Europa".

- É necesario, coas súas dificultades, desenvolver proxectos culturais europeos que a través dos medios de comunicación expresen unha nova visión de Europa.

No segundo caso máis crítico, a dificultade principal está na propia historia e diverxencia dos sistemas educativos que xorden no século XIX cun carácter nacional (instrumento de concienciación dos cidadáns dos máis antigos e novos estados europeos que se configuran neste momento) e cunha orientación económica. Cada estado prepara o seu "capital humano" no contexto da propia revolución industrial deste século.

Desde esta perspectiva algúns consideran que detrás de toda política educativa están as presións da "renacionalización" desde abaixo e desde a "desnacionalización" desde arriba (Guy Neave, 1.989).

En todo este contexto, non é de extrañar que o avance da "dimensión europea" teña unhas "posibilidades": información, intercambios, programas, recoñecemento de títulos universitarios.

Pero teña tamén uns "límites": a diversidade dos propios sistemas educativos nacionais e sobre todo a nivel político- polo momento- o respecto ó principio de subsidiariedade. É dicir, a subordinación das accións comunitarias en educación ás prioridades que establezane ás actuacións que levan a cabo os estados membros.

Todo isto indícanos que, no tema da Educación, existe un camiño aberto, pero que ese camiño é estreito, limitado. Por el circulan unha serie de iniciativas importantes, pero ¿hacia donde nos levarán?

## **II.-AXENTES, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS.**

O denominado " Libro Verde " non se contenta con aclarar brevemente o novo contexto lexislativo derivado do artigo 126 do Tratado de Maastricht e en consecuencia plantexa-los grandes obxetivos da dimensión europea. Nun marco moito máis concreto e operativo dedica a súa terceira parte a reflexionar e sinala-los "axentes, estratexias e instrumentos" que poden ir construíndo a "dimensión europea" hacia a que se aspira.

Desde esta dimensión, o centro educativo é o punto de referencia importante para avanzar neste sentido. É concebido, en sí mesmo como un lugar de regulación dos recursos existentes no que interactúan un gran número de protagonistas (alumnos, mestre, pais, colectivos locais); é ó mesmo tempo unha organización que pode actuar ó servizo do contorno co que mantén relacións dinámicas e de interdependencia.

Polo tanto, o centro escolar non só é un lugar dunha acción educativa intracentro senón tamén o espazo para unha acción comunitaria local, nacional, internacional. Esta acción comunitaria para que teña significación europea debe partir dos seguintes eixos fundamentais: a cooperación mediante a mobilidade e os intercambios; a formación do profesorado e demais persoal docente; o incremento do ensino de idiomas; o ensino a distancia e a contribución dos sistemas multimedia; o fomento da innovación pedagóxica; o intercambio de información e de experiencia; a experiencia das escolas europeas.

Unha breve análise agrupada por temáticas de cada un destes eixos, levaranos a considera-la realidade e o desexo, o feito e o que queda por facer.

O Libro Verde en todo caso é un texto propositivo cun obxectivo claro: promov-la dimensión europea. Pero a iniciativa pasa fundamentalmentepolos centros, polos cidadáns, pola comunidade educativa.

### **2.1.- Cooperación mediante a mobilidade e os intercambios.**

Para a política comunitariaeuropea os intercambios, sobre todo nas novas xeneracións, teñen un sentido e un obxectivo de tomar unha conciencia máis profunda e real da " Europa dos cidadáns" paso previo e importante para incidir nesta dimensión europeada educación.

De aí que os programas "estrelas" da comunidade foran os que se dirixiron ó intercambio de xóvenes tanto desde a perspectiva "académica" (estudantes nos seus diversos

"niveis") como das perspectivas dos xóvenes traballadores.

Programas como Erasmus, Língua, Petra, ou a "Xuventude en Europa" etc... son un punto de referencia para reform-lo sentimento de identidade europea e prepararás novas xeneracións tanto no desenvolvemento económico, social coma cultural da xuventude.

No caso do proxecto Erasmus na súa continuación (bienio 1.991-92) a participación de xóvenes afectou a 73.000 estudantes e como característica xeral detectouse:

- o aumento de carácter plurilateral que afecta a varias universidades.
- o aumento da participación das Unidades (Departamentos, Facultades) nun 20% máis que o ano 1990.
- o aumento da participación en disciplinas como a formación de ensinantes(25%) e ciencias humanas (18%).

E como dicía o escrito Umberto Eco, a mellor contribución a Europa, mais alá das razóns académicas ou laborais, son as relacións humanas. O mellor que pode suceder, expresaba en tono xocoso, é que máis alá dos intercambios académicos se multiplican os vínculos afectivos a través de xóvenes matrimonios de diversas nacionalidades. Tal vez entón a Europa dos encontros humanos poida ser un instrumento que axude tamén a avanzar nesa dirección da "dimensión europea" incluso moito máis de prisa que as medidas e consideracións técnicas. No tema dos intercambios o importante non é a simple mobilidade xeográfica senón a dimensión organizativa que debe favorecer a consecución dos obxetivos previstos. E neste caso, están presentes unha serie de criterios que a propia comunidade fixo explícitos

- necesidade de superar na súa organización o intercambio bilateral pola referencia multilateral
- tratar de ir máis alá dunha finalidade puramente lingüística
- oportunidade de encuadrar a actividade do intercambio nun proxecto pedagóxico que implique a varios ámbitos disciplinares, a múltiples ensinantes, a diversos organismos (clases, seccións).

Todo intercambio debe supoñer un proxecto educativo no que estean presentes: a "importancia europea", tratando de ofertar unha perspectiva cognitiva da realidade do outro país de carácter "total"; que sexa ó mesmo tempo "cultural" e "ideolóxica" para favorecer un encontro e discusión sobre os sistemas de valores e "a visión do mundo" que se ofrece de cada país; que implique temas transversais e non meramente curriculares. Como exemplo de todo elo temos, a ficha do Programa Erasmus (Educador Social en Europa) en donde se explicita de forma clara os desexos por parte dos alumnos do que debe ser-lo seu tempo de intercambio nos diversos aspectos que por outra parte deben ser avaliados de forma particular. En consecuencia, esta mobilidade permite unha experiencia complexa que máis alá do contexto lingüístico ofrece un coñecemento e recoñecemento dos sistemas educativos.

É certo que no ámbito de estudos todavía existen nalgnhas disciplinas dificultades para unha validación plena, sobre todo cando as estancias son reeducadas. En todo caso estanse dando avances positivos sobre todo desde o momento en que o noso sistema educativo -a través dos novos planos - organízase en créditos e non como anteriormente en "disciplinas" anuais que dificultaban moito máis unha posible validación.

No contexto da Universidade de Santiago, convén resalta-lo aumento importante que se deu neste campo da "mobilidade" e os "intercambios". No curso 1.993-94 son 239 os estudantes da Universidade de Santiago beneficiarios dunha bolsa europea dos cales 125 son do Programa Erasmus, 104 pertencen a Lingua e 10 a ECTS. Pola súa parte a Universidade de Santiago acolleu a 259 estudantes da Unión Europea (139 de Erasmus; 116 de Lingua e 4 de ECTS) (Cfr. Datos provisionais da Univversidade de Santiago de Compostela).

## **2.2.- A formación de profesores e demais persoal docente así coma a innovación pedagóxica.**

A formación do profesorado é un instrumento privilexiado tanto para favorece-la innovación pedagóxica como a dimensión europea do ensino.

Neste sentido as propostas que se ofrecen dentro do seu carácter normativo orientanse nas seguintes direccións:

- informense e formen nos diversos aspectos da realidade da construción europea
- aprendan a compartir e facer comprti-la riqueza das culturas europeas
- fomenten unha identidade europea paralela ás identidades nacionais e rexionais
- aproveiten o patrimonio cultural, as asociacións e redes para elaborar unha didáctica da dimensión europea
- superen os obstáculos culturais e lingüísticos e evolucionen hacia prácticas multilingües e multiculturais.

Estas propostas son ,en certa maneira , un desederatum a longo prazo. A súa posta en acción non resulta, sen embargo, tan fácil. Os profesionais da educación encóntranse sometidos ás mesmas influencias particulares dos sistemas educativos nacionais.

Na comunidade europea traballan ó redor de 3.800.000 docentes dos niveis preprimario, primario e secundario que se enfrentan a unha serie de problemas en parte semellantes.

Estes problemas son fundamentalmente de catro ámbitos como se recoñece en diversos estudos comparados:

- presións político-sociais sobre unha función docente que progresivamente se lle vai aumentando a carga de responsabilidade profesional.
- crise difundida de identidade manifestada nunha situación de malestar e que no seu

trnsfondo encóntrase a ruptura do consenso social sobre as funcións da escola e sobre o rol dos mestres

-o número de profesores tende a diminuír. O corpo ensinante faise máis vello e é cada vez máis feminino. Hai que pensar que se agravarán as dificultades actuais para cubrir vacantes nalgunhas asignaturas , nalgunhas cidades,nalghúns países. A merma demográfica facilita, con carácter xeral, mellores "ratio" no aspecto cuantitativo relacional de profesor/alumno pero tamén pon en perigo os postos de traballo ou polo menos determinadas condicións anteriormente adquiridas. En España, se nos atemos a diversos estudos comparados, as ratios se establecen en 29 alumnos por profesorpara o ensino primario e de 16 para o secundario (entendido no contexto "europeo"). É, no momento según datos dispoñibles, unha das máis altas seguida da de Irlanda (27) e Grecia (24).Mentras tanto outros países europeos sitúanse, desde hai tempo, con ratios máis baixas para o ensino primario (19 para o Reino Unido e Holanda, 18 Portugal, 17 Alemania,16 Bélxica e Italia,Luxemburgo con 15).

-existencia de diferencias importantes nas súas condicións laborais como se puxeron de manifesto en recentes traballos comparados (Cfr. Cadernos de Pedagogía, 1.993). Diferentes son neste aspecto as horas laborais, as horas non lectivas semanais e tamén os días de vacacións. Todas estas diferencias son produto da especificidade de cada sistema así como das condicións laborais establecidas no propio país.

¿Cómo fomentar nestas situacións unha dimensión europea?

É evidente que a diversa organización dos sistemas educativos, as diferencias curriculares, os contextos laborais impiden polo momento desenvolver un modelo europeo uniforme para a formación do profesorado e a súa actuación formativa nos diversos niveis. A propia comisión o que suxire e pretende é construír un modelo de cooperación entre as institucións dedicadas á formación de profesorado.

Tal modelo de cooperación ten dous eixos fundamentais. Un primeiro de intercambio activo e continuo de visitas, ideas, estudantes, profesores e formadores de profesores cun seguimento continuo de base intercultural e internacional. Un segundo que pretende incluír no tema de Europa como un asunto non só dos currículos oficiais na formación inicial de profesorado, senón tamén nas actividades de formación permanente. Esta proiridade non parece ser, polo momento , algo que interese de forma particular . Ós profesores preocúpalles -a tenor dos cursos realizados no curso 1.992-93 - outros temas que teñen que ver cos diferentes niveis da educación e as súas materias curriculares. Están ausentes no conxunto de acticidades de formación temas que afecten á política europea da educación se ben figura un importante número de actividades dedicadas ós temas transversais ( educación para a saúde, o consumo, ambiental etc...) (Cfr. Actividades de Formación do profesorado por Temáticas. Curso 1.992-93).



A construción deste modelo de cooperación, ten unha posible lectura desde dous niveis complementarios. Desde a perspectiva dun micronivel parece necesario camiñar no desenvolvemento dun marco conceptual europeo cunha finalidade educativa. Isto é fácil dicilo pero máis problemático realizalo a curto prazo polo propio concepto pluridimensional de Europa (a nivel xeográfico, político, cultural, relixioso...). En consecuencia o que se pide ós profesores é que non se comporten como simples transmisores de coñecemento, senón que sexan reflexivos, capaces de realizar un discurso crítico.

Nes discurso crítico un aspecto importante é por exemplo o carácter etnocéntrico que todavía manteñen moitos libros de texto. Como indica NEAVE, o ensino de Europa nas escolas todavía se presenta de maneira equívoca : é unha idea confusa pola ausencia de educar para a "cidadanía europea" como parte integral dun programa e non como mero contido de disciplinas. Neste sentido debería poñerse máis de relevo a unidade europea que as pasadas rivalidades nacionais. Non pode por menos de deixar sorprendido a un francés que visite Londres como os máis famosos lugares están asociados a famosas derrotas (Trafalgar Square, Waterloo Station etc...). A propia carencia dunha versión da "historia europea" ten a súa importancia dado o papel da historia na unificación nacional.

Se nos situamos nunha dimensión macronivel, a formación de cidadáns europeos pasa polo respecto ás tradicións. E aquí ponse en xogo toda a dimensión política da cultura que debe analizarse e discutirse por parte dos profesores e da escola. Nesta dialéctica entre culturas nacionais e culturas europeas, nesta búaqueda da dimensión europea o que se trata de construír desde a escola e desde outras realidades é o que denomina Salvador Cardús (1.992) "unha especie de máximo común divisor" que represente o que hai agora en común (os valores básicos do substrato compartido da pluralidade de culturas) e ó mesmo tempo "un mínimo común múltiplo" que se podería ir construíndo a través do intercambio cultural futuro. En todo caso, engade, sería errado o que se pretendera utiliza-lo fomento dunha hipotética cultura europea para desenvolver algún tipo de nacionalismos históricos da propia realidade europea e por outra parte non é un nacionalismo europeo o que debe inventarse senón un marco de relación e interdependencia aberto que os profesores e a escola poidan promover.

### **2.3.- O incremento do ensino de idiomas**

Resulta evidente que toda política de intercambios, de mobilidade, ten como requisito previo a competencia lingüística. Neste caso, o contexto español ten moito que cambiar.

O Suplemento de Educación de "El País" ( 19 abril 1.994) dedicaba un breve artigo a "Cómo amañar Europa". A redactora resumía no seu artigo o proxecto "Parlamento europeo modelo" respaldado polo Parlamento europeo e o Goberno holandés. Trátase en síntese de reunións

anuais en cada un dos países membros para ampla-la experiencia dos estudantes sobre aspectos culturais e lingüísticos da Unión Europea. O problema básico era o tema dos idiomas. A diferenza do que ocorre noutros países europeos, nós -en España- "non nos podemos permitir seleccionar ós nosos alumnos polo nivel de coñecementos sobre Europa, senón polo nivel de idiomas. No caaso dos delegados españois ningún tivo bastanteco nivel de idiomas alcanzado nos anos de educación básica e bacharelato.

Esta é a noticia e estes son os feitos que por outra banda de forma xeral demostran unha situación. En todo caso non se trata de bota-las culpas á regulamentación sobre o ensino de idiomas. A propia L.O.X.S.E. dedica o seu título II (capítulo II art.50) ó ensino de idiomas que se imparten nas escolas oficiais nas que se "fomentará especialmente o estudio dos idiomas europeos así como o das linguas cooficiais do Estado". No currículo de ensino secundario establécese que "as materias optativas terán un peso crecente"... entre ditas materias incluírase unha segunda lingua estrnxeira. Pero a cuestión é legislar e outra obte-los resultados esperados.

Un feito é evidente: o ensino de idiomas no noso país ten un aumento constante. Se nos etemos ós datos estatísticos do ensino de idiomas, o crecemento da matrícula é importante sobre todo a partir do curso 1.985-86 en que se produce a incorporación de España á Unidade Europea. En dito curso existían soamente 15 Escolas Oficiais de Idiomas no total do Estado. No curso 1.990-91 -últimos datos publicados- o seu número é de 99. Os profesores aumentaron de forma importante, sendo 681 para o curso 1.985-86 e 1.966 no curso 1990-91. Á súa vez a matrícula "total" de alumnos tivo un crecemento verdadeiramente extraordinario. A nivel de matrícula total pásase de 209.574 inscritos en 1.985-86 a 355.078 no curso 1.989-90. A matrícula "oficial", segue o mesmo ritmo dun crecemento constante. Según as cifras dispoñibles por cursos en 1.987-88 alcanzaba 102.456 alumnos/as; en 1.990-91 o seu número elevábase a 184.951.

Se nos referimos ó contexto galego, o número de centros pasou de 3 a 6 desde o curso 1.987-88 ó curso 1.990-91. Para ese mesmo período o profesorado pasou de 75 profesores a 159. A súa matrícula oficial viuse incrementada neste cuatrienio de 8.400 inscritos/as a 12.856.

No tocante á elección dos idiomas, no conxunto total, sitúase no primeiro lugar e con grande distancia sobre as outras linguas o inglés (111.918 persoas matriculadas). Segue a continuación o francés (35.082), o alemán (19.844) e o italiano (4.819). Para a comunidade autónoma galega é tamén o inglés a lingua que recibe maior matrícula (7.824) seguida na mesma orde polas uotras linguas europeas (francés : 2.542; alemán : 872; italiano 279).

A pesar destes importantes datos cuantitativos que poñen de manifesto o interese polos idiomas nestes últimos anos, os resultados en canto ós logros académicos (superación da reválida correspondente) non se corresponden con esta importante matrícula. De feito para o último curso 1.990-91 son só 2.560 os inscritos que logran o título. Esta mesma situación é a que se

experimenta no caso dos estudos a través da ensino básico e o bacharelato donde os alumnos ó final destes estudos non teñen a fluidez suficiente para enfrentarse con éxito a unha comunicación lingüística.

A experiencia dinos que, no caso do ensino de idiomas, existe unha serie de situacións que é necesario modificar de forma urxente. Entre as máis importantes poderíamos sinalar as seguintes: a insuficiente cualificación do profesorado de ensino básico. No momento no que os alumnos estarían en mellor disposición para a aprendizaxe lingüística dada con toda garantía e medios, non se ofrece nin por parte das escolas nin de moitos profesores ( que simplemente teñen unha escasa especialización nas Escolas de Formación do Profesorado) unha preparación suficiente. A elo hai que engadir unhas orientacións metodolóxicas, con frecuencia, incorrectas. Basta, en efecto, comprobar todo o coñecemento - ás veces pormenorizado de cuestións gramaticais- que resulta impropio para logo saber expresarse no máis elemental nivel coloquial.

Todo isto necesita, evidentemente unha revisión, se se quere incidir de forma concreta na "dimensión europea" en donde o dominio lingüístico de varios idiomas é sumamente necesario. Parece, polo tanto, necesario, unha maior dedicación horaria ás linguas, a utilización de recursos informáticos e audiovisuais, a organización individualizada da aprendizaxe, a constitución de grupos de clase moito máis pequenos en número de alumnos, a asignación de profesorado suficientemente preparado e motivado, a diversificación lingüística dos manuais escolares e outros libros de lectura e consulta, a permanencia temporal de alumnos e profesores en escolas ou en actividades laborais ou recreativas de outros países etc... Son metas ás que se alude frecuentemente, pero que están lonxe de seren alcanzadas en parte algunha.

Ó término da escolaridade obrigatoria, todo xoven europeo debería estar en disposición de entender e expresarse suficientemente en, polo menos, unha lingua europea distinta á do seu país (ou as do seu país, no caso de que este practique fórmulas de bilingüismo ). O programa LINGUA e outras experiencias están precisamente pensados para iso.

Neste contexto é necesario ter en conta que xunto á cuestión das "linguas maioritarias", existen tamén as linguas "rexionais e minoritarias" sobre as que se pronunciou o Comité de Ministros do Consello de Europa (22 xuño 1.972).

- En dito documento, insítese, entre outros, nos seguintes aspectos a ter en conta:
- no recoñecemento das linguas rexionais e minoritarias como expresión de riqueza cultural.
  - na facilitación e/ou invitación ó uso oral e escrito na vida pública e privada
  - no mantemento de relacións entre os grupos que practican unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos lingüísticos dun estado
  - na posta a disposición de formas e medios axeitados para o seu ensino e estudio.

- na promoción de estudos e investigacións nas universidades ou centros equivalentes
- na promoción de formas axeitadas de intercambio transaccional
- en asegurar a formación inicial e permanente do profesorado para poder asegurar na propia lingua o ensino da historia ou da cultura.

No contexto galego, foron importantes os cursos realizados no último trienio (1991/1993) a tenor dos datos ofrecidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística. En total, según datos previos do Informe para a Educación en Galicia, foron 459 os cursos distribuídos nos distintos niveis: 166 de iniciación ; 344 de perfeccionamento e 49 de especialización.

#### **2.4.- A ensinanza a distancia e o intercambio de información e experiencias**

É evidente que nunha España multinacional e plurilingüe, unha Europa cunha capacidade tecnolóxica debe favorecer os proxectos de ensinanza a distancia.

De feito no marco dalgúns programas COMMET, ERASMUS ou FORCE estanse a realizar materiais específicos para unha ensinanza a distancia.

No caso dalgúns programas europeos (ERASMUS, programa: "Educador Social en Europa") considerouse necesario que xunto ó intercambio de estudantes se proceda á elaboración de material escrito e en vídeo para ampliar o coñecemento deste novo profesional en Europa. Despois de moito traballo realizouse un material para presentar a situación e formación deste profesional así como a problemática xeral dos servizos sociais en Europa. Nestes momentos estase elaborando un vídeo para recoller toda esta experiencia de tal maneira que os futuros "Diplomados en Educación Social" poidan ter unha información básica sobre o que sucede en Europa neste campo.

Pero xunto a este material, que podería facerse extensivo a outros programas, hai outras perspectivas moito máis amplas. Hoxe dispónse de medios tecnolóxicos suficientes como para preparar, producir e emitir programas europeos. Aí están, por exemplo, os programas que durante certo tempo foron emitidos polo satélite Olympus e hoxe se retransmíten por el polo actual EUTELSAT II. A maior multiplicación destes programas xunto con maiores facilidades técnicas permitirían un maior acceso á poboación e pasar do seu uso e condicións restrictivas a unha difusión maior. A través deles é posible retransmitir un maior coñecemento non só educativo senón cultural da realidade europea.

Os propios sistemas multimedia hoxe están destinados a desempeñar un papel cada vez máis importante na transmisión de saberes, na diversificación dos lugares de aprendizaxe.

No noso caso e por referirnos á televisión educativa aí está o éxito do curso That's

English recentemente sometido a avaliación polo Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia (CIDEAC) que pasou un cuestionario a máis de 20.000 alumnos presentados ás probas do módulo 1. En dito cuestionario xunto á valoración altamente positiva dos materiais (escritos, audio, T.V.) hai unha valoración da organización didáctica e un alto nivel de aprobados (en torno ó 87% dos presentados)

Todo iso reflicte que a educación a distancia pode ser un instrumento útil,- neste caso para o estudio dunha lingua- pero sobre todo para coñecer e compartir informacións, coñecementos e experiencias.

Non falemos xa do que poden supo-los medios a distancia para iniciativas comunitarias centradas no campo da salvagarda do patrimonio cultural europeo etc... Neste aspecto as televisións tanto convencionais como aquelas cadeas máis especializadas poden ofrecer un servizo importante no desenvolvemento desta "dimensión europea".

No contexto da información un imperativo importante é o intercambio de "información" e de "experiencias". A información sobre os sistemas educativos dos estados membros é para o "Libro Verde" un eixo fundamental para a compensación mutua e para a consecución da dimensión europea da educación.

Desde 1.984 viñéronse aplicando os sistemas de información á educación a través da rede EURYDICE que a súa finalidade é proporcionar á comisión da Comunidade Europea servizos de información internos e externos en materia de educación. A rede dá prioridade ós seguintes temas:

- Paso da educación á vida activa e profesional.
- Educación dos traballadores emigrantes e as súas familias.
- Política e condicións de admisión dos estudantes no ensino superior.
- Ensin e apredizaxe das liguas estranxeiras.
- Tendencias principais na política educativa.

En España, a unidade nacional encóntrase situada en CIDE (Centro de Investigación e Documentación Educativa) dependente do Ministerio. Á súa vez, diversas universidades manteñen os seus propios centros de documentación. Xunto a esta rede existe a posibilidade de acceder -vía telemática- a diversas bases dedatos donde se pode recibir información sobre os diversos problemas da comunidade europea.

## **2.5.- A experiencia das escolas europeas**

Como un elemento particular e unha experiencia concreta da proxección desta dimensión europea está a creación de "Escolas europeas".

Trátase neste caso dunha experiencia orixinal para a creación de laboratorios de

innovación pedagóxica que favorezan -como expresa o "Libro Verde"- "a aprendizaxe da multiculturalidade e o respecto da diversidade".

Polo momento, a experiencia é moi limitada pese ó interese de extendela. A primeira idea de establecer colexios europeos ou establecementos que empreguen varios idiomas parte do Programa de Acción en Educación en 1976 e inspirábase nos seguintes elementos:

- dar facilidades ás familias con profesións tendentes a trasladarse por varios países
- apoia-la recente idea da "educación como unha dimensión europea"
- amplia-la rede de Colexios Europeos en vigor como unha demanda do Parlamento Europeo.

Como consecuencia delo creáronse novas escolas Europeas: Bélxica (3) ; Alemania (2) ; Luxemburgo, Inglaterra, Irlanda, Holanda e Italia (1 por cada país). En 1990 a súa matrícula era de 10.560 alumnos. Estes alumnos traballan cun plano de estudos común e con profesores reclutados por cada Ministerio. As asignaturas impártense en 6 idiomas. A súa intención é preparar ós estudantes para un bacharelato europeo recoñecido como válido na admisión ó Ensino Superior en tódolos estados membros.

Como di o propio G. NEAVE, facendo a historia destes centros, o seu propósito era estimular ós colexios públicos a asumir unha identidade europea específica con vista a ampliar algunhas destas vantaxes ós centros en xeral dos que ata agora disfrutaran os fillos da "élite" internacional. O problema, como engade o mesmo técnico, sería avanzar neste aspecto e que a Comisión de Educación defendera, en nome da xustiza, o ofrecemento de condicións semellantes para os fillos daqueles emigrantes que por calquera das razóns que un poida imaxinar, teñan un nivel cultural e monetario inferior. Na súa opinión, está claro que non pode haber un tipo de igualdade de oportunidades para a maioría da poboación emigrante e outro para a minoría. As Escolas Europeas poden ser unha contribución especial que debe, dentro do posible, extenderse para fomentar esta "dimensión europea da educación".

En todo caso, como afirma o propio "Libro Verde" esta experiencia orixinal constitúe un punto de referencia para a creación de laboratorios de innovación pedagóxica que favorezan tamén a aprendizaxe da multiculturalidade e o respecto á diversidade.

## CONCLUSIONES

A "dimensión europea na educación", é unha área moi complexa dentro das actividades comunitarias. O "Libro Verde" é unha chamada e unha proposta para ampliála por medio dos diversos programas xa existentes e dos novos a través dos obxetivos de carácter máis xeral e dos instrumentos deseñados.

Sebn embargo existen dificultades diversas. Algunhas desas de carácter político como se puxo con anterioridade de relevo. Os Estados membros son todavía moi celosos das súas responsabilidades nos aspectos que versan sobre o control das escolas e as institucións educativas. De aí que se manteñan só os principios básicos de "carácter subsidiario" e que se acepte que a política comunitaria en educación "reforzará e complementará" a política de cada un dos Estados membros. Non existe, polo de agora o propósito de armonizar globalmente nin estandariza-la política da educación polas dificultades antes enunciadas.

Unicamente existe unha maior converxencia en determinados obxetivos da política da formación profesional se temos en conta outros dos documentos recentemente publicados sobre "A formación profesional nos anos 90".

Existen, en efecto, unha serie de dificultades específicas que será necesario ir superando pouco a pouco. Algunhas destas dificultades son de carácter xeral: a variedade de sistemas educativos producto de elementos histórico-culturais. Outras teñen un carácter máis específico: diversos currícula; calendarios escolares non coincidentes; diverxencias -aunque non tan profundas- na formación de profesores etc...

Danse, pola contra, uns obxetivos compartidos: a Europa pluricultural, da mobilidade, da formación para todos, da competitividade, aberta ó mundo... Hai uns medios xa a disposición: intercambios, ensino de idiomas, redes de información, formación de profesores, estatuto das escolas europeas ....

Sen embargo o camiño todavía é longo neste aspecto. É posible que avancemos nesta dimensión europea se o obxetivo xeral e cada un destes "axentes, estratexias e instrumentos" se incentiva e se realiza de xeito suficiente. En todo caso, é bo rematar coas palabras dos propios estudantes no artigo antes indicado ("Cómo amañar Europa"): "non estamos moi convencidos da posibilidade, ó menos a curto prazo, dunha unión europea reale eficaz, pero é bonito crer nela...temo-lo poder de modifica-lo pensamentodo continente, abramo-la mente e o corazón e...cambiemos Europa".

## DOCUMENTACIÓN BIBLIOGRÁFICA

ALONSO OLERA, M. e Outros:(1992): **España y la Unión Europea: las consecuencias del Tratado de Maastricht**. Plaza Janés Barcelona

BARBET, R; PORTA, M.ALMAZAN, I.(1989):"**Europa en los libros de texto**" en Cuadernos de Pedagogía. nº176,pp.54-55.

BARRON RUIZ,A.(1991):"**proyecto educativo para una Europa unida:Justificación y presupuestos**"en Studia pedagógica, nº 23 (1991), pp.112-120.

CALZADA,T.E.-GUTIERREZ, B.(Edit):(1989):**Guía de la Educación en la Comunidad Europea**. I.C.E.(Univ. Autónoma Barcelona/ C.I.D.E.(Madrid) Madrid.

CUADERNOS DE PEDAGOGÍA:"**Monografías sobre el sistema educativo en los distintos miembros de la Comunidad Económica Europea**" (12 Monografías nº 169 (1989) e sucesivos números.

CUADERNOS DE PEDAGOGÍA:(1993) :"**Euroeducación**".,nº211. Barcelona. pp.8-23.

COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS(1993):**Libro Verde sobre a dimensión europea da educación**.COM.(93) 457. Bruxelas.

EUROSTAT(1992): **Europa en cifras**. Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas .Luxemburgo.

FERNÁNDEZ J. A. (1993):"**Europa:a hora da educación e a cultura**" en Cuadernos de Pedagogía. nº 211 pp. 8-15.

GARCÍA GARRIDO, J.L. (1992): **Problemas mundiales de la Educación: nuevas perspectivas**. Dykinson. Madrid.

GHILARDI, F.(1993): **Crisis y perspectivas de la profesión docente**.Gedisa . Barcelona.

LAENG,M. E OUTROS(1989):**Scuole d'Europa: sistemi e confronto**. Anicia. Roma.

LENARDUZZI, D. (1991): **El programa educativo de la Comunidad Europea**" en Educadores, nº 157,pp. 39-58.

LESOURNE, J. (1993): **Educación y sociedad. Los desafíos del año 2.000**.Gedisa. Barcelona.

M.E.C.(1990):"**Diseño curricular base: Educación Primaria y Lenguas extranjeras**". Madrid.

NEAVE, G. (1987) : **La Comunidad europea y la educación**.ForumUniversidad-empresa. Madrid.

PAÍS, EL (1992): **"Luces y sombras de Maastricht"** en Temas de Nuestra Época. Nº 241, 2 de xullo 1992, pp.1-8.



## **II - PROGRAMAS EUROPEOS DA EDUCACIÓN**

## **PROGRAMA SÓCRATES**

Dna. M<sup>a</sup> Carmen Hombre Eiras  
Servicio de Formación do Profesorado  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Publicase no Diario da Comunidade Europea do 31-08-94 a posición común adoptada polo Consello de Ministros do 18 de xullo de 1994.

Está programado para o quinquenio 1995-1999.

Preséntase en desenvolvemento do artigo 126 do Tratado da Unión Europea.

Sócrates nace da experiencia dos programas ERASMUS e LINGUA, que concluíron no ano 1994. O principal obxectivo é contribuír á consecución dunha educación de calidade fomentando a cooperación entre os estados membros, cooperación entre os centros de ensinanza, en tódolos niveis, como un dos instrumentos máis apropiados para concreta-la dimensión europea na educación. O obxectivo final é a creación dun espazo europeo aberto de educación e de formación.

O programa componse de tres capítulos:

Capítulo I: A ensinanza superior "ERASMUS"

ACCIÓN 1:

. Promoción da dimensión europea nos centros de ensinanza superior:

- Desenvolvemento de programas interuniversitarios de cooperación

- Programas de mobilidade de estudantes e actividades relacionadas coa súa preparación: de 3 meses a 1 ano

- Actividades que introduzan nos programas elementos que favorezan aspectos específicos dos Estados membros

- Axudas ás agrupacións de Universidades

#### ACCIÓN 2:

- . Creación de redes universitarias europeas
- Avaliación de programas de estudio por disciplina
- Concepción de programas comúns e cursos especializados
- Reflexión de carácter científico
- Información dos membros da rede

#### ACCIÓN 3:

- . Financiación de axudas para a mobilidade dos estudantes

Reparto: dependendo do nº total de estudantes que asisten ás universidades, nº de xoves entre 18-25 anos, custo medio da viaxe entre país de orixe e de acollida e diferenza entre custo de vida entre país de orixe e de acollida.

O importe máximo 5.000 ecus por ano

Atribuiranse a estudantes con necesidade de axuda financeira

Garantírase o principio de igualdade home-muller

Deberán tomarse en consideración as necesidades específicas dos minusválidos

#### Capítulo II: A ensinanza escolar "COMENIUS"

Reparto: darase cunha cantidade fixa para cada Estado membro, e unha cantidade dependendo do nº total de estudantes de centros escolares, nº de estos, nº de profesores e relación do PIB coa media comunitaria.

As axudas teñen como obxectivo compensar parcialmente os gastos.

#### ACCIÓN 1

Accións destinadas ó fomento de:

1- Cooperación entre os centros escolares e a constitución de asociacións multilaterais, polo menos, de tres centros de tres Estados membros, un deles encargado da coordinación. (Bilateral para coñecemento de linguas de menor difusión e menos ensinadas)

Creadas ó redor dun Proxecto Educativo Europeo, (antes PE conxunto, Lingua IV)

PEE: conxunto de actividades e iniciativas destinadas a promocionar temas de interese europeo común:

- Promoción do coñecemento de linguas comunitarias, patrimonio cultural, medio ambiente, educación artística ou promoción da cultura científica ou tecnolóxica;
- Mobilidade de estudantes, sobre todo os que participen en asociacións;

- Realización de produtos pedagóxicos conxuntos e a súa difusión;
- Creación de métodos pedagóxicos innovadores.

Estes, xunto con que se acollan a estudantes menos favorecidos por motivos culturais, físicos, xeográficos ou socioeconómicos, serán tamén os criterios prioritarios á hora da selección.

## 2- Creación de redes, é dicir, agrupacións das asociacións

- Intercambiar correspondencia, elaborar en común parte do programa escolar ou unidades didácticas, producir material pedagóxico ou difundir os resultados.

## ACCIÓN 2

- . Escolarización dos fillos de traballadores inmigrantes e de xitanos;
- Fomenta-la integración e igualdade de oportunidades
- Mellora-la escolarización
- Responder ás súas necesidades e potenciais educativos específicos

## ACCIÓN 3

- . Actualización das competencias do persoal educativo encargado da ensinanza, a orientación psicopedagóxica dos estudantes e das súas familias, para favorecer:
- Intercambio de información e de experiencias
- Elaboración de material pedagóxico

## Capítulo III

Aplicaranse a tódolos niveis da educación

Medidas transversais encamiñadas a fomentar:

## ACCIÓN 1

- . Competencias lingüísticas na Comunidade;
- a) Creación de programas de cooperación europeos.
- b) Períodos de prácticas no estranxeiro para profesores de linguas, profesores en reconversión á ensinanza de linguas, e de calquera disciplina que teña que impartir as clases nunha lingua estranxeira.
- c) Períodos de axudantía no estranxeiro para futuros profesores de linguas, non menos de tres meses.
- d) Creación e aplicación de programas de estudos.

Reparto cantidade común a tódolos países dependendo do nº total de estudantes e de profesores de linguas, custo medio da viaxe e diferenza entre o custo da vida do país de orixe e de acollida.

Serán prioritarios os proxectos de linguas de menor difusión e menos ensinadas.

## ACCIÓN 2

. Promoción das novas tecnoloxías da información e da comunicación da ensinanza aberta e a distancia;

- Actividades tendentes a conferi-la dimensión europea no ensino superior
- Difundir resultados na ensinanza escolar
- Creación e elaboración de material didáctico
- Creación de redes de centros de recursos

## ACCIÓN 3

. Desenvolvemento da información e os intercambios de experiencias no ámbito da educación.

Intercambios de información: EURYDICE

Visitas de estudos: ARIÓN

## **PROGRAMA PETRA II**

Dna. M<sup>a</sup> del Carmen García Rodríguez  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A Comisión das Comunidades Europeas, baixo o lema TRANSICIÓN DOS XÓVENES DA EDUCACIÓN Á VIDA ADULTA E ACTIVA, coordinou un programa de traballo a partir de programas educativos e mecanismos de inserción social e laboral.

### **HISTORIA:**

O primeiro destes programas púxose en marcha en 1977 a partir de 30 proxectos piloto dos nove países membros desa época e durante 5 anos foi un laboratorio vivinte sobre as condicións básicas que debían cumprilas políticas e programas educativos que a súa meta fora a transición dos xóvenes á vida adulta e activa.

A partir da experiencia nace un segundo programa baixo o lema TRANSICIÓN en España, anque aínda non podía presentar proxectos piloto, dado o avanzado estado do programa.

O terceiro programa nace cunha decisión do consello de 1 de decembro de 1987 (87/569/CEE) sobre un programa de acción para a formación e a preparación dos xóvenes para a vida adulta e profesional. Galicia organiza en abril de 1988 un seminario internacional no que se dá a coñecer nesta comunidade autónoma e a Consellería de Educación presenta en setembro de 1988 un proxecto integrado nos 24 primeiros programas que aporta España.

O primeiro programa de GALICIA chamouse ADAPTACIÓN Ó MUNDO RURAL E URBANO (E10). Os seus obxetivos eran proporcionarós xóvenes que se encontraban fóra do sistema educativo unha formación adaptada para poder acceder ó mundo do traballo (Ver Anexo 1). Este proxecto integraba tres temáticas diferentes:

IFP A GRANXA, PONTEAREAS (E10 a): cunha FP agraria, incluíndo técnicasw de cultivo, mecanización agrícola, gandeiría, viticultura e enoloxía.

IFFP VIGO (E10b): cunha formación complementaria de novas tecnoloxías na rama do metal, para xóvenes sen emprego.

IFP PRÍNCIPE FELIPE(E10c): xóvenes xordos cunha formación profesional adaptada á súa minusvalía.

Dado que se incluía nos primeiros proxectos españois, a intención da Consellería foi implicar ó maior número posible de centros e temas, para favorece-la difusión do programa . A partir dese momento os proxectos xa foron xestionados directamente polos Institutos de formación profesional, anque nalgna ocasión figurase a Consellería como titular.

Posteriormente o programa PETRA foi aumentando a súa complexidade, o número de proxectos e a axuda financeira.

Neste momento a estrutura é a indicada pola decisión do consello de 22 de xulode 1991 pola que se modifica a decisión de diciembre de 1987.

## **ACCIÓN I**

Permite ós xóvenes beneficiarse dunha estancia de formación ou traballo en prácticas noutro Estado membro. Existen dous tipos de axudas:

**ACCIÓN IA :** realización de estancias formativas de xóvenes españois en centros docentes e empresas, cos que previamente se estableceran os oportunos acordos, que se encontren situados en calquera país membro da CE.

Entre os seus obxetivos encóntranse:

-fomenta-lo acercamentoentre centros educativos a través dun proxecto educativo de intercambio entre centros asociados.

-favorece-la comprensión educativa, cultural e lingüística entre os países.

-proporciona-lo coñecemento das estruturas laborais e técnico-profesionais ante a perspectiva do Mercado Europeo do Emprego.

Descrición: o número de estancias para o curso 93/94 é de 1.104 cunha contribución comunitaria media de 774 ECU (120.744 pts. aproximadamente), para cada estancia de tre semanas.

Ata o momento participaron nesta acción 7 institutos de Galicia(ver Anexo 2):

92 IFP FONTIÑAS SANTIAGO

93 IFP SANTIAGO

IFP PADRÓN

IFP A GRANXA. PONTEAREAS

IFP ANTÓN LOSADA DIEGUEZ. A ESTRADA

94 IFP PONTEDEUME

IFP COMPOSTELA. SANTIAGO

**ACCIÓN IB:** axuda ós xóvenes traballadores, demandantes de emprego ou xóvenes en fase de perfeccionamento profesional para realizar estancias en formación ou prácticas en centros ou empresasdoutro ou outros Estados membros.

os seus obxetivos son:

-facilita-la trnsición dos xóvenes ó mercado laboral por medio da experiencia real no mundo productivo.

-favorece-la competitividade dos xóvenes demandantes de emprego a través do coñecemento das estruturas laborais doutros países comunitarios de cara á libre circulación de traballadores.

Descrición: o número de estancias para o curso 1993-94 é de 527, cunha contribución comunitaria media de 2.981 ECU (465.036 pts.) para cada estancia de tres meses de duración.

En Galicia participaron 3 organismos (ver Anexo 3)

## **ACCIÓN II**

### **REDE EUROPEA DE PROXECTOS ASOCIADOS DE FORMACIÓN**

Esta rede era a única acción no programa PETRA inicial. Trata de apoia-las actividades de cooperación transnacional para a realización conxunta de módulos de formación profesional para xóvenes ou a formación de formadores a través dela.

O seu obxetivo central é dar unha dimensión europea á formación profesional dos estados membro, intercambiando e compartindo información e experiencia. Actualmente participan



uns 500 proxectos que realizan actividades transnacionais de cooperación.

Presentan dous tipos de actividades principais:

-elaboración e realización conxunta de módulos de formación, sobre todo no campo de novos perfís profesionais.

-accións conxuntas de formación de formadores de xóvenes, respectando os sistemas nacionais de formación.

Este curso 1993-94 non se convocaron estes proxectos, dado que a súa duración é de dous anos e o programa PETRA, como tal, remata o ano 1994.

Ata o momento en Galicia integráronse nesta rede os seguintes proxectos (Anexo 1):

- 89. MUNDO RURAL E URBANO
- 90. IFP PONTEDEUME. HOSTELERÍA. RECUPERACIÓN GASTRONÓMICA DA REXIÓN.
- 92. IFP VIGO. PROXECTO LABOR. PULO DA FORMACIÓN PROFESIONAL NUNHA ÁREA INDUSTRIAL EN DECLIVE.
- 93. IFP GRANXA. VITICULTURA E ENOLOXÍA

## **PROXECTOS DE INICIATIVA XUVENIL**

Están concebidos e realizados polos propios xóvenes. A súa finalidade é promover o sentido da iniciativa e responsabilidade, a súa creatividade e o seu espírito emprendedor. Contribúen así a facerlles adquirir confianza e competencias necesarias para acceder á formación e ó mercado de traballo.

Deben incluír un número mínimo de 3 xóvenes, ser innovadores e ter unha duración mínima de 1 ano, axudándolles a desenvolver actividades de información, aumentar a súa competencia na utilización de novas tecnoloxías, axudarlles a crear novos empregos e en xeral todas as actividades que faciliten a transición á vida adulta e profesional.

Reciben unha subvención máxima de 10.000 ECU (1.560.000 pts.), que só pode cubrir un 50% do custo do proxecto e non pode aplicarse a organizacións xa existentes.

En Galicia presentouse un proxecto en 1994 (Anexo 4).

### ACCIÓN III

Medidas que favorecen a inserción e orientación profesional.

Apoia os sistemas nacionais que intercambian datos sobre orientación profesional, poñendo en marcha centros nacionais de información sobre as oportunidades de formación noutros estados membros e formando conselleiros da orientación profesional.

O programa PETRA remata definitivamente no ano 1994 con ese nome. Coa finalidade de agrupar programas similares e facilitar así a difusión, agrúpanse os programas con certos obxetivos comúns.

O programa LEONARDO, integra os finalizados programas PETRA (destinado ós xóvenes e a súa preparación á vida adulta e activa),EUROTECNET (fomento da innovación como resultado dos cambios tecnolóxicos), FORCE (para o desenvolvemento da formación profesional continúa), COMETT (potencia a cooperación Universidade-Empresa na formación de tecnoloxías) e parte do LINGUA (promove o coñecemento de linguas estranxeiras).

En resumo, tódolos programas relacionados coa educación e formación quedarán englobados en dous: LEONARDO e SÖCRATES, ademais os temas relacionados co mundo xuvenil quedarán englobados en A XUVENTUDE CON EUROPA.

Desde o tratado de Maastrich a formación profesional está xogando un papel clave na Unión Europea, o que explica os ambiciosos obxetivos do programa LEONARDO, que trata de agrupar tódalas iniciativas comunitarias que fomentan a formación profesional. Pretende "racionalizar e simplificar" os programas de acción en materia de formación profesional, mediante un programa único destinado a reforzar os aspectos máis prometedores en termos de valor engadido e pulo europeo. O seu financiamento podería ser duns 600 millóns de ECU nun período de 5 anos, cantidade moi superior ás presupostadas ata agora. Para información máis concreta ve-lo DOCE de 31.8.94 da POSICIÓN COMÚN adoptada polo Consello o 18 de xullo. (Anexo 5).

## **CORRESPONDENCIA ENTRE LEONARDO E PETRA**

PETRA

LEONARDO

### **ACCIÓN I**

Estancias IA

Estancias I.1.2.a

Estancias IB

Estancias I.1.2.b

### **ACCIÓN II**

Módulos

Proyectos piloto I11a

Formación de formadores

Intercambios I.1.2.c

### **ACCIÓN III**

Acciones de orientación profesional Proyectos piloto I11c

## **ANEXO 1**

### **ACCIÓN II**

#### **REDE EUROPEA DE PROXECTOS ASOCIADOS**

##### **E 10 a**

**Partenaires: UK-12 (New Town)**

#### **MÓDULO EXPERIMENTAL AGRARIO**

Módulo Experimental Agrario

Centro de Formación profesional "A Granxa" Ponteareas (Pontevedra)

Contacto: Jesús Pita

Salvador Rouco

Instituto FP a Granxa Ctra. Nacional 120 Km. 646

36860 Ponteareas (Pontevedra)

Tfno. 986- 640068

## **CONVOCATORIA DE 1989**

O Instituto de Formación Profesional A Granxa incorpora un módulo dentro da rama agraria que prepara ó alumno para realizar funcións de mando intermedio, así como para as tarefas de xestión mediante a experimentación e as prácticas en empresas.

### **PROXECTO PETRA**

A través dunha serie de intercambios de profesores e alumnos co centro galés, concretouse un proxecto internacional orientado a :

-Intercambio de experiencia de organización da formación.

-Potenciación dun ámbito de reflexión ecolóxica sobre o impacto da agricultura no medio ambiente.

-Coñecemento mutuo e comparación das diferentes técnicas agrícolas utilizadas en ambas zonas: modos de explotación agrícola ( hortícola, frutícola e xardinería) e gandeira ( gando ovino no País de Gales).

Respecto a este último punto, os responsables do proxecto constataron que as marcadas diferencias dos respectivos sistemas agrícolas non permitían a profundización nas propias técnicas utilizadas, anque o intercambio chegou a supor unha enriquecedora ampliación de coñecemento doutros métodos.

#### **E-10 b**

**Partenaires: -UK-12 (New Town)**

**-EUROFORM**

#### **Módulo de Integración de Novas Tecnoloxías no Proceso de Fabricación de Productos Mecánicos**

Instituto Politécnico de formación Profesional de Vigo (Pontevedra)

**Contacto:** José Torres /Gerardo Fentanes

Instituto Politécnico FP de Vigo

R/ Torecedeira,88

36208 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986- 233085

fax. 986- 208175

## **Convocatoria 1989**

O Instituto Politécnico de Formación Profesional de Vigo incorpora un módulo experimental que se basea, fundamentalmente, na introducción de novas tecnoloxías, no uso da informática, en todo o proceso de fabricación de produtos mecánicos.

### **PROXECTO PETRA:**

O proxecto transnacional orientase, a nivel de profesores, ó intercambio de experiencias e de información sobre o funcionamento de ambos centros.

A nivel de alumnos, fáielles participar nas primeiras visitas ó centro partenaire e na elaboración do programa de traballo (detallado a nivel de tarefas concretas) a desenvolver nos obradoiros, de maneira que os xoves se integren na dinámica de funcionamento do instituto que os acolle.

un efecto multiplicador do programa transnacional é o establecemento dun módulo complementario de idiomas nas súas vertentes técnica e de uso cotiá para profesores e alumnos.

### **E-10 c**

**Partenaires: UK-12 (New Town)  
(Chaves-Portugal)**

### **Integración Social e Escolar de Xóvenes con Deficiencias**

Instituto de Formación Profesional Príncipe Felipe  
Pontevedra.

CONTACTO: Jesús García Chan

Victor Bernal Rivas

Instituto FP Príncipe Felipe

"Cidade Infantil Príncipe Felipe"

R/ Montecelo, S/N Pontevedra

Tlf. 986/ 850261

FAX: 986/ 863251

## **CONVOCATORIA 1989**

O Instituto de Formación Profesional Príncipe Felipe ofrece cursos de formación profesional regrada e ocupacional a xoves entre 16 a 25 anos que non conseguiron alcanza-lo nivel mínimo de coñecementos impartidos na E.X.B. xa por causa de inadaptación social ou diminucións físicas, psíquicas e/ou sensoriais.

### **PROXECTO PETRA**

O proxecto concrétase en actuacións diferentes con cada un dos centros partenaire:

-Co centro galés establécese intercambio de material pedagóxico, modelos de funcionamento, técnicas e metodoloxías específicas de educación especial.

-Co centro de Chaves realízase intercambio de alumnos de educación especial integrándoos nos obradoiros do centro partenaire.

### **MATERIAIS**

Recursos técnicos aplicables á educación especial que deron orixe á creación dunha aula de apoio no Instituto.

### **E - 64**

Proxecto labor

Intituto Politécnico de Vigo

**CONTACTO:** Sr. Manuel F. Vieites

Instituto Politécnico de Formación Profesional de Vigo.

R/ Torrecedeira, 88

39208- Vigo, Pontevedra

Tlf. 986/ 233085-208175

FAX: 986/ 208175

## **CONVOCATORIA DE 1992**

### **PARTENAIRES:**

- I.65, Toscana
- UK, 48, Warwick
- UK, 51, Londres
- I,59, Turín
- I,63, Roma

### **OUTROS PROXECTOS E INICIATIVAS EUROPEAS:**

- PETRA II
- EUROFORM

O Instituto Politécnico de Formación Profesional de Vigo é centro escolar que non só pretende ser un centro de formación , senón que ten tamén como función formar ó individuo para a súa inserción no mundo social e laboral como ser autónomo.

Neste contexto está situado nunha zona cunha alta taxa de paro. Neste contexto sicio-económico a formación profesional pode ser un dos factores que contribúan ó desenvolvemento económico.

### **PROXECTO PETRA**

O "Proxecto Labor", do Instituto Politécnico de Vigo, é un programa destinado a fomenta-lo rol dos formadores nos procesos de formación e transición á vida adulta e activa dos xoves. Consiste na investigación sobre a formación de formadores, na formación de formadores e no desenvolvemento de materiais didácticos. O proxecto pretende promover entre o profesorado un maior coñecemento e valoración dos procesos de transición e implicar ás diferentes administracións educativas na realización de proxectos que faciliten a transición dos xoves á vida adulta e activa. As accións formativas están dirixidas primordialmente ó profesorado de E.X.B. e de Ensino Medio. O proxecto desenvolveu: unhas "Xornadas sobre a formación, a transición e o emprego", cursos baixo o lema "Formación, transición e emprego" e programou distintas visitas de formadores a países membros.

Como resultado palpable e prometedor do proxecto, cabe destaca-la creación dun grupo de traballo para poñer en marcha

a "Fundación para promoción e o desenvolvemento da Formación Profesional", que dará continuidade ó proxecto e donde se tratará de implicar ós diferentes axentes sociais da área metropolitana de Vigo.

### **MATERIAIS:**

- Cada socio elaborou un módulo para a Formación de Formadores.
- Creación do currículo:"Curso de Especialización para a Formación de Formadores para a Transición e o Emprego" (250 horas).
- Preparación da edición do libro "Formación, transición e emprego", para decembro de 1994.

### **E - 95**

Cultivo de Plantas en Europa  
Instituto "A Granxa"  
36860. Ponteareas. Pontevedra  
Tlf.:986/640068  
FAX.:986/660940

### **CONVOCATORIA DE 1993**

#### **PARTENAIRES:**

NL-39 A. OC. Hoorn  
GR-38 American Farm School  
B-42 C.V.P.O.

### **OUTROS PROGRAMAS E INICIATIVAS EUROPEAS**

INTERREG 93 (CON Portugal)  
INTERREG 95  
PETRA Acción Ia

O I.F.P. "A Granxa" é un centro dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, no que se imparten as ensinanzas da Rama de Agraria da Formación Profesional de primeiro e segundo grao nas especialidades de: Explotacións Agropecuarias e Viticultura e Enotecnia. ademais se imparte o Módulo 3 da Reforma Educativa de Hortofruticultura e Xardinería.



## **PROXECTO PETRA**

O obxectivo do proxecto é formar ós profesores para que poidan á súa vez formar ós alumnos en Horticultura e Floricultura. O deseño realizase para ser acometido o seu produto final nunha escola secundaria, formando parte sempre da ensinanza regrada. O obxectivo é desenvolver materias e métodos para mellora-las destrezas dos profesores dos proxectos dos catro países asociados, combinando os coñecementos e os materiais de cinco áreas: novas técnicas, forzado de bulbos , paisaxismo, medio ambiente e o inglés técnico aplicado á Horticultura.

O proceso realizouse a través da investigación e preparación, a clasificación dos materiais usados e desenvolvemento dunha programación. O proxecto remata coa avaliación dos traballos de cada grupo e a difusión final do produto.

## **MATERIAIS**

-Guía didáctica para a formación do profesorado e profesionais nos temas de: Cultivo de tecidos e micropropagación "in vitro" de plantas, Construcción e control ambiental de invernadeiros, Deseño e construción de xardíns, Control integrado de plagas e enfermidades, Comercialización de produtos, Inglés técnico aplicado a hortofruticultura.

## ANEXO 2

### ACCIÓN I A

#### RELACIÓN DE ORGANISMOS

##### DIRECTORIO ACCIÓN IA 1992

###### ORGANISMO OFICIAL

062

IFP FONTIÑAS  
SRA.GÓMEZ VAAMONDE  
R/ESTOCOLMO,5  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
TELF.:981/573440  
FAX.:981/571558

###### ORGANISMO ANFITRIÓN

ESBIERG HANDELSSKOLE  
IVONNE JENSEN  
POSTBOKS S21  
6701 ESBIERG  
GIRO 2120577(DINAMARCA)  
TELF.:4575453277  
FAX.:4575137782

##### DIRECTORIO ACCIÓN IA 1993

###### ORGANISMO ESPAÑOL

012/93

IPFP DE SANTIAGO  
SANTIAGO DÍAZ BARBETTO  
ROSALÍA DE CASTRO, S/N  
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
A CORUÑA  
TELF.:981/520640  
FAX.:981/520133

###### ORGANISMO ANFITRIÓN

ISB ABT. BES  
OSTD. DR. LEO HEIMERER  
ARABELLASTRABE, 1  
8000 MÜNCHEN 81  
ALEMANIA  
TELF.:92142359  
FAX.:92143602

035/93

IFP DE PADRÓN  
VICENTE VERANO RODRÍGUEZ  
AGRO DO MEDIO  
15900 PADRÓN  
A CORUÑA  
TELF.:981/812254  
FAX.:981/810972

MAIRIE DE NOIRMOUTIER EN L'ILE  
RENE RELANDEAU  
MAIRIE DE NOIRMOUTIER EN L'ILE  
5330 VENDEE  
FRANCIA  
TELF.:335190529  
FAX.:3351395575

065/93

IFP A GRANXA  
JESÚS PITA SORS  
APATDO.7  
36860 PONTEAREAS  
PONTEVEDRA  
TELF.: 986/640068  
FAX.: 986/660940

AGRARISCH OPLEIDINGS CENTRUM HOORN  
POLLY PADBERG  
BLAUWE BERG 1  
1625 NT HOORN  
HOLANDA  
TELF.:0229046500  
FAX.: 0229049820

080/93

IFP ANTÓN LOSADA DIEGUEZ  
  
ALVARO ADIÑO ROURE  
IRMANDADE GALEGA CARACAS S/N  
36312 A ESTRADA  
PONTEVEDRA  
TELF.:986/570336  
FAX.:986/530433

CORNWALLCOUNTY COUNCIL NEWQUAY  
TRETHERAS  
COMMUNITY  
GEOFF GRIGG  
ED. DEPART. DALVENEI HOUSE  
NEW COUNTY HALL TRURO CORNWALL  
REINO UNIDO  
TELF.:4487274282  
FAX.:4487270340

015/94

IFP FRAGA DO EUME  
JUAN CARLOS VARELA VÁZQUEZ  
R/RICARDO SÁNCHEZ ,3  
15600 PONTEDEUME  
A CORUÑA  
TELF.:981/432004  
FAX.:981/432004

LICEO NICOLAS APPERT  
MARC FOURCADET  
AVENUE DE LA CHOLIERE  
44700 ORVAULT B.P. 57  
FRANCIA  
TELF.:40639192  
FAX.:40639784

064/94

IFP COMPOSTELA-ESC. HOSTELERÍA

SARA GONZÁLEZ REIRIZ

R/ LAMAS DE ABADE S/N

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA

TELF.:981/523239

FAX.: 981/523290

SCHULZENTR SEKUNDARBEREICHS II

AM RUBEKAMP

EVELYN MARQUARD

RUBEKAMP, 37-39

28219, BREMEN

ALEMENIA

TELF.:4216183300

FAX.: 4216183303

### ANEXO 3

#### ACCIÓN IB

RELACIÓN DE ORGANISMOS

DIRECTORIO ACCIÓN IB 1993

ORGANISMO PROMOTOR ESPAÑOL

IES DE SADA

Crta. Samoedos/n

Sada- A Coruña

PAÍS E ORGANISMO DE ACOLLIDA

PORTUGAL

Instituto Emprego Formação

Rúa das Picoas 14, 7º

Tfno.3563801

Fax. 538139

DIRECTORIO ACCIÓN IB 1994

ORGANISMO PROMOTOR ESPAÑOL

IESP "ISSAC DÍAZ PARDO" SADA

Estrada a Samoedo s/n

15160 Sada (Coruña)

D. José Antonio Valverde Morán

Tfno. 981/623954

PAÍS E ORGANISMO DE ACOLLIDA

PORTUGAL, Instituto do Emprego e

Formação profissional

Rúa das Picoas,14-7º

P-1000 Lisboa

Tfno. 3563801

Fax.:3158159

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA  
DE FAMILIA MULLER E XUVENTUDE  
Edf. Admtvo. San Caetano  
15771 Santiago de compostela  
D. Odilio Martiña Rodríguez  
Tfno. 986544681

PORTUGAL, Escola Profissional  
de Espinho  
4500 Espinho  
Tlf. 073512722272  
Fax. 07 351 2721468

## ANEXO 4

### PROXECTOS DE INICIATIVA XUVENIL

Ano: 1994

**Referencia:** UNC-E 11/94

**Nome da asociación ou grupo:**

Asociación de Veciños "Os Xuncais"

**Nome do proxecto**

Recuperación dos Terreos comunais de Lamas

**Nome e enderezo da persoa responsable do proxecto:**

J. Martínez Morales

R/ Lamas, S/N

32640 XINZO DE LIMIA (Ourense)

Telf.: 988/467075

**Descrición do proxecto:**

Os xoves da Asociación de Veciños, decidiron elaborar un proxecto de recuperación para os seus montes veciñais, que consistiría na eliminación de vertedeiros incontrolados, recollendo os lixos para transportalos a lugares axeitados ou soterrando o que fora de tipo orgánico. Posteriormente procederase a unha repoboación e delimitación dos terreos veciñais a base de árbores autóctonas ó tempo que se exercerá un control sobre a zona recuperada.

Os labores de xestión e control xerarán expectativas de emprego, as cales aumentarán coa posibilidade de ofrecer este servizo ó resto dos municipios.

## **O PROGRAMA " LEONARDO DA VINCI "**

M<sup>a</sup> del Carmen García Sánchez

### I.- INTRODUCCIÓN : o contexto do programa LEONARDO

A Unión Europea acaba de lanzar neste ano 1995 un novo programa para a formación cunha duración prevista ata finais do ano 1999. Este programa ven a continua-las actividades e tarefas realizadas en programas anteriores tales como PETRA, FORCE, EUROTECNET, COMETT e en parte as actividades de LINGUA así como a rede IRIS.

Fundamentalmente o novo programa apoiará tres medidas dirixidas ós seguintes aspectos: mellora-los sistemas e dispositivos de formación nos Estados Membros; mellora-las medidas de formación profesional, incluída a cooperación universidade-empresa e as medidas que afectan a empresas e traballadores; favorece-lo incremento das capacidades lingüísticas, os coñecementos e a difusión da innovación na formación.

O programa insértase no contexto da valorización das posibilidades humanas tanto na esfera do traballo como na vida social. O denominado "Libro Blanco" da Comisión das Comunidades Europeas elaborado baixo a presidencia de Delors insistiu en "apostar pola educación e pola formación: saber e saber facer durante toda a vida". Tal insistencia ven agora concretada en dous novos programas : o programa SÓCRATES para a educación e o programa LEONARDO no que se refire de forma máis específica á formación profesional e á formación continua. Trátase con iso de enfoques e axudas complementarias e non de superposición.

No caso do primeiro programa búscase a cooperación en materia de educación cunha finalidade de " orde educativa "; no caso do segundo interesan, sobre todo, as finalidades profesionais definidas en termos de emprego e de competitividade. UN e máis o outro pretenden unha mútua interrelación e complementariedade evitando calquera superposición. De aí que se indique que tanto a Comisión como os Estados Membros favorecerán a "aplicación dunha

complementariedade operativa entre LEONARDO e os programas der iniciativa comunitaria".

## **II.- POLÍTICA DE FORMACIÓN DA UNIÓN EUROPEA: a dimensión europea da educación.**

Con data 6 de decembro de 1994 publícase a decisión do Consello 94/819/CEE, DI, de 29-12-94 coa intención de poñer en marcha este novo programa que pretende unha maior coherencia entre a política de formación profesional da Comunidade e outras políticas comunitarias que contemplan o perfeccionamento dos recursos humanos.

Tal e como sucede con tódalas accións educativas, a política da Unión Europea diríxese a apoia-la "Dimensión Europea da Educación". En dita política o que se busca non é a "homoxenización" dos diversos sistemas educativos -situación polo momento imprevisible dadas as diferencias de orixe, tradición e cultura- senón favorece-lo desenvolvemento de cada un "garantindo a promoción e a difusión do mellor de cada sistema" e, en consecuencia, tratando de "aportar un valor engadido a través da cooperación transnacional entre axentes e operadores de Estados membros diferentes".

Tal política de formación céntrase nunha serie de retos ós que é necesario facer fronte por parte dos Estados membros, das empresas e doutras organizacións (especialmente os interlocutores sociais) implicados á formación.

Entre estes retos indícanse os seguintes:

- un prantexamento máis estratéxico e coherente da educación profesional e da formación, relacionando máis estreitamente diversos elementos da política de formación.

- a adecuación dos planos de formación inicial ás novas necesidades e posibilidades máis adaptadas para os que deixan a escola e a formación sen unha cualificación suficiente.

- o fomento do acceso á formación para tódalas categorías de traballadores.

- un prantexamento máis sistemático da formación continua e do desenvolvemento da aprendizaxe ó longo de toda a vida.

- unha formación que manteña unha relación máis estreita coas novas necesidades de cualificacións nos sectores de crecemento do emprego, e a explotación das posibilidades que ofrece o uso da nova tecnoloxía e de métodos de formación como a aprendizaxe aberta e a distancia.

- novas maneiras de avaliar e recoñece-las capacidades, competencias e cualificacións.

- relacións máis estreitas entre a formación inicial e a continua.

No marco destes retos indícase que a dimensión europea debe desenvolverse de forma que poida respostar ' ós distintos sistemas, prácticas e necesidades dos Estados membros.

Neste aspecto non resulta vano resalta-lo propio esforzo que hoxe está a face-lo sistema educativo español por renova-la nova formación profesional derivada da posta en marcha

da LOXSE (1990)

O programa LEONARDO apoia neste senso accións a favor do recoñecemento a nivel comunitario das competencias e cualificacións adquiridas nos sistemas dos Estados membros. A súa dimensión europea concrétase nos seguintes aspectos:

.transparencia dos sistemas de formación nacionais e das cualificacións obtidas por cada persoa.

.recoñecemento polos demais Estados membros das capacidades adquiridas nos sistemas dos Estados membros.

.o desenvolvemento común, no marco de asociacións transnacionais de formación, de instrumentos e de métodos de formación.

En tal sentido este novo programa pretende ser "un laboratorio europeo de innovación" que permitirá a posta en común dos enfoques innovadores na formación profesional. En tal horizonte busca unha maior coherencia entre as políticas encamiñadas a desenvolver-la formación profesional como un factor importante dun desenvolvemento rexional e local equilibrado, tomando en consideración as características específicas das rexións afectadas.

O denominado "Libro Verde" sobre "Crecemento, Competitividade, Emprego : retos para entrar no século XXI" insiste nunhas situacións de diagnóstico nada optimistas e na urxencia de acometer cambios importantes.

No primeiro aspecto suxire que competitividade, crecemento, emprego e paro están astrictamente vinculados desde hai tempo. A situación en Europa non é tan brillante como se esperaba: a taxa de crecemento anual da economía europea baixou de arredor do 4% ó 2,5% ; o paro aumenta de forma continua de ciclo en ciclo; a taxa de inversión baixou 5 puntos; a nosa posición relativa fronte a Estados Unidos e a Xapón deteriorouse no que se refire a emprego, cotas de mercado exterior, investigación e desenvolvemento e innovación e a súa tradución na oferta inmediata e no desenvolvemento de novos produtos.

Tdo iso implica que "se ben cambiamos, o mundo cambiou aínda máis e o núcleo do problema son os tres desempregos" : desemprego coxuntural por retroceso da actividade económica; desemprego estrutural que afecta a 12 millóns de persoas e desemprego tecnolóxico en canto se atravesa un período de desfase entre a velocidade dun progreso técnico centrado fundamentalmente no como producir (métodos de fabricación e organización do traballo)e polo tanto destructor do emprego e a capacidade de anticipación ás novas necesidades (individuais ou colectivas) ou os novos produtos xeradores de novas posibilidades de emprego. Por todo iso as "pistas para entrar no século XXI" teñen que ver cunha dimensión económica (economía sana, aberta, descentralizada na que a información xoga un gran papel, competitiva e á súa vez solidaria), coa intensificación do esforzo en investigación e cooperación, coa intensificación da formación e as necesidades dunha dobre flexibilidade externa e interna dos mercados de traballo.



### III.- ACCIÓNS E MEDIDAS DO PROGRAMA

O novo programa fixa como accións preferentes as relacionadas co desenvolvemento de políticas de aprendizaxe e de formación con vistas a adquiri-los coñecementos prácticos e a experiencia necesaria para facer fronte a un futuro caracterizado por cambios sociais, tecnolóxicos e económicos profundos.

Entre estas accións fíxanse as seguintes:

3.1.- Apoio á mellora dos sistemas e dos dispositivos de formación profesional nos Estados membros.

3.2.- Apoio á mellora das accións de formación profesional, incluíndo a cooperación universidade-empresa, relativas ás empresas e traballadores.

3.3.- Axuda para a mellora das competencias lingüísticas, dos coñecementos e da difusión das innovacións no ámbito da formación profesional.

Un estudio pormenorizado de cada unha destas medidas requiriría aquí un amplo espacio do que non se dispón. Por iso preténdese indicar soamente os elementos máis xerais que configuran cada unha destas medidas. Nos documentos ata agora publicados (texto da Decisión do Consello L/340 do 29 de decembro de 1994; Guía e Vademecum) poderase recoller unha información máis detallada en función dos intereses particulares e dos proxectos que se desexen presentar.

#### **3.1.-Apoio á mellora dos sistemas e dos dispositivos de formación profesional nos Estados membros.**

Esta primeira medida concretízase en dous aspectos complementarios.

##### 3.1.1.-Concepción e realización dos proxectos pilotos transnacionais.

Neste caso "darase prioridade ós proxectos transnacionais encamiñados a apoia-la calidade e a capacidade de innovación dos sistemas e dispositivos de formación profesional dos países participantes plano nacional, rexional ou local que os seus resultados (metodoloxía, módulos de formación, instrumentos, materiais etc. ) poidan desenvolverse e experimentarse mediante programas de estancias e intercambios transnacionais".

Teñen cabida en tal dirección as seguintes propostas:

.-mellora da calidade da formación profesional inicial e da transición dos xoves á vida activa.

.-mellora da calidade de dispositivos da formación profesional continua dos Estados membros.

.-información e orientación profesionais que se centrarán no desenvolvemento dunha dimensión europea na formación e a orientación de profesionais co obxectivo principal de que tódolos xoves con formación inicial ou en proceso de transición dispoñan dunha formación axeitada no que se refire ás ramas profesionais.

.-fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na formación profesional.

.-mellora da calidade dos dispositivos de formación profesional en favor das persoas desfavorecidas no mercado laboral (por razóns socioeconómicas, xeográficas ou étnicas, ou minusvalías físicas ou mentais ou ausencia de cualificacións que supoñan o risco de exclusión social).

### 3.1.2.-Programas transnacionais de estancias e intercambios.

En canto ós programas transnacionais de estancias e intercambios, as axudas concederanse en forma de bolsas para estancias de formación ou de prácticas nas empresas ou organismos de formación doutro país participante e para intercambios de formadores entre empresas e organismos de formación ou universidades.

En tal caso as axudas terán por destinatarios a:

.-xoves en formación profesional inicial coa intención de favorecer a adquisición, noutro país participante, dunha cualificación profesional complementaria ou dunha experiencia cualificadora que mellore as capacidades de acceso ó mercado de traballo

.-xoves traballadores que desde a perspectiva anterior conseguiran unha formación inicial ou que teñan experiencia profesional práctica.

.-formadores, planificadores e xestores de programas de formación co obxecto de preparar programas transnacionais de formación relativos tanto á formación profesional inicial como á formación continua e á formación ó longo da vida. Neste programa de intercambio poderanse contemplar diversas perspectivas: adaptación ós métodos e contidos da formación profesional inicial á evolución das novas tecnoloxías e ós cambios na organización do traballo; difusión de boas prácticas e coñecementos técnicos tendentes a unha multiplicación ulterior dos produtos e metodoloxías desenvoltas nos programas de acción comunitaria así como á transferencia dos resultados das enquisas e análises levadas a cabo no marco do presente programa; aumento do atractivo da formación profesional; mellora das relacións de cooperación entre universidades, organismos de formación públicos e empresas; elaboración de balances de competencias e de validación da experiencia adquirida.

### **3.2.- Apoio ás accións de formación profesional incluíndo a cooperación universidade- empresa, relativas ás empresas e traballadores.**

Nesta liña de actuación darase prioridade a programas pilotos encamiñados a reforma-la calidade e a capacidade de innovación das actividades de formación profesional a escala nacional, rexional, local ou sectorial de forma que os seus resultados poidan ser desenvolvidos e experimentados a través de programas de intercambio transnacionais.

Catro son os grandes obxectivos que se buscan con esta proposta:

3.2.1.-Innovación en materia de formación profesional para ter en conta os cambios tecnolóxicos e o seu impacto sobre o traballo e as cualificacións e competencias necesarias.

3.2.2.-Inversión na formación profesional continua dos traballadores adicada ós aspectos seguintes: incremento dos vínculos entre a estratexia de formación da empresa e a súa estratexia económica global a través do diálogo interno e a anticipación das necesidades ; desenvolvemento de métodos innovadores, en particular, enlazando a formación e a transformación das situacións de traballo.

3.2.3.-Transferencia de innovacións tecnolóxicas no marco dunha cooperación entre empresas e universidades en materia de formación continua.

Preténdese con iso unha cooperación estruturada entre empresas e universidades que entre os seus múltiples obxectivos busquen contribuír ó desenvolvemento das PYME; elaborar instrumentos e materiais de formación axeitados; promove-la mobilidade transnacional; contribuír a unha difusión rápida dos resultados das actividades de investigación e desenvolvemento cara as empresas etc...

3.2.4.- Fomento da igualdade de oportunidades en materia de formación profesional entre homes e mulleres mediante a realización de proxectos vinculados ó desenvolvemento de perspectivas de carreira das mulleres, en particular, cando están superpresentadas, e o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Nas situacións donde o traballo da muller se presenta máis desfavorable, o programa intenta o avance de metodoloxías de formación adaptadas ás necesidades dos distintos grupos de mulleres (desempregadas, mulleres empresarias, mulleres que reanudan a actividade tras un período inactivo; traballo atípico, zonas rurais...) coa finalidade de adecua-la formación profesional ás necesidades de todos, homes e mulleres.

Estarán aquí presentes, como nos apartados anteriores, programas transnacionais de estancias e intercambios; programas transnacionais en empresas para persoas que sigan unha formación universitaria e para titulados universitarios. Neste caso tales estancias deben permitir ós estudantes ou xoves titulados desfrutar dun traballo estruturado nunha empresa doutro Estado membro e poñer en práctica os seus coñecementos teóricos; familiarizarse coas perspectivas das

carreiras nos ámbitos das novas tecnoloxías: aportar unha dimensión europea á súa formación, así como ó medio de traballo e á transferencia tecnolóxica da empresa acollida; estimula-la capacidade de emprender dos beneficiarios.

É responsabilidade neste caso da universidade de ocuparse de integra-la estancia no currículo académico dos participantes ó mesmo tempo que se prestará atención ás estancias en PYMES. Nestes ámbitos o programa LEONARDO se relaciona co programa SÖCRATES en canto conectados coas actividades do ensino superior.

### **3.3.-axuda para a mellora das competencias lingüísticas dos coñecementos e da difusión das innovacións no ámbito da formación profesional**

O Programa LEONARDO vén en parte a asumir catro programas comunitarios precedentes, entre eles o programa LINGUA. De aí o interese en promove-la aprendizaxe das linguas estranxeiras no marco da formación profesional mediante o fomento da cooperación para a mellora das competencias lingüísticas.

#### **3.3.1.-Desenvolvemento das competencias lingüísticas.**

Tal acción realizarase, en primeiro lugar, como nas anteriores finalidades, mediante os proxectos pilotos transnacionais os programas de intercambios transnacionais.

Estas accións teñen por finalidade contribuír ó logro do ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras como compoñente esencial da formación profesional e continua, en particular nas PYME-PYMI.

Pero xunto a este gran obxectivo inclúense outros aspectos máis amplos, como os que seguen, que superan a mera preparación lingüística.

#### **3.3.2.-O desenvolvemento de coñecementos no ámbito da formación profesional.**

Tal obxectivo persegue axudar ós responsables da toma de decisións a poñer en marcha políticas, medidas e accións. Para iso será moi útil proporcionar coñecementos mediante enquisas e análises baseados no estudo dunha serie de cuestións clave relacionadas cos seguintes aspectos: Mellora da calidade e da capacidade de innovación dos sistemas da formación profesional dos países participantes; fomento da dimensión europea na formación profesional e transparencia dos sistemas de cualificación.

Aquí a dimensión europea apela a competencias relacionadas co mercado

único e co desenvolvemento da competitividade europea no mercado mundial e son múltiples as propostas que poden deseñarse: necesidades en materias de competencias e cualificacións; desenvolvemento de cualificacións profesionais; planos de formación profesional continua das empresas; recoñecemento das competencias adquiridas nas actividades de formación... Urxe neste aspecto a transformación industrial, a adaptación das competencias e a formación profesional como inversión.

Un aspecto final a destacar neste ámbito é a promoción de novas formas de dispositivos de aprendizaxe cooperativos que fomenten o continuum. É aquí no contexto da formación continua donde o programa conecta de forma específica coa Educación de Adultos. As cuestións e accións aquí implicadas teñen que ver co desenvolvemento de individuos, institucións, empresas e comunidades en proceso de formación ó longo de toda a vida como as "rexións en formación" ou as "ciudades en formación" buscando con iso unha sinerxia constante entre a formación profesional e a educación de adultos.

Entre as esixencias básicas para promover tal situación indícase a necesidade de deseñar novos sistemas de comunicación baseados na filosofía da "sociedade da información" e introducir métodos de aprendizaxe abertos e a distancia.

Neste campo concreto as propostas a presentar para a súa aprobación e posta en marcha poden estar relacionadas cos ámbitos seguintes: melloras na diversificación da formación profesional e continua; novos tipos de aprendizaxe ou de alternancia en materia de formación profesional entre as empresas, por un lado, e os organismos de formación ou as universidades, por outro; novas ramas de formación para os planificadores e os xestores de programas de formación.

### 3.3.3.- Difusión de innovacións no ámbito da formación profesional.

Tal perspectiva fai referencia á difusión e transferencia de metodoloxía, produtos, resultados e instrumentos da formación profesional resultantes de proxectos pilotos transnacionais realizados tanto por medio do programa LEONARDO como dos anteriores programas de formación precedentes (COMET, EUROTECNET, FORCE, PETRA, LINGUA/Action III e rede IRIS).

Esta difusión poderá efectuarse a través das redes telemáticas e dos sistemas de aprendizaxe e de formación aberta e a distancia. Para a difusión de tales proxectos requírense algunhas condicións previas. En primeiro lugar a necesidade dunha avaliación comunitaria positiva no relativo á súa calidade, carácter innovador e interese da súa transferencia e difusión; en segundo lugar as asociacións deberán presentar un plano transnacional de difusión detallado (identificación do público obxectivo, medios, calendario, programa de traballo...); en terceiro lugar para as redes de escala rexional, local ou sectorial incluír a tódolos axentes clave en materia de formación e emprego a ditos niveis etc... Búscase aplicar ou xeneralizar metodoloxías, produtos, resultados e instrumentos

dos proxectos piloto transnacionais e os resultados de enquisas e investigacións transnacionais etc...

#### IV.- ALGÚNS ELEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O programa LEONARDO está adicado a mellora-la calidade da política e da práctica da formación e a súa capacidade para atopar novos métodos de aprendizaxe que se conecten coa idea da formación permanente.

En consecuencia os seus diferentes tipos de medidas céntranse nas seguintes: proxectos experimentais para elaborar novos prantexamentos de formación, de contidos e de materiais; programas de estancias e de intercambio; análises e enquisas que examinen problemas e aspectos referentes á formación profesional; redes e proxectos de difusión; desenvolvemento da aprendizaxe aberta e a distancia.

Neste amplo operativo ó mesmo tempo sectorializado pódense facer propostas tanto de carácter xeral como limitadas a accións concretas do programa. En todo caso cada proposta deberá ser presentada por un contratante identificado en nome dos asociados e consignatarios da mesma. Tódalas propostas, que deben cumprir unha serie de requisitos, serán sometidas a estudo e recibirán, en función dos seus obxectivos, a correspondente axuda de financiamento.

Dentro da multiplicidade de solicitudes que se poden facer en función dos diferentes obxectivos do programa, merece tal vez a pena, facer referencia ás estancias e intercambios que se propoñen. As bolsas previstas -como as que agora existen para outros programas a punto de concluír e ser substituídos polos novos como o LEONARDO- destinaranse ós seguintes gastos: gastos de vivenda adicionais derivados da estancia ou o intercambio; gastos de viaxe; preparación lingüística e cultural, se é necesaria. En caso de tratarse dun público menor de idade pódense conceder bolsas para cubri-los custos de acompañantes polos anteriores conceptos mencionados e previa xustificación detallada. O importe destinado a cada bolsa establecerase tendo en conta unha parte que será unha suma global (en función da viaxe, preparación, mantemento básico adicional) á que se engadirá unha cantidade directamente proporcional á duración. En todo caso, en conformidade coas disposicións vixentes, os países participantes deben garanti-lo mantemento dos dereitos sociais das persoas beneficiarias das estancias ou os intercambios.

Para todo este tipo de actuacións administrativas é necesario ter moi en conta as funcións e o listado das Instancias Nacionais da Coordinación ás que se lle atribúen as seguintes funcións xerais:

-cooperar coa Comisión e coas autoridades competentes dos países participantes na aplicación operativa do programa, en particular no que se refire á constitución das asociacións

transnacionais e, garanti-la coordinación coas estruturas e mecanismos de aplicación establecidos nos demais países participantes.

.-establece-las interaccións e as relacións necesarias no plano nacional, rexional e sectorial cos distintos axentes institucionais e socioeconómicos potencialmente interesados no programa LEONARDO e, máis en xeral, no desenvolvemento dunha política comunitaria de formación profesional.

.-identificar e desenvolve-las complementariedades entre LEONARDO, SÓCRATES e as demais intervencións comunitarias, ben sexan dependentes dos Fondos estruturais ou sexan orientadas á industria e os medios socioeconómicos ( en particular, o tecido de pequenas e medianas empresas e o diálogo social) xa teñan por obxectivo o reforzamento das capacidades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

.-facilitar, en termos cooperativos, a transición entre as accións emprendidas no marco dos programas anteriores (COMETT, FORCE, EUROTECNET, PETRA, LINGUA) así como na rede IRIS de igualdade de oportunidades e as medidas comunitarias aplicadas no marco do programa LEONARDO.

Neste senso o programa LEONARDO é unha ocasión para que os operadores e os axentes dos estados membros, de países e sistemas diferentes intercambian os seus coñecementos, as súas experiencias para elaborar e poñer en práctica novos enfoques na perspectiva da " formación ó longo de toda a vida".

## INICIATIVA COMUNITARIA EUROFORM

D. Gonzalo Iglesias Varela  
Inspector de Formación Profesional  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### INTRODUCCIÓN

Ata a reforma dos fondos estruturais, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1989, tíñanse aplicado catro programas comunitarios, STAR, VALOREN, RESIDER e RENAVAL, baseados no artigo 7 do antigo regulamento do FEDER, que constituían un precedente das iniciativas comunitarias.

No contexto da reforma dos fondos estruturais, o artigo 11 do regulamento de coordinación permite que a Comisión actúe de xeito independente a través das **iniciativas comunitarias** para completa-las medidas adoptadas de acordo cos Estados membros, xa incluídas nos Marcos Comunitarios de Apoio.

A comisión, deste xeito, senta as bases dunha verdadeira política comunitaria, xa que impulsa as **iniciativas comunitarias** nos campos e sectores que considera prioritarios ou esenciais para a realización do mercado único, garantindo especialmente a cohesión económica e social.

Dentro das diferentes **iniciativas comunitarias** atópase a **iniciativa EUROFORM** que completa a actividade emprendida polos programas FORCE, EUROTECNET, LEDA e ERGO, baseándose nas redes destes programas e realizando ou desenvolvendo proxectos coordinados por estes, para potencia-la súa dimensión transnacional.



A **iniciativa EUROFORM** está indicada para o desenvolvemento de novas cualificacións, competencias e oportunidades de emprego.

### OBXECTIVO

Dar unha dimensión comunitaria ás accións de formación profesional e, en xeral, de promoción do emprego, desenvolvendo accións transnacionais relativas ás cualificacións e competencias profesionais esixidas e ofrecidas no mercado de traballo. Este obxectivo deberá ter en conta a necesidade de promover a converxencia das competencias profesionais na Comunidade, principalmente entre as rexións con atraso no seu desenvolvemento e as demais, así como a mobilidade profesional e xeográfica dos traballadores.

Estas accións transnacionais suporán intercambios no ámbito dos programas de formación, formadores, axentes de desenvolvemento do emprego ou traballadores en prácticas co obxecto de lograr un efecto multiplicador a escala comunitaria. Para apoiar estas accións, a Comunidade contribúe á converxencia das prácticas nacionais de formación profesional e de axuda ó emprego, principalmente no que se refire ó acceso á formación profesional, métodos, contidos e estruturas dos cursos, adaptación ós cambios tecnolóxicos, estímulo de aptitudes creativas e de espírito de empresa.

A Comunidade apoiará tamén ós principais responsables da formación profesional e da promoción do emprego, para permitirles estar ó corrente dos cambios tecnolóxicos e analiza-las necesidades en materia de formación e emprego, programa-las súas accións, mellora-los seus métodos de xestión e avaliación, asegurando a coherencia do conxunto e a complementariedade dos dispositivos ós niveis apropiados, especialmente a escala comunitaria.

### MEDIDAS QUE PODEN OPTAR ÁS AXUDAS

Para lograr estes obxectivos, a presente **iniciativa comunitaria** ofrece ós Estados membros a posibilidade dunha cofinanciación dos Fondos estruturais (no caso de Galicia de ata o 65% por ser rexión prioritaria do obxectivo nº 1) relativa ás medidas seguintes:

1.- Promove-la creación e funcionamento de mecanismos de cooperación transnacional entre administracións ou organismos públicos e privados de formación profesional e de promoción de emprego, incluso consorcios, que poidan recibir apoio de empresas, agrupacións de empresas e outros participantes en ditos mecanismos.

Por tanto, estes mecanismos de cooperación son agrupacións interesadas en traballar conxuntamente en actividades de interese comunitario.

Ditos mecanismos deberán ter como obxectivo integra-la formación profesional nunha dimensión comunitaria, favorece-la súa adaptación ós cambios tecnolóxicos e promove-las competencias necesarias para a consecución do mercado interior.

Os participantes nos mesmos deberán concertarse sobre os obxectivos, o programa de traballo, os beneficiarios deste programa e o presuposto global, así como sobre o papel de cada un dos participantes.

**A iniciativa EUROFORM** ten por obxecto a preparación, realización, avaliación e difusión, principalmente no marco das redes comunitarias, dos resultados das accións de formacións conxuntas e, máis xeralmente, de promoción do emprego.

- **A preparación** consiste en estudos e accións referentes á metodoloxía e ós produtos de formación, á formación de formadores e xestores de accións transnacionais, á orientación profesional; esta preparación deberá ter en conta a dimensión comunitaria do mercado da formación e do mercado de traballo ou facer fincapé nas respostas comunitarias dos sistemas de formación fronte ó cambio tecnolóxico.

- **A realización** refírese a accións comúns de formación profesional dirixidas ó desenvolvemento de novas competencias necesarias para aproveita-las oportunidades que os cambios tecnolóxicos ou o mercado único poden ofrecer, así como os intercambios transnacionais, incluídos os intercambios de formadores e responsables de formación e emprego.

- **A avaliación** consiste no análise da idoneidade e correspondencia entre o deseño e desenvolvemento do proceso de formación co perfil pretendido e coas competencias que lle corresponden, así como os resultados reais de inserción laboral que se conseguen.

- **A difusión** ten por obxecto o espallamento da experiencia pola Comunidade co fin de provoca-la transparencia das cualificacións a nivel comunitario.

Estes mecanismos de cooperación transnacional poden establecerse entre organismos de tódolos Estados membros, pero terán prioridade os que inclúan alomenos un participante das rexións do obxectivo 1.

2.- Para apoia-la creación, desenvolvemento e funcionamento das accións transnacionais, a Comunidade contribuirá á creación e funcionamento de consorcios dirixidos á preparación, programación e realización de accións de formación e acceso ó emprego no ámbito rexional, sectorial ou tecnolóxico.

Estes consorcios poderán estar constituídos por organismos públicos e privados, que poñan en común recursos e estratexias para a formación e a promoción do emprego, co fin de mellora-la eficacia das súas actividades específicas gracias ás sinerxías que pode lograr este traballo en común.

Estes consorcios poderán ser:

2.1.- **Rexionais ou locais**, sendo o seu obxectivo a creación dos programas de formación e acceso ó emprego, o seu seguimento e avaliación, así como a promoción e asistencia técnica, principalmente destinada ós formadores e ós promotores de iniciativas locais que desexen aproveita-las oportunidades que os cambios tecnolóxicos e o mercado único poden ofrecer neste ámbito para a creación de novos postos de traballo e de novas empresas. As accións reciben apoio prioritario nas rexións do obxectivo 1, por exemplo mediante a axuda á formación e ó desenvolvemento do emprego, así como a través de medidas de acompañamento relativas ó equipamento ou a inversión. A axuda para o equipamento e a inversión límitase ás rexións do obxectivo 1, caso de Galicia.

2.2.- **Sectoriais**, co obxectivo de adapta-la formación en sectores económicos ou ramas industriais ós cambios tecnolóxicos e á nova situación do mercado interior, mediante a preparación ou a realización de accións de formación a escala comunitaria.

2.3.- **Tecnolóxicos**, co obxectivo de defini-las novas cualificacións e as novas necesidades de formación (contido e metodoloxía) producidas polo desenvolvemento tecnolóxico, principalmente para as PYME e os que buscan emprego, mediante a análise do desenvolvemento tecnolóxico, a preparación e a realización de accións de formación a nivel comunitario.

### BENEFICIARIOS

- Desempregados de longa duración e xoves de todo o territorio da Comunidade. (Rexións de obxectivo 3 e 4)
- Traballadores das PYME, en desemprego ou con risco de perda do seu posto de traballo. (Rexións de obxectivo 1,2 e 5b).
- Persoas en contrato de aprendizaxe ou formadas no sistema de formación profesional nacional. (Rexións de obxectivo).
- O conxunto da poboación activa que estea interesada na integración nunha rexión do obxectivo 1.

**III - UNIVERSIDADE E EUROPA  
(GRUPO COMPOSTELA)**

## DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN: A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Prof. D. Luis Concheiro Carro  
Vicerrector de Relacións Exteriores e proxección Universitaria.  
Universidade de Santiago de Compostela

*"Europa es el único continente que no ha de ser defendido por la exclusión de los demás, sino, por suerte o por desgracia, por su conquista; es el único que ha sembrado, a los cuatro vientos de sus ambiciones imperiales, sus lenguas, sus ideas y sus hombres"*

*Jacques Attali. Europa(s)*

A cidade de Santiago constitúeu, durante máis de once séculos, o destino final de miles de peregrinos, movidos pola fe ou atraídos polo fenómeno cultural Xacobeo, que deixaron ó longo do Camiño a Compostela un importante legado histórico e cultural. Froito do intercambio de tradicións e coñecementos, da combinación harmónica entre tendencias e ideas nun espírito de pluralidade e tolerancia, foise forxando unha boa parte da conciencia europea que hoxe, nos albores de segundo milenio, esgrimimos como argumento para cimentar a convivencia pacífica e a xénese de novos proxectos no Vello Continente.

A Universidade de Santiago foi, en gran medida, crisol e depósito dese rico patrimonio humanístico e científico xurdido no devir dos seus cinco séculos de existencia. Gracias a el e á contribución xenerosa dos intelectuais de prestixio que pasaron polas súas aulas, poderemos constituír no futuro un foro importante de reflexión sobre a nova Dimensión Europea da Educación.

## **A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

Esta institución dispón na actualidade de dous campus, un en Santiago e outro en Lugo, a bimilenaria "Lucus Augusta". As súas instalacións universitarias cobren unha superficie próxima ós 1.300.000 m<sup>2</sup>, dos que 828.000 corresponden a Santiago. Dispón dunha importante dotación en servizos de apoio á investigación, bibliotecas e institutos de idiomas. Conta con máis de 1.400 prazas nas súas residencias universitarias e unhas boas instalacións deportivas. A comunidade universitaria está composta por máis de 36.000 estudantes, máis de 1.600 docentes e investigadores e máis 900 persoas encargadas da administración e servizos.

## **A HISTORIA**

En 1495, D. Lope Gómez de Marzoa, notario e rexidor compostelán, fundou un "Estudio General", iniciativa que, a pesar do gran impulso inicial que recibiu, pronto bateu con certos obstáculos que condicionaron a súa suspensión durante dous anos. D. Diego de Muros III, deán compostelán, quen, en 1501, resucita este vello "Estudio", consolidándose posteriormente, en 1504, gracias a unha bula do Papa Julio II. Don Alonso de Fonseca, arzobispo de Santiago de Compostela, engrandeceu o Estudio Compostelán e dou ordes para construí-lo Colexio que leva o seu nome. Este edificio, que actualmente forma parte das dependencias da Universidade, destinado na súa maior parte a biblioteca xeral, foi rematado en 1544, dez anos despois da morte de Fonseca. Outro arzobispo compostelán, Juan Alvarez de Toledo, estableceu a diferenza entre os estudos eclesiásticos e a propia Universidade. Os primeiros estatutos da nosa Universidade datan de 1555, baixo o mandato do Dr. Cuesta. Inicialmente existían tres Facultades con cátedras: Teoloxía, Cánones e Artes. No século XVII créanse as Facultades de Medicina e Leis, solicitadas reiteradamente polo Concello Compostelán.

O século XVII foi prolixo en acontecementos que marcaron o rumbo desta Universidade. A Institución secularízase e deixa de estar controlada pola Igrexa e as Ordes Relixiosas. Tamén perde parte da súa autonomía inicial trala centralización baixo o control monárquico, que elixe os rectores da Universidade. É o rei Carlos III quen lle outorga a consideración de "regia", engadindo o seu distintivo á coroa real, que luce sobre as armas de Castilla, León e Galicia, xunto ós símbolos heráldicos dos fundadores máis destacados. No devir dos anos posteriores prodúcese unha lenta implantación de novos estudos, destacando os de Física Experimental e Químicas.

Nos comezos do século XX destacan intelectuais, correntes e escolas que tiveron o seu protagonismo na historia, a cultura e a ciencia occidental. A mediados da década dos 60, acontecen unha serie de cambios que serviron de revulsivo na traxectoria da Universidade. Prodúcese unha rápida incorporación de novas titulacións e incrementase vertixinosamente o número de estudantes, feitos ámbolos dous que esixiron a dotación de novas infraestructuras e servicios. Prodúxose a descentralización da oferta universitaria repartida entón polos principais núcleos urbanos de Galicia, ata que, en 1990, tivo lugar a segregación dos centros de A Coruña e Vigo, constituíndose como Universidades independentes.

## **RELACIONES EXTERIORES**

As relacións exteriores da Universidade de Santiago canalízanse a través do Vicerrectorado de Relacións Exteriores e Proxección Universitaria, creado coa intención de dar un impulso especial á internacionalización da nosa ensinanza e investigación a través dos programas de intercambio, a suscripción de convenios interuniversitarios, a participación en redes e organizacións universitarias, a promoción de actividades culturais e científicas en torno ós actos de conmemoración do noso V Centenario e o establecemento de canles de comunicación empregando os sistemas máis vangardistas dentro da telemática.

## **PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON EUROPA**

Antes da implantación dos novos programas europeos, no ano 1988, a nosa universidade mantiña un intercambio fluído de estudantes, profesores e investigadores con outras universidades europeas. Isto levábase a cabo a través de acordos específicos explicitados en convenios institucionais, accións ministeriais, acordos internacionais ou proxectos de investigación financiados por axencias nacionais ou rexionais.

A aparición do programa ERASMUS e a acción LINGUA supuxo un revulsivo importante. O número de estudantes da Universidade de Santiago que foron becados pola Comisión Europea sufriu un incremento espectacular nos últimos 7 anos. No curso académico 1988-89 o número de becas ascendía a 25, mentras que no curso pasado foi de 239. Os países de destino preferidos polos nosos alumnos son, por orde decrecente de importancia, Francia, o Reino Unido, Alemaña, Irlanda, Portugal, Holanda e Italia.



Todos estes estudantes reciben unha beca da Unión Europea que cubre parcialmente os gastos de desprazamento, preparación lingüística, aloxamento e manutención na universidade de acollida. O Ministerio de Educación e Ciencia Español e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aportan unha dotación económica suplementaria ós nosos estudantes ERASMUS e LINGUA.

Santiago constitúe tamén un foco de atracción importante para estudantes europeos. No curso 1993-94, un total de 255 becarios foron acollidos na nosa Universidade. Desta cifra, 139 corresponderon a ERASMUS, 116 a Lingua e 4 ó programa European Credit Transfer System (ECTS) que actualmente se desenvolve na licenciatura de Química. Este último, permite medir e compara-los resultados académicos e transferilos entre os distintos centros de ensinanza superior. No curso pasado propuxose estende-la súa aplicación a Enxeñería Química, e estudianse outras propostas das Facultades de Medicina e Bioloxía.

Proximamente entrará en vigor o IV Programa Marco da Unión Europea. O programa SOCRATES que terá por obxecto soste e amplía-las accións transnacionais de promoción da dimensión europea da ensinanza superior contidas nas accións anteriores. A Unión Europea continuará coa posta en práctica dun sistema de axudas financeiras directas ós estudantes universitarios que efectúan un período de estudos en outro Estado Membro a través de Accións 1 e 3 de dito programa. Así mesmo, potenciarase a creación de redes temáticas integradas por Departamentos ou Facultades, co fin de facilita-lo intercambio de experiencias e a difusión de resultados, así como a reflexión sobre aspectos cualitativos e innovadores da ensinanza superior, e a mellora dos métodos pedagóxicos e a compatibilidade entre programas de ensinanza.

Outra iniciativa comunitaria, o programa ALFA, acrónimo correspondente a América-Latina Formación Académica, desperta un gran interese entre as universidades españolas, particularmente na Universidade de Santiago, ó ser Galicia unha cabeza de ponte privilexiada con América, gracias á súa secular tendencia migratoria cara a ese continente. ALFA, decidido pola Comisión Europea o 10 de marzo de 1994 e dotado con 40 millóns de ecus, trata de mellora-lo potencial científico e tecnolóxico e, en xeral, o contexto económico, social e cultural en Latino-América, mediante accións de formacións e de transferencia de coñecementos e favorecendo a formación e a investigación no marco da cooperación rexional. Este programa, que se inspira nos programas ERASMUS, COMETT, TEMPUS ou MEDCAMPUS pretende crear redes integradas alomenos por cinco institucións de cinco países, das cales alomenos tres serán da Unión Europea e dúas de América

Latina. Financiará a realización de actividades académicas conxuntas (subprograma A) e a mobilidade de postgraduados e estudantes universitarios (subprograma B), concedendo prioridade ós proxectos académicos referidos ás ciencias económicas e sociais.


A nosa Universidade participa tamén en outras iniciativas, como o International Student Exchange Program (ISEP), becas do Instituto de Cooperación Iberoamericana, Mutis ou Intercampus. A iso hai que suma-los fondos destinados polos Vicerrektorados de investigación e de Relacións Exteriores e Proxección Universitaria que, co fin de financia-la asistencia a congresos e cursos de especialización ou facilitando a estancia en outros centros de ensinanza superior, permitiron que case 300 profesores da nosa Universidade desprazaranse a outros centros durante o curso pasado.

# PROGRAMAS DE INTERCAMBIO

## Erasmus, Lingua y ECTS


### Becas a estudiantes da USC

---



## PROGRAMAS DE INTERCAMBIO Estudiantes de España

País de Destino



(1993/94)

## CONVENIOS INTERUNIVERSITARIOS

A promoción e sinatura de convenios interuniversitarios é outra das tarefas que ten asignada o noso Vicerrectorado. Dos case douscentos convenios asinados con universidades de todo o mundo, oitenta o están con universidades de 17 países europeos.

A rúbrica de tratados de amizade foi, é e será unha práctica corrente dentro das normas de cortesía que rexen a vida universitaria. Non obstante, impera cada vez máis a necesidade de obter un froito tanxible da multiplicidade de esforzos que se destinan a isos efectos. A nosa política actual implica que a sinatura dun convenio sexa o referendo á colaboración activa sostida entre grupos de investigadores, docentes, alumnos ou persoal de administración e servicios. Istos documentos serán sometidos a un rixido seguimento, co fin de efectuar unha xusta distribución dos fondos destinados a este capítulo.

### CONVENIOS SUSCRITOS POR LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO

#### **ALEMANIA**

- *Instituto de Frankfurt*
- *Universidad de Berlín*
- *Universidad de Giessen*
- *Universida*

#### **HUNGRÍA**

- *Universidad de Pecs*

#### **IRLANDA**

- *Universidad de Cork*
- *Universidad de Limerick*
- *University College de Dublín*

#### **ITALIA**

- *Instituto Adriano Olivetti di Studi per la gestione delle Economia et delle Aziende (ISTAC)*
- *Instituto Pobtécnico de Turín*
- *Instituto Universitario Naval de Nápoles*
- *Universidad de Milán*
- *Universidad de Perugia*
- *Universidad de Pisa*
- *Universidad Tor Vergata de Roma*

#### **PAISES BAJOS**

- *Universidad de Amsterdam*
- *Universidad de Groningen*
- *Universidad de Leiden*

#### **POLONIA**

- *Laboratorio Central de Optica de Varsovia*
- *Universidad de Lodz*

#### **PORTUGAL**

- *Fundación Luterana de Portugal*

- Instituto Superior de CC de la Información y de la Empresa de Oporto.
- Instituto Superior de Ciencias del Trabajo y de la Empresa de Lisboa
- Universidad Coimbra
- Universidad de Lisboa
- Universidad de Miño
- Universidad de Oporto
- Universidades de la Región Norte de Portugal (AURN)

#### **RUSIA**

- Instituto Biofísica Teórica Academia de las Ciencias.
- Instituto de Investigaciones Nucleares de Dubna
- Instituto Steklov de Matemáticas de la Academia de las Ciencias
- ITEP de Moscú
- Universidad Lingüística de Moscú

#### **SERBIA-MONTENEGRO**

- Universidad de Belgrado

#### **SUIZA**

- Universidad de Lausanne

#### **SUECIA**

- Swedish University of Agricultural Science

#### **UCRANIA**

- Universidad de Kiev

## **REDES UNIVERSITARIAS**

O Grupo Compostela de Universidades

A Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con outros organismos públicos, promoveu a creación dunha nova rede universitaria de ámbito europeo, denominada Grupo Compostela de Universidades. Esta iniciativa ten como obxectivo o desenvolvemento de acordos de cooperación no ámbito académico, cultural e científico co fin primordial de aproveitar dinamicamente o patrimonio cultural xurdido en torno ó "Camino de Santiago", entendido este como fenómeno social, vertebrador da conciencia e a personalidade de Europa.

O Grupo Compostela celebrou a súa primeira reunión en Santiago de Compostela, os días 2 a 4 de setembro de 1993, contando coa participación de representantes de 57 universidades. Este encontro foi patrocinado pola Unión Europea, a UNESCO e a Xunta de Galicia. Froito das deliberacións, definíronse unhas liñas xerais de actuación que marcarán o funcionamento da rede. Un ano despois, e tamén en Santiago, 69 universidades asinaron o seu acordo de adhesión ó Grupo, e establecéronse as seguintes áreas prioritarias de actuación para os próximos anos.

- a) Centrar esforzos no fortalecemento dos canles de comunicación entre as universidades adscritas.
- b) A organización de foros para o estudo e debate sobre cuestións de índole europea.
- c) O fomento da mobilidade como base para o coñecemento dos idiomas e das culturas.

É necesario centrar esforzos no fortalecemento dos canles de comunicación entre as universidades adscritas, incluída a creación dunha rede informática avanzada, para a transmisión e almacenaxe de datos. Este sistema permitirá acceder a grandes bancos de información actualizada, en calquera momento e dende calquera punto do campus universitario. Ademais, servirá para conectar con servizos xerais, como bibliotecas, arquivos ou centros de cálculo, situados fora do campus propio. As súas principais ventaxas son o baixo custo, a axilidade e a sencillez do uso. A posta en marcha de distintos servizos de rede, incluírá:

- Un servizo de mensaxería electrónica que permitirá o intercambio de documentos.
- O acceso por terminal a ordenadores remotos, que fará posible o acceso "on line" a bases de datos de investigación, bibliotecas, etc.
- A transferencia de grandes ficheiros de datos entre ordenadores.
- Os servizos de información e de directorios, que facilitarían a busca de fontes de información pola rede.

As aplicacións MULTIMEDIA servirán o intercambio de texto, imaxes e audio. Un exemplo o constitúe o hipertexto multimedia, tamén coñecido como "World Wide Web" (WWW). Para iso é necesario dispoñer, como ferramenta de traballo, dunha conexión á rede **internet**, coñecida en España como "Red Iris" e no resto de Europa como "European Backbone". Nunha segunda fase, utilizarase un "Sistema Gestor de Correo Electrónico" para aquelas persoas que dispoñan de dirección de correo electrónico. Os usuarios deste sistema poderán, por exemplo, divulgar información ou buscar socios para diferentes iniciativas dunha forma centralizada. A longo prazo, implantarase un sistema de información baseado inicialmente en "Gofer" para logo evolucionar a

"WWW". A istos efectos, levaronse a cabo xestións coa "Fundación para el Desarrollo Social de las Comunicaciones" (FUNDESCO), que goza dunha ampla experiencia no deseño destes sistemas, incluído o que se puxo en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nas dúas conferencias do Grupo Compostela destacouuse a necesidade de enfatizar na súa identidade propia e definitoria fronte a outras redes europeas. Este desexo require abordar materias pendentes no proceso de Unión Europea, como é a integración social entre os pobos de Europa. Partindo da diversidade, o estudio das culturas de Europa permite extrae-los valores comúns que sirvan de base dunha identidade colectiva no futuro. Para iso é necesario fomenta-la organización de foros para o estudio e debate sobre cuestións de índole europea. Xunto ás actividades de recuperación do patrimonio histórico e artístico de universidades e pobos, que afianzan o coñecemento mutuo e contribúen a recupera-la memoria de universidades con vínculos previos, preténdese que o Grupo Compostela sirva como foro para a reflexión e investigación de cuestións de índole social, política, económica, científica e étnica no conxunto de Europa, como peza clave na procura de solucións de futuro. Entre os temas posibles de estudio, figuran: "El Resurgir de los Nacionalismos", "Los Movimientos Migratorios", "A Xenofobia", "La Tolerancia", "El Camino de Santiago", "Sociedad y Economía de Europa", etc. Ademais creuse conveniente a introducción de materias de marcado carácter europeísta nos "curriculum vitae" académicos incluso a creación de cátedras e licenciaturas que estudiasen a realidade de Europa dende un punto de vista multidisciplinar.

Unha das primeiras actividades será un Seminario-Curso Intensivo, dirixido polo Prof. Marc Richelle, sobre "La Identidad Europea en Perspectiva Histórica", a celebrar en Santiago en 1995. Reunirá a uns cincuenta xóves universitarios de varios países de Europa cuns quince ou vinte expertos en varios campos das humanidades, tales como Historia (medieval, moderna e contemporánea), Economía, Socioloxía, Dereito, Filosofía, Lingüística, Belas Artes, Medicina, co fin de profundar no tema da identidade europea. Pretendese, cunha aproximación pluridisciplinar e diacrónica, identifica-las condicións que as veces favoreceron a emerxencia dunha cultura europea, e as veces, ó contrario, a obstaculizaron. Referíndose ó alcance do Camiño de Santiago, poderíase destacar no pasado a formación dun "Espíritu Europeo", o cal favoreceu intercambios, non só de tipo espiritual e intelectual, senón tamén artísticos e económicos, e xerou institucións ou conductas sociais a miúdo descoñecidas de gran alcance nos sectores da Medicina, da seguridade das persoas, da solidariedade, etc. Plantexarase o tema da persistencia de factores actuando en direccións opostas, as veces a favor da fusión dos pobos europeos, as veces cara a oposicións exacerbadas entre eles.



A mobilidade de estudantes, docentes, investigadores, persoal administrativo e de servizos foi analizada como unha cuestión clave en calquera proxecto de colaboración interuniversitaria. Sen descartar a participación en accións comunitarias xa existentes como ERASMUS ou LINGUA, que indudablemente veranse fortalecidas pola dinámica de grupo, destacou a necesidade de deseñar novas fórmulas para intercambio de estudantes. Unha delas serán os programas de estancias curtas en varias universidades, destinadas especialmente a xoves académicos recién licenciados. Unha acción moi concreta consistirá no estudo dunha mesma lingua en distintos centros, que permitiría apreciar as diferenzas lingüísticas e o seu transfondo cultural en cada rexión xeográfica. Isto sería importante non só dende o punto de vista dunha mellor formación humanística, senón tamén como preparación a unha estancia de maior duración en outro país europeo para levar a cabo traballos de investigación (doutorados, post-doutorados, etc.).

Outra proposta son os programas de mobilidade nos primeiros cursos de licenciatura baseados nos intercambios de estudantes entre familias. Este tipo de actividade, denominada xenericamente 1 mes + 1 mes, útil como preparación de estancias de maior duración en cursos máis avanzados.

A cooperación no ámbito científico ocupou tamén unha boa parte das sesións. A xénese dunha rede informática avanzada, con sede na Universidade de Göttingen, debería ser obxecto dun proxecto de investigación destinado a adaptar sistemas xa existentes ás necesidades da nosa rede. A cooperación en outras áreas deberían partir do coñecemento de áreas prioritarias dentro do Grupo ou da existencia de sub-redes que acometesen accións en campos moi específicos. Para acometer estas actividades deseñouse unha estratexia baseada en 6 puntos:

- Identificación dos campos de investigación de cada universidade, seleccionando os máis representativos.
  
- Organización dos grupos de traballo nos campos elixidos.
  
- Instrumentalización da comunicación entre os representantes de investigación en cada campus.
  
- Integración dos investigadores de cada universidade en cada un dos grupos.

- Implicación de empresas e administración públicas nos proxectos.
- Conectar estes proxectos con outras accións dentro do grupo, como os programas de mobilidade ou a cooperación con terceiros países.

Con respecto á organización e xestión do Grupo, creouse unha estrutura non moi custosa e descentralizada. Unha oficina con sede en Santiago leva a cabo as funcións de Secretaría Permanente. Por outra banda, o organigrama de xestión contempla a existencia dunha imaxe global como grupo e a presenza de sub-redes e grupos de traballo que estudian áreas específicas de cooperación nas que só algunhas universidades poden manifestar interese. A financiación está canalizada por cotas anuais de 1000 ECU e a financiación externa obtida a través de fondos comunitarios, nacionais e rexionais.

## UNIVERSIDADES MEMBRO DO GRUPO COMPOSTELA

### ALEMANIA

GEORG-AUGUST-UNIVERSITÄT GÖTTINGEN  
UNIVERSITÄT KOBLENZ-LANDAU  
UNIVERSITÄT ROSTOCK

### BÉLGICA

UNIVERSITEIT GENT  
KATHOLIEKE UNIVERSITEIT BRUSSEL  
UNIVERSITÉ DE LIÈGE

### DINAMARCA

KØBENHAVNS UNIVERSITET

### ESPAÑA

UNIVERSIDAD ALFONSO X EL SABIO  
UNIVERSITAT AUTÒNOMA DE BARCELONA  
UNIVERSITAT DE BARCELONA  
UNIVERSIDAD DE CÁDIZ  
UNIVERSIDAD DE CANTABRIA  
UNIVERSIDAD DE CASTILLA-LA MANCHA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
UNIVERSIAD DE DEUSTO  
UNIVERSITAT JAUME I  
UNIVERSIDAD DE LA LAGUNA  
UNIVERSIAD DE LEÓN  
UNIVERSITAT DE LLEIDA  
UNIVERSIDAD DE MÁLAGA  
UNIVERSIDAD DE MURCIA  
UNIVERSIDAD DE NAVARRA  
UNIVERSIDAD DE OVIEDO  
UNIVERSIDAD DEL PAÍS VASCO  
UNIVERSITAT POMPEU FABRA  
UNIVERSIDAD PONTIFICIA DE SALAMANCA  
UNIVERSIDAD PÚBLICA DE NAVARRA  
UNIVERSIDAD DE SALAMANCA  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
UNIVERSIDAD DE VALLADOLID  
UNIVERSIDAD DE VIGO  
UNIVERSIDAD DE ZAMORA

### ESLOVENIA

UNIVERZITA LJUBLJANI

### FRANCIA

UNIVERSITÉ D'ANGERS  
UNIVERSITÉ DE BORDEAUX I  
UNIVERSITÉ DE BORDEAUX III  
UNIVERSITÉ CATHOLIQUE DE L'OUEST  
UNIVERSITÉ DE LIMOGES  
UNIVERSITÉ DES SCIENCES ET  
TECHNOLOGIES DE LILLE I  
UNIVERSITÉ DE NANTES  
UNIVERSITÉ DE NICE -SOPHIA ANTIPOLIS (UNSA)  
UNIVERSITÉ PIERRE ET MARIE CURIE, PARIS

UNIVERSITÉ DE RENNES 1  
UNIVERSITÉ DE VALENCIENNES ET DU  
HAINAUT - CAMBRESIS  
INSTITUT SUPERIEUR DE GESTION DE PARIS

### GRECIA

UNIVERSIDAD DE ATENAS  
UNIVERSIDAD DE IOANNINA

### UNGRIA

PECS UNIVERSITY MEDICAL SCHOOL

### ITALIA

UNIVERSITÀ DEGLI STUDI "G.D' ANNUNZIO"  
UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI PERUGIA  
UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI VERONA

### NORUEGA

UNIVERSITY OF BERGEN

### PAISES BAIXOS

KATHOLIEKE UNIVERSITEIT NIJMEGEN  
HOGESCHOOL

### POLONIA

UNIwersITETU IM. ADAMA MICKIEWICZA  
KATOLICKI UNIwersYTET LUBELSKI  
UNIVERSITY OF LODZ  
POLITECHNIKA LUBELSKA

### PORTUGAL

UNIVERSIDADE DE AVEIRO  
UNIVERSIDADE DE LISBOA  
UNIVERSIDADE DO MINHO  
UNIVERSIDADE DO PORTO  
UNIVERSIDADE PORTUGALENSE INFANTE  
D. HENRIQUE  
UNIVERSIDADE DE TRAS-OS-MONTES E ALTO  
DOURO

### REINO UNIDO

UNIVERSITY OF WESTMINSTER

### REPÚBLICA CHECA

MASARYK UNIVERSITY

### SUECIA

UNIVERSITY OF KARLSTAD

### SUIZA

UNIVERSITÉ DE FRIBOURG  
UNIVERSITÉ DE GENEVE

## Grupo Compostela de Universidades



## **Tech`Atantique**

A Universidade de Santiago firmou o acordo de participación na rede Tech`Atantique o día 15 de Marzo de 1993. Este proxecto, financiado polo Centro Europeo de Desenvolvemento Rexional (CEDRE) e as rexións que participan no Arco Atlántico, ten como obxectivos iniciais promover o estudo nos campos da "Biología de la Vida Marina", a "Farmacoquímica", o "Conocimiento del Mundo Atlántico" e os "Materiales".

## **CATEDRAS UNESCO**

En virtude do convenio asinado ca UNESCO en 1993, a nosa Universidade está desenvolvendo dúas Cátedras, unha sobre "Cultura Luso-Brasileira" e outra sobre "Migraciones". O programa Cátedras Unesco-Programa UNITWIN pretende crear centros nos que conflúan universitarios de países desenvolto e en vías de desenvolvemento. A "Cátedra" sería ocupada, durante períodos de ata seis meses, por profesores que se despracen á universidade coordinadora co fin de imparti-las súas ensinanzas a alumnos procedentes de todo o mundo.

## **OUTRAS ACTIVIDADES**

A nosa Universidade pertence á Conferencia Europea de Rectores (CRE) e a "International Association of University Presidents" (IAUP). Estas organizacións, ademais das súas actividades de asesoramento ás políticas nacionais e internacionais no campo da educación superior, levan a cabo programas específicos como Columbus ou Copernicus (CRE), que fomentan o intercambio tecnolóxico e administrativo nos seus ámbitos de actuación.

A Universidade de Santiago tamén é membro fundador e participa na executiva do Comité Español Universitario de Relacións Internacionais (CEURI), creado en 1994 baixo o amparo do Consello de Universidades e que integra ós responsables das relacións exteriores da práctica totalidade de universidades españolas.

## CONCLUSIONES

Neste capítulo quixemos aportar unha visión global das actividades e das liñas de actuación desta Universidade no campo da cooperación universitaria a nivel europeo. Son moitos os retos que se nos plantexan nos próximos anos; a adaptación ós novos criterios de ensinanza e a procura de recursos é unha dura guerra. Dependerá do esforzo colectivo o que a nosa integración ó sistema de educación superior da nova Europa dos Pobos teña lugar nas mellores condicións.

*"No se puede nunca dejar que los problemas crezcan para huir de esa guerra, pues no se evita sino que se aplaza en desventaja tuya"*  
(Nicolás Maquiavelo. *El Príncipe*)

**IV - LIBRO VERDE SOBRE A  
DIMENSIÓN EUROPEA DA  
EDUCACIÓN**

Comisión das Comunidades Europeas  
COM (93) 457 final  
Bruselas, 29 de setembro de 1993

## INTRODUCCIÓN

1. O presente libro verde sobre "A dimensión europea da educación" pretende sentar as bases para unha reflexión sobre as posibles orientacións dunha acción comunitaria no ámbito da educación. En efecto, o Tratado constitutivo da Comunidade Europea (no sucesivo denominado "Tratado"), modificado polo Tratado da Unión Europea, outorga, no seu artigo 126, **novas competencias á Comunidade no ámbito da educación.**

2. Existe por primeira vez un marco xurídico que pode permitir á Comunidade propoñer accións de cooperación no ámbito da educación e, especialmente, a nivel escolar, sen prexuízo da posibilidade de recorrer 'outras disposicións do Tratado, en particular ó seu artigo 127, para a realización das accións a que se refire esta disposición no ámbito da formación profesional.

Antes de propoñer accións concretas dirixidas a realiza-los obxectivos establecidas no artigo susodito, é importante iniciar unha reflexión previa sobre a finalidade e os medios que permitan á Comunidade contribuír "o desenvolvemento dunha educación da calidade fomentando a cooperación entre os Estados membros e, se fora necesario, apoiando e completando a acción destes no pleno respecto das súas responsabilidades en canto ós contidos do ensino e á organización do sistema educativo, así como da súa diversidade cultural e lingüística"<sup>1</sup>

3. Estas reflexións inscríbense nun contexto máis amplo caracterizado pola realización do mercado único e polo seu impacto no ámbito da educación e da formación, así como pola evolución das necesidades dos recursos humanos fronte ós cambios tecnolóxicos e sociais. Inclúen a contribución que a formación en alternancia e a aprendizaxe na empresa prestan á educación ó permitir que os xoves coñezan mellor o seu contorno socioeconómico e que , ó remata-los seus estudos, logren unha mellor inserción como cidadáns e como traballadores.

---

<sup>1</sup> Tratado da Unión Europea.  
Apartado 1 do artigo 126 do capítulo 3.



4. Dado que a organización e o contido dos estudos é competencia dos Estados membros, son eles os que deben adoptar medidas que favorezan o desenvolvemento dun ensino de calidade. Por esta razón, no presente Libro Verde invitase a tódolos axentes implicados afectados a concreta-la súa reflexión nos medios apropiados para conseguir este obxectivo e se lles pide que identifiquen os eixes portadores dunha acción complementaria e subsidiaria da Comunidade neste ámbito.

Esta reflexión é así mesmo importante con vistas á ampliación da Comunidade, en particular ós países da AELC.

5. No novo contexto do mercado único, a educación debe preparar tamén ós xoves para exercer-las súas responsabilidades nun espacio económico e social ampliado. Desde este punto de vista, o desenvolvemento dunha dimensión europea da educación convértese nun elemento importante que contribúe a un axuste da acción educativa ó novo contorno económico, social e cultural.

En efecto, a mellora dos coñecementos lingüísticos, o coñecemento mutuo das prácticas e das culturas dos demais Estados membros ou tamén a capacidade para traballar con persoas doutros países e noutro medio son factores importantes que facilitan unha mellor inserción na toma de conciencia da sociedade e unha maior como cidadán europeo. Así mesmo, a atención ás novas posibilidades ofrecidas no contexto da construción europea e, en particular, a ampliación da oferta educativa, constitúe unha vantaxe que os Estados membros deben utilizar.

6. Convén destaca-los esforzos e os cambios que os diversos sistemas educativos iniciaron para responder de maneira máis axeitada a estas novas condicións, sobre todo mediante o establecemento de cooperación bilaterais.

Ata o momento só puideron levarse a cabo, a nivel comunitario, accións piloto de alcance limitado no ámbito escolar. No Anexo A ofrécense algúns exemplos das accións realizadas ata a data. É certo que a experiencia adquirida con ditas accións senta unha primeira base, pero as novas posibilidades ofrecidas polo mencionado artigo 126 requiren un plantexamento global e coherente que sexa complementario á acción dos Estados membros.

7. Para responder a este obxectivo, dividiuse o presente Libro Verde en tres partes :

-na primeira parte sitúase o artigo 126 na liña das accións de cooperación en materia de educación iniciada en 1976. No Anexo B ofrécese unha breve descrición das principais etapas;

-na segunda parte explícase a temática da dimensión europea da educación cos seus obxectivos esenciais;

-na terceira parte inténtase establece-las vías posibles dunha acción complementaria precisando os instrumentos e as estratexias, así como os axentes implicados.

## I. O NOVO CONTEXTO LEXISLATIVO

8. A acción da Comunidade no ámbito da educación contéplase no artigo 126 do Tratado, pero, tal como se indica máis abaixo (apartado 11), tamén noutras políticas comunitarias tense en conta a educación.

9. O artigo 126 do capítulo 3 do Tratado é pola súa parte, moi explícito. En efecto, nel se sinala que "a Comunidade contribuirá ó desenvolvemento dunha educación de calidade fomentando a cooperación entre os Estados membros..." e que a acción da Comunidade se encamiñará a:

-desenvolve-la dimensión europea no ensino, especialmente a través da aprendizaxe e da difusión das linguas dos Estados membros;

-favorece-la mobilidade de estudantes e profesores, fomentando en particular o recoñecemento académico dos títulos e dos períodos de estudos;

-promove-la cooperación entre os centros docentes;

-incrementa-lo intercambio de información e de experiencias sobre as cuestións comúns ós sistemas de formación dos Estados membros;

-favorece-lo incremento dos intercambios de xoves e animadores socioeducativos;

-fomenta-lo desenvolvemento da educación a distancia.

Cada un destes obxectivos (a mobilidade ou os intercambios de información, de experiencia, pero tamén de protagonistas da comunidade educativa -alumnos , profesores, etc.- ou de medios - as novas tecnoloxías da información e da comunicación ) é pertinente con respecto ó que podería se-lo valor engadido dunha acción neste ámbito a nivel comunitario.

**10.** Convén destacar que este artigo se inscribe nunha liña que ten as súas orixes na Resolución do Consello e dos ministros de educación reunidos no seo do Consello de febreiro de 1976. No Anexo B lémbrense as etapas franqueadas desde entón.

**11.** Convén recordar así mesmo que a educación tamén se ten en conta, a nivel comunitario noutros ámbitos como a investigación e o desenvolvemento, a saúde ( a educación para a saúde) e o medio ambiente (a educación sobre o medio ambiente). Neste último caso, a educación desempeña un papel esencial para sensibilizar ós alumnos desde a súa idade máis temperá sobre o problema da protección do medio ambiente, que constitúe unha preocupación común.

De maneira máis especial, hai que poñer de relevo a contribución importante do esforzo estrutural da Comunidade á educación das rexións máis desfavorecidas: a recente reforma da política estrutural, que acaba de adopta-lo Consello, é o exemplo máis claro diso.

## **II. A DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS**

**12.** A escola ten como tarefas xerais contribuír, entre outras cousas a:

-a igualdade de oportunidades para todos;

-dar ós xoves o sentido da responsabilidade nunha sociedade solidaria;

-desenvolve-la capacidade de autonomía, de xuízo, de sentido crítico e de capacidade de innovación;

-permitir que os xoves desenvolvan plenamente tódalas súas potencialidades na súa vida activa e para o seu enriquecemento persoal, desenvolvendo en particular, o gusto por aprender a aprender ó longo de toda a vida;

-garantírles unha formación e unha certificación que, ó capacitalos en particular para afrontar os cambios tecnolóxicos, facilite a súa inserción na vida activa.

13. Convén precisar os obxectivos específicos en relación con estes obxectivos xerais e, con isto, o "valor engadido" dunha acción comunitaria no ámbito da educación. Dita acción pode, en efecto, contribuír a unha cidadanía europea baseada en valores comúns de solidariedade, democracia, igualdade de oportunidades e respecto mutuo, e permitir, así mesmo, aumentar as posibilidades de mellorar a calidade do ensino, así como unha preparación para unha mellor inserción social e profesional.

a. **Contribuír a desenvolver unha cidadanía europea**

14. A atención que debe prestarse ó respecto das identidades e das diferencias culturais e étnicas, e a importancia de loitar contra toda forma de chauvinismo e de xenofobia son compoñentes esenciais da acción educativa.

15. Os sistemas educativos non deben limitarse unicamente a transmitir coñecementos, senón que deben formar tamén ós xoves no espírito da democracia, da loita contra a desigualdade, da tolerancia e de respecto á diversidade. Ditos sistemas deben ensinar tamén a ser cidadán e, neste contexto, a referencia a Europa é unha dimensión que non substitúe ás demais, senón que as enriquece.

De aquí dedúcese que a acción comunitaria debería centrarse tamén nunha educación cidadá baseada en:

-a participación na experiencia da dimensión europea a través da aprendizaxe de idiomas, do traballo arredor dun proxecto transnacional común do coñecemento dos demais países, da información recibida como base e estímulo para a reflexión;

-a socialización, mediante intercambios transnacionais, xa que permite formar a cada cidadán para ser axente europeo;

-un maior coñecemento da realidade da construción europea.

**b. Ofrecer oportunidades para mellora-la calidade do ensino**

16. Os centros de ensino que teñen en conta a dimensión europea poden encontrar nela unha fonte de desenvolvemento. Esta consideración pode actuar como un medio de estímulo dos sistemas educativos e como impulsora da innovación, especialmente mediante a confrontación dos diversos plantexamentos e prácticas pedagóxicas ou mediante a posta en común das experiencias no ámbito da elaboración do material pedagóxico contribuindo en ambos casos a unha mellora da calidade do ensino.

17. Hai que sinalar que desde a entrada en vigor da Resolución de 1988 sobre a dimensión europea no ensino a maioría dos Estados membros foron tendo en conta esta dimensión na formación do profesorado e nos programas escolares, e fomentaron a elaboración dos materiais didácticos correspondentes. Este esforzo completouse así mesmo a nivel rexional, nacional e comunitario mediante diversas accións e iniciativas realizadas por Organizacións Non Gubernamentais (ONG) que traballan no ámbito da educación.

18. Este enriquecemento dos programas e dos contidos escolares debería ir acompañado:

-por unha banda, por unha sensibilización e unha información apropiada dos responsables e dos protagonistas do ensino sobre as oportunidades existentes;

-por outra banda, por relacións de cooperación transnacionais entre as institucións encargadas da formación inicial e continua do profesorado;

-por último, por relacións de colaboración que permitan elaborar materiais didácticos axeitados.

**c. Preparar ós xóvenes para unha mellor inserción social e profesional**

19. No contexto da realización do mercado interior e das súas consecuencias, así como da formación gradual dun mercado de traballo europeo, a consecución da dimensión europea da educación pode contribuír a mellora-las posibilidades de acceder a un emprego.

En efecto, o coñecemento de idiomas, a familiarización con outros contornos culturais e profesionais, especialmente a empresa, son, entre outras cousas, factores positivos para unha apertura ó mundo, para estar á altura do cambio e para prepararse con vistas a unha mobilidade profesional e a unha mellor inserción social.

**20.** Desde este punto de vista, a acción comunitaria podería orientarse cara:

-o establecemento de asociacións transnacionais nas que participen de xeito máis estreito os centros de ensino e o mundo empresarial, así como as colectividades territoriais, as organizacións non gubernamentais, etc.;

-a creación de redes nacionais de cooperación que faciliten unha articulación máis axeitada entre o ensino xeral e a formación profesional inicial.

### **III. AXENTES, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS**

**21.** Un dos lugares importantes da acción educativa nos Estados membros é o centro escolar, e tamén debería selo no caso dunha acción comunitaria. O centro escolar é, en efecto, un lugar de vida estruturado nun sistema no que interactúa un gran número de protagonistas (alumnos, profesores, pais, colectividades locais, etc.). É un lugar de regulación dos recursos existentes e unha organización que pode actuar ó servizo do contorno co que mantén relacións dinámicas e de interdependencia.

**22.** Estas relacións de interdependencia crean unha dinámica e poñen en contacto:

-ós responsables educativos dos diferentes niveis;

-ás persoas que participan directamente na vida do centro: alumnos, profesores e demais persoal vinculado ó centro;

-ás persoas que participan no proceso educativo e que están relacionadas co centro: formadores de profesores e inspectores, medios universitarios e investigadores, persoal de biblioteca e outros lugares de información;

-ás instancias que compoñen o entramado social e cultural e que poden aportar ós centros escolares a posibilidade dunha colaboración enriquecedora: asociacións profesionais e sindicatos, pais, municipios, medios económicos e asociacións recreativas, etc.;

-ós medios e os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados por estes axentes e os recursos materiais de que dispoñen.

**23.** Desde este punto de vista, unha acción comunitaria no ámbito da educación podería centrarse naturalmente nos centros e contorno a proxectos educativos transnacionais realizados en asociación.

Estas últimas poderían orientarse nos eixes seguintes:

-a cooperación mediante a mobilidade e os intercambios;

-a formación dos profesores e demais persoal docente;

-o incremento do ensino de idiomas;

-o ensino a distancia e a contribución dos sistemas multimedia;

-o fomento da innovación pedagóxica;

-o intercambio de información e experiencias;

-a experiencia das Escolas Europeas.

**a. A cooperación mediante a mobilidade e os intercambios**

**24.** Un dos eixes máis importantes da construción europea está baseado na libre circulación. Á súa realización contribúe o feito de que os xoves poden participar xa desde a escola neste tipo de mobilidade. En efecto, para que esta forme parte dos hábitos culturais, é necesario que os alumnos, xa desde a súa máis temperá idade, teñan a posibilidade de participar en encontros e de confrontarse con contornos diversos.

25. Esta mobilidade transnacional podería basearse nun maior coñecemento e recoñecemento dos sistemas dos demais países. Xa se puxo en práctica dita mobilidade a través de diversas formas, por exemplo, mediante a realización dun gran número de intercambios escolares e de viaxes bilaterais. Sen embargo, unha acción comunitaria podería basearse nos seguintes conceptos:

-o de asociación, baseado na cooperación entre os centros escolares afectados en ámbitos específicos de interese común (idiomas, medio ambiente, patrimonio cultural, etc.);

-o de redes, entendido en canto a estruturas que permitan amplia-la acción das asociacións cunha perspectiva de multiplicación e de difusión dos resultados e das experiencias.

26. É evidente, en efecto, que un eventual apoio na Comunidade a ditos intercambios só cobra o seu pleno sentido se as accións previstas garanten un efecto multiplicador que permita difundi-la experiencia adquirida para chegar a un público máis amplo. Neste sentido, a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación é unha dimensión importante.

**b. A formación dos profesores e demais persoal docente**

27. A formación dos profesores é o medio máis importante para facer revoluciona-las súas prácticas pedagóxicas, polo que debería ocupar un lugar prioritario en calquera acción encamiñada a favorece-la innovación pedagóxica e a fomenta-la dimensión europea do ensino.

28. En efecto, os profesores e os seus formadores desempeñan un papel importante á hora de establecer e poñer en marcha novas prácticas pedagóxicas e son, polo tanto, os vectores privilexiados da integración dunha dimensión europea nos contidos e nas prácticas educativas.

29. A introducción de dita dimensión require que os profesores:

-se informen e se formen nos diversos aspectos da realidade da construción europea;

-aprendan a compartir e a facer comparti-la riqueza das culturas europeas;

-fomenten unha identidade europea paralela ás identidades nacionais e rexionais;



-aproveiten o patrimonio cultural , as asociacións e as redes existentes como puntos de apoio para elaborar unha didáctica da dimensión europea;

-superen os obstáculos culturais e lingüísticos e evolucionen cara a prácticas multilingües e multiculturais.

**30.** Desde este punto de vista, é fundamental reforza-la formación inicial e continua dos profesores. Nela debería prestarse especial atención ó establecemento de relacións de cooperación transnacionais entre institucións de formación, en forma, sobre todo, de redes europeas, mediante a realización de intercambios (como continuación das accións xa iniciadas).

**31.** Nesta cooperación transnacional deberían participar non só os profesores, senón tamén outro tipo de persoal docente: a experiencia adquirida mostra que os responsables dos centros do ensino e tamén os inspectores, os asesores pedagóxicos ou, por exemplo, os conselleiros de educación e de orientación desempeñan un papel importante na vida do centro, polo que sería lóxico que unha acción comunitaria no ámbito da educación dirixírase tamén a eles.

### **c. A mellora do ensino de idiomas**

**32.** A pobreza dos coñecementos de idiomas e a escasa familiarización coas demais culturas é na actualidade un dos principais obstáculos para a mobilidade. Non é posible desprazarse a outro país se non é posible comunicarse, polo que a competencia lingüística é un "requisito previo" da mobilidade e os intercambios, e unha prioridade para a introducción da dimensión europea no ensino e o coñecemento das demais culturas.

**33.** A partir da experiencia adquirida no marco do programa LINGUA e, en particular, da súa ACCIÓN II (apoio á formación inicial dos profesores de linguas estranxeiras), podería preverse a realización, a nivel comunitario, dunha acción reforzada dirixida a un público máis amplo.

**34.** Con dita acción podería fomentarse a elaboración de materiais pedagóxicos e doutros soportes realizados en asociación. De feito, contribuirá a mellorar e a enriquece-las prácticas pedagóxicas e o ensino de idiomas e, por conseguinte, a revaloriza-lo estatuto destes ensinos.

35. Dito plantexamento debería poder apoiarse na experiencia das clases bilingües e na máis recente das clases europeas.

**d. O ensino a distancia e a contribución dos sistemas multimedia.**

36. A escola debe axudar ó alumno a adaptarse ás esixencias relacionadas coa rapidez dos cambios tecnolóxicos e sociais que caracterizan ás nosas sociedades actuais. Debe busca-la mellor forma de imparti-los ensinamentos que permitirán unha maior adaptabilidade dos comportamentos nunha sociedade na que a libre circulación das persoas estase convertendo pouco a pouco nunha realidade.

37. O ensino aberto e a distancia oferta todo un abano de posibilidades que pode facer que os xoves sexan capaces de adaptarse ás evolucións profesionais ou a posibles reconversións e facilita-la transferencia de coñecementos. Os proxectos conxuntos de formación a distancia realizados no marco de programas coma COMETT, ERASMUS ou FORCE amosaron o interese que este enfoque educativo pode ter para a diversificación da oferta educativa e de formación.

38. A fin de aumenta-la eficacia da acción comunitaria, o ensino a distancia - incluída a utilización da telemática - ocupa un lugar privilexiado como instrumento que permite mellora-lo acceso á educación, especialmente nas rexións máis desfavorecidas. Ademais, este ensino pode dar lugar á creación de asociacións transnacionais e ser un instrumento importante para a difusión das innovacións relacionadas coas accións comunitarias.

39. Hai que sinalar, sen embargo, que a utilización das novas tecnoloxías non se limita só ó ensino aberto ou a distancia. En efecto, os sistemas multimedia están destinados a desempeñar un papel cada vez máis importante na transmisión dos saberes e na diversificación dos lugares de aprendizaxe.

A este respecto, parece evidente que unha acción comunitaria sobre a utilización das novas tecnoloxías no ensino debería prestar especial atención a ditos desenvolvementos, sobre todo polo que se refire á elaboración concertada de material de ensino informatizado.

**e. O fomento da innovación pedagóxica**

40. No ámbito da educación e da formación, a investigación veríase favorecida coa integración

da dimensión europea. O cuarto Programa marco de investigación e desenvolvemento, que presentou a Comisión, abre perspectivas interesantes neste sentido.

41. En efecto, a posta en común dos problemas e dos métodos sobre temas concretos permite crear economías de escala e conleva unha cooperación entre os institutos de investigación e as universidades no ámbito da educación. Así, por exemplo, o estudo sobre as estratexias innovadoras e de cooperación entre os centros dos diversos Estados membros e sobre o seu impacto pode presentar un interese común.

42. A difusión da innovación en e entre os sistemas de ensino axuda a mellora-la calidade do ensino e, por tanto, debería fomentarse. Dita difusión veríase facilitada polo establecemento de redes transnacionais de investigadores e de profesores estruturadas en torno a temas de interese común con amaño a modalidades que determinarían os axentes implicados nos niveis apropiados.

**f. O intercambio de información e de experiencias.**

43. A información sobre os sistemas educativos dos Estados membros, sobre as súas reformas e sobre as innovacións realizadas constitúe un eixe fundamental para a comprensión mutua entre os Estados membros e para a consecución da dimensión europea da educación. Neste sentido, a acción e os traballos da rede da información sobre a educación na Comunidade Europea (EURYDICE) teñen un interese innegable para os axentes do mundo educativo. Conviría intensifica-las análises comparativas sobre os sistemas e as metodoloxías, así coma a difusión da información recopilada.

44. A información sobre a educación nos Estados membros é un apoio fundamental para os intercambios de experiencias entre responsables e protagonistas do mundo da educación. Sobre a base do programa de visitas de estudo para especialistas en temas educativos ARION, poderían aumentarse ditos intercambios en favor dos responsables das administracións competentes nos niveis apropiados.

45. Con este mesmo espírito, a comparación dos datos nacionais, os encontros de expertos e os seminarios de reflexión poderían contribuír ó establecemento de marcos de referencia comúns. EUROSTAT debería desempeñar un papel importante para garanti-la comparabilidade internacional das estatísticas sobre educación e formación.

**g. A experiencia das Escolas Europeas.**

**46.** O enfoque educativo adoptado polas Escolas Europeas contribúe ó fomento da dimensión europea da educación e merece, por iso, ser destacado. Debido, sobre todo, á mestura cultural e ó emprego das linguas estranxeiras no ensino de diversas asignaturas, estes centros son lugares potenciais de innovación que convén reforzar.

**47.** Esta experiencia orixinal constitúe un punto de referencia para a creación de "laboratorios" de innovación pedagóxica que favorezan tamén a aprendizaxe da multiculturalidade e o respecto da diversidade.

## **CONCLUSIÓNS**

**48.** Tal como se indicou ó principio do documento, o presente Libro Verde ten como obxectivo suscitar un debate sobre as perspectivas ofrecidas polo artigo 126 do Tratado, como tal, non é unha proposta. As orientacións que se presentan nel son liñas de reflexión que o seu obxectivo é precisar as accións máis pertinentes que podería fomentar a Comunidade dentro do espírito de dito artigo 126.

**49.** É evidente que tódalas accións posibles esbozadas neste documento deben abordarse tendo en conta as súas posibles interaccións e combinacións. O obxectivo é contribuír a recoñecer as accións que, sexan complementarias ás realizacións dos Estados membros apoiando as súas iniciativas, poderían aportar un valor engadido para ofertar unha educación de calidade.

**50.** Esta reflexión, necesaria para a aplicación do artigo 126, require así mesmo o compromiso e a concertación dos responsables e dos socios do mundo da educación nos diversos niveis afectados e no ámbito das súas competencias respectivas.

Os debates e as discusións ós que este Libro Verde espera dar lugar constituirá certamente un enriquecemento das perspectivas de futuro da cooperación comunitaria no ámbito da educación.

## ANEXO A

### ALGÚNS EXEMPLOS DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN

#### I. ACCIÓNS PILOTO APOIADAS POLA COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS.

##### Accións piloto para o establecemento de 40 asociacións escolares multilaterais.

1. Un exemplo significativo, entre outros, é o dunha asociación denominada "Columbus". Este proxecto, coordinado polos Países Baixos, adoptou como punto de partida o 500 aniversario do descubrimento de América e nel participan centros de cinco cidades portuarias que estudian o desenvolvemento destas cidades en relación co desenvolvemento do comercio en xeral e do comercio marítimo en particular. Deste modo, unha serie de alumnos de Xénova, Amberes, Lisboa, Barcelona e Palermo puideron estudar os aspectos históricos, xeográficos e culturais derivados do desenvolvemento comercial relacionado co descubrimento de Cristóbal Colón. Tamén puideron estudar o desenvolvemento destes portos nos séculos XIX e XX, período durante o cal intensificáronse as relacións entre Europa e América debido a fenómenos da emigración e ó desenvolvemento industrial e tecnolóxico.

2. Este traballo apoiouse en visitas que fixeron posible que cada escola invite a unha parte dos alumnos dos demais centros. Nos tres anos de duración do proxecto, cada alumno das clases participantes poderá visitar polo menos unha vez outra cidade, facendo que tódalas clases e tódolos centros escolares afectados se sintan implicados e se interesen por dito proxecto.

##### A acción de intercambio de profesores

3. Desde o inicio da acción, multiplicáronse as relacións entre os alumnos e as escolas de profesores que realizaron intercambios. O seguinte caso pode exemplificar un modo de proceder que se repite frecuentemente. Dúas profesoras namoradas da literatura clásica, unha delas grega e

outra francesa, realizan un intercambio que dá lugar a un proxecto: facer teatro cos nenos dos dous centros de tódalas idades e de tódalas clases. O intercambio de profesores estendeuse polo tanto, ós alumnos, que traballaron sobre temas de teatro grego e francés de maneira comparada e prepararon espectáculos que se representaron nos dous países. Despois de dous anos, os profesores, conscientes dos límites da relación bilateral, estenderon o traballo a un terceiro centro doutro país en torno ó tema de "o teatro grego, francés e italiano: a relación señores-criados".

4. Agora lese en común e represéntanse, polo tanto, tres obras segundo os grupos e as clases. O texto recítase na lingua vehicular: o francés, que aprenderon ou coñecen os tres grupos coa inserción das réplicas cruzadas en grego antigo e moderno, en italiano e latín. Ó se-lo teatro por definición unha actividade pensada para ser compartida, todo o centro pode participar neste traballo e aproximarse a unha parte importante das orixes históricas e culturais de Europa.

#### **Rede de centros de formación de profesores**

5. O reforzo da formación inicial e continua dos profesores debería permitir que a dimensión europea da formación chegue a ser máis que unha innovación puntual, unha práctica integrada. Podemos citar a modo de exemplo unha rede coordinada por unha institución irlandesa que traballa na elaboración dun programa de estudos básico para profesores de ensino primario. Deuse a este proxecto o nome de "Meithal" palabra gaélica que se utiliza no medio rural para designar un traballo de axuda mutua. Os centros dos países que participan neste proxecto traballan en grupos de formadores e de estudantes e elaboran de maneira verbal un programa de estudos concibido ó mesmo tempo coma un proceso e coma un produto. Os diversos aspectos do programa de estudos apróbanse, avalíanse, modifícanse e volven a aprobarse e avaliarse.

6. Tódolos centros participantes puxéronse de acordo para valorizar, na formación dos futuros profesores, o traballo que se realiza e o tempo que se pasa nun dos centros da rede. Ditos centros crearon un certificado común que se expide a tódolos estudantes que participan. É este un exemplo interesante de cooperación, de negociación e de confianza mutua entre centros de formación de profesores.

## **II. FUNCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS (ONG)**

A contribución das ONG é esencial para o fomento da dimensión europea no ensino. As organizacións activas no plano comunitario son, entre outras:

### **7. O Comité Sindical Europeo do Ensino (CSEE)**

Os interlocutores sociais representativos do mundo da educación desempeñan un papel importante na realización da dimensión europea a tódolos niveis do ensino. Son interlocutores e socios claves da cooperación comunitaria a través dos debates que inician e das propostas que formulan en conferencias e grupos de traballo sobre temas de interese común para os profesores da Comunidade Europea.

### **8. A Asociación Europea de Directores de Centros de Ensino Secundario (ESHA)**

A Asociación Europea de Directores de Centros de Ensino Secundario (ESHA) realizou con éxito unha acción piloto denominada "Clases europeas - historia ". Os alumnos e profesores participantes ( de Grecia, Dinamarca, Bélxica, Italia, Alemaña e Países Baixos ) redactaron de forma conxunta textos sobre a historia de Europa desde 1945. A realización do proxecto incluía intercambios de profesores e reunións europeas para os alumnos.

### **9. A Asociación Europea de Profesores ( ADEE )**

A Asociación Europea de Profesores contribúe desde hai anos ó fomento da dimensión europea da educación. En 1993 publicou un manual sobre os intercambios escolares europeos para profesores e alumnos.

### **10. A Asociación para a Formación dos Profesores en Europa (ATEE)**

A Asociación para a Formación dos Profesores en Europa (ATEE) publica de maneira regular un boletín de "Novas da ATEE" para os seus membros, que inclúe informes periódicos sobre as actividades dos numerosos grupos de traballo da ATEE, así como artigos sobre os avances máis importantes no campo do ensino, especialmente polo que se refire á dimensión europea da educación.

## **ANEXO B**

### **ETAPAS DE DESENVOLVEMENTO DA DIMENSIÓN EUROPEA DA EDUCACIÓN NO PLANO COMUNITARIO**

- 1.** Se ben o Tratado de Roma do 25 de marzo de 1957 non aborda o tema da educación, desde mediados dos anos 70 viñeron realizando accións neste terreo sobre a base de resolucións e de conclusións que ofreceron ós Estados membros a posibilidade de establecer unha primeira cooperación neste ámbito.
- 2.** Sobre esta base, o interese da Comunidade pola educación concreouse a continuación na adopción da Resolución do Consello e dos Ministros de Educación reunidos no seo do Consello, de 9 de febreiro de 1976, sobre un programa de acción en materia de educación
- 3.** Esta resolución, que é un verdadeiro texto fundador, marca o inicio dunha cooperación comunitaria que irá ampliándose coa adopción de novos textos, pero que prevé unha mellor información e comparabilidade dos sistemas educativos e o fomento do ensino de idiomas como base fundamental para unha mellor comprensión mutua.
- 4.** A Declaración de Stuttgart de 19 de xuño de 1983 preconiza a cooperación entre centros de ensino superior e a mellora da información sobre a historia e cultura europeas a fin de promover unha conciencia europea. A Declaración de Fontalnebleau de 25 e 26 de xuño de 1984 destaca, pola súa parte, a importancia de promover-la identidade da Comunidade ante os seus cidadáns e no mundo. Con estas dúas declaracións asístese ó nacemento progresivo do concepto do cidadán europeo.



5. O Comité "ad hoc" para a Europa dos cidadáns (marzo de 1985) intentou defini-lo concepto de cidadán europeo e realizou algunhas propostas para conseguir que os xoves participen na realización da construción europea, entre elas, en particular, o ensino das linguas desde a idade máis temperá, os intercambios escolares e as iniciativas de cooperación transnacionais.

6. Coa adopción da Acta Única (1986), a consideración dunha dimensión europea na educación convértese nunha necesidade.

7. A Resolución sobre a dimensión europea no ensino adoptada polo Consello e os Ministros de Educación, reunidos no seo do Consello, de 24 de maio de 1988, confirma e precisa os seus obxectivos:

- "fortalecer nos xoves o sentido da identidade europea e facerlles comprende-lo valor da civilización europea, das bases sobre as cales os pobos europeos pretenden hoxe en día funda-lo seu desenvolvemento, concretamente a salvagarda dos principios da democracia, a xusticia social e o respecto dos dereitos humanos.

- preparar ós xoves para a súa participación no desenvolvemento económico e social da Comunidade e realizar avances tanxibles na realización da unión europea, tal como se establece na Acta Única Europea;

- facerlles tomar conciencia das vantaxes que esta supón, pero tamén dos desafíos que entraña, ó abrírlles un espazo económico e social máis amplo;

- mellora-los seus coñecementos da Comunidade e os seus Estados membros nos seus aspectos histórico, cultural, económico e social, así como inculcarlle-lo significado da cooperación dos Estados membros da Comunidade Europea con outros países de Europa e do mundo".

Nesta resolución invítase ós Estados membros e á Comunidade a promover accións como, por exemplo, a inclusión da dimensión europea nos programas escolares, os materiais didácticos e a formación dos profesores.

8. O Parlamento Europeo apoiou e fomentou en diversos textos a consecución da dimensión europea da educación. Na súa resolución sobre "A política educativa e de formación ante a

perspectiva de 1993", adoptada en xuño de 1992, insiste na necesidade de integra-la dimensión europea na formación xeral e de crear unha cidadanía europea.

**9.** O dictame do Comité Económico e Social de 23 de setembro de 1992 engade un novo enfoque ó afirmar que a cidadanía europea constitúe un valor engadido á diversidade e ós particularismos que enriquece a todos e pide á Comunidade que sexa máis imaxinativa para fomentar-la dimensión europea na escola.

**ANEXO I**  
**REDES E SERVICIOS COMUNITARIOS**

## REDES E SERVICIOS COMUNITARIOS

*(Texto sacado da "Guía europea para los consejeros de orientación". Oficina de Publicaciones de las Comunidades Europeas, Luxemburgo, 1994)*

Un certo número de redes e servicios comunitarios ofrecen documentación e informacións sobre a orientación profesional, a educación, a formación profesional, o emprego e o mercado de traballo. Só foron indicados aquí os máis destacados, pero poden a súa vez informar sobre outras redes europeas.

### 1.- A REDE EUROPEA DE CENTROS DE RECURSOS DE ORIENTACIÓN

#### **Obxectivo**

O obxectivo da Rede Europea de Centros de Recursos de Orientación é producir unha información nacional sobre a ensinanza, a formación e as posibilidades de estancias en prácticas e intercambiar esta información cos outros Estados membros da Unión Europea. Ademais, estes centros tamén desempeñan un papel importante na preparación conxunta da orientación e no intercambio de experiencias eficaces.

#### **Rede**

Cada Estado membro debe designar ou crear un ou varios centros para participar na rede.

Actualmente son operativos 28 centros. Seis Estados membros posúen un centro único, Irlanda, Portugal e Italia teñen dous, Bélxica tres, Francia catro, e en Alemaña foron creados dez. O parágrafo A do capítulo de cada Estado membro comprende informacións complementarias sobre os centros nacionais.

## **Público de referencia**

Esta rede está dirixida a tódolos conselleiros de orientación da Unión Europea. En outras palabras, todas aquelas persoas que, polo seu traballo cotián, axudan ós xoves nas súas opcións profesionais e lles aconsellan en canto a estudos, formación, e experiencias necesarias ou útiles para levar a cabo os seus proxectos.

## **Servicios**

Os centros nacionais de recursos ofrecen información e consello sobre a situación nos outros Estados membros e as posibilidades existentes en canto a:

- os estudos, as formacións e as estancias
- as axudas financeiras para a educación e formación
- a ensinanza lingüística
- as perspectivas do emprego
- as condicións de vida e traballo

Se non poden responder inmediatamente a certas preguntas, poden empregar a rede para obter as informacións pertinentes por parte dos Estados membros interesados. Por suposto, cada centro nacional tamén pode informar sobre os outros organismos no seu país capaces de aportar informacións complementarias ou unha asistencia práctica ós xoves que desexan pasar un certo período de tempo no estranxeiro.

## **Publicacións**

Publicouse un repertorio dos Centros Nacionais de Recursos presentando as actividades e características de cada un deles. Certos centros editaron folletos e libros sobre outros Estados membros e difúndenlos polos seus propios medios.

## **Servicio da Comisión responsable da Rede Europea de Centros de Recursos de Orientación:**

Comisión europea

Task Force Recursos Humanos, Educación, Formación, Juventud

200 rue de la Loi  
B-1049 Bruselas

Asistencia técnica  
Oficina PETRA Juventud  
Place du Luxembourg 2-3  
B-1040 Bruselas  
Tel: (+32) 2-5111510  
Fax: (+32) 2-5111960

## 2.- REDE DE INFORMACIÓN SOBRE A EDUCACIÓN NA COMUNIDADE EUROPEA (EURYDICE)

### **Obxectivo**

O obxectivo principal de EURYDICE é estimular o intercambio de informacións sobre os sistemas e as políticas de educación dos estados membros.

### **Rede**

A Comisión Europea estableceu unha Unidade Europea para fomentar e coordina-las actividades da rede. Os Estados membros crean Unidades Nacionais, que soen estar baseadas nos Ministerios de Educación ou en organismos dependentes.

### **Público de referencia**

Os responsables en temas de políticas educativas eran ata agora o principal público de referencia de EURYDICE. Sen embargo, a través da difusión das súas publicacións, EURYDICE esténdese a un público máis amplo.

### **Servicios**

A rede EURYDICE ofrece dous tipos de servicios. O primeiro tende a facilita-lo

intercambio de informacións entre os responsables en cada Estado membro, a través dun sistema de preguntas e respostas sobre temas relativos ás políticas e reformas da educación. O segundo tipo de servicios favorece a cooperación comunitaria na ensinanza e a comprensión mutua, gracias á produción de material informativo sobre os bancos de datos dos sistemas educativos, así como a estudos comparativos sobre temas de interese común. EURYDICE está rematando un banco de datos comunitario, revisado anualmente, sobre os sistemas educativos nos Estados membros. É posible que a partir de 1995 poida difundir este banco de datos a un público máis amplo.

## **Publicacións**

As publicacións de EURYDICE ofrecen informacións de base e análise comparativos sobre os sistemas escolares e as políticas de educación na Unión Europea e a nivel comunitario.

A unidade europea da rede foi establecida en nome da Comisión Europea, pola Fundación Europea da Cultura.

Unidad Europea EURYDICE

rue d`Arlon 15

B-1040 Bruselas

Tel: (+32) 2-2383011

Fax: (+32) 2-2306562

## **Servicio da Comisión responsable de EURYDICE:**

Comisión Europea

Task Force Recursos Humanos, Educación, Formación y Juventud

200 rue de la Loi

B-1049 Bruselas

## **3.- A REDE COMUNITARIA DE CENTROS NACIONAIS DE INFORMACIÓN SOBRE O RECOÑECEMENTO ACADÉMICO (NARIC)**

## **Obxectivo**

O obxectivo da rede comunitaria de Centros Nacionais de Información sobre o Recoñecemento Académico (NARIC) é mellora-lo intercambio de informacións dentro da Comunidade e dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) sobre tódolos aspectos do recoñecemento académico das cualificacións e os períodos de estudos realizados en outro Estado membro.

## **Rede**

A rede NARIC é operacional dende 1984. Existen centros NARIC (dous en Bélxica) en tódolos Estados membros da Unión Europea e en tódolos países da AELC. O seu obxectivo é desenvolver-la mobilidade dos estudantes, dos profesores e dos investigadores, mediante informacións e consellos sobre o recoñecemento das cualificacións. Estes centros tamén informan sobre as convencións do Consello de Europa e da UNESCO sobre o recoñecemento académico e colaboran estreitamente cos centros de información dependentes destas organizacións.

A maioría dos centros NARIC tamén teñen responsabilidades no ámbito do recoñecemento profesional e do desenvolvemento da Directiva xeral da Comunidade sobre o recoñecemento dos diplomas na ensinanza superior.

Para favorecer-la cooperación entre os diferentes centros, a Comisión Europea organiza encontros entre os seus responsables e prevé unha axuda financeira para efectuar visitas de estudos e levar a cabo proxectos especiais, tales como guías, estudos comparativos e accións de formación sobre a avaliación das cualificacións e das experiencias profesionais.

## **Público de referencia**

Os principais usuarios destes centros son os establecementos de ensinanza superior, os estudantes, os conselleiros de orientación, os pais de alumnos, os profesores e os empresarios.

## **Publicacións**

O folleto "ERASMUS: NARIC - Red de Centros Nacionales de Información sobre el



Reconocimiento Académico en los Estados miembros de la Comunidad Europea y los países de la Asociación Europea de Libre comercio" (Agosto 1993) informa sobre as actividades dos diferentes centros.

O Compendio dos acordos bilaterais e multilaterais sobre equivalencias entre Estados membros. Estase rematando unha recompilación das principais cualificacións outorgadas nos Estados membros da Unión Europea e os países AELC, así como unha versión actualizada da Guía dos sistemas de ensinanza superior e das cualificacións na Europa comunitaria, aparecida en 1991. Esta versión comprende tamén ós países da AELC.

### **Servicio da Comisión responsable de NARIC:**

Comisión Europea  
Task Force Recursos Humanos, Educación, Formación y Juventud  
200 rue de la Loi  
B-1049 Bruselas

### **Asistencia Técnica:**

Oficina ERASMUS  
rue Montoyer 70  
B-1040 Bruselas  
Tel: (+32) 2-2330111  
Fax: (+32) 2-2330150

#### **4.- CENTRO EUROPEO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN PROFESIONAL (CEDEFOP)**

### **Obxectivo**

A actividade principal do CEDEFOP é axudar ós responsables, os investigadores e os profesionais a nivel comunitario e nos Estados membros, mediante actividades de información, de investigación e de asesoramento sobre tódalas áreas da formación profesional.

## **Redes**

Para levar a cabo esas actividades, o CEDEFOP creou varias redes. Entre elas:

- a rede de documentación, representada en cada Estado membro por un organismo descrito no parágrafo A do capítulo correspondente;
- a rede de organismos de investigación, que se reúne cada ano no marco do forum de investigación do CEDEFOP;
- redes informais constituídas sobre temas concretos, tales como as PYME, a formación de formadores, o desenvolvemento de cualificacións, etc...

## **Público de referencia**

As publicacións están a disposición de tódalas persoas interesadas, pero os principais destinatarios do CEDEFOP son os responsables e os investigadores dos organismos comunitarios e nacionais. Tamén dirixe certos estudos e servizos ós que imparten a formación profesional, os que xestionan os sistemas de formación e ós formadores.

## **Servizios**

O CEDEFOP difunde as súas informacións a través dos organismos que forman a súa rede de documentación e que teñen acceso, ademais das publicacións, a un correo mensual de información. Cando reciben demandas procedentes do seu público de referencia, os membros da rede procuran responder a partir da información da que dispoñen. Se isto non é posible, solicitan ó CEDEFOP ou a un membro da rede en outro Estado membro a información precisa.

Se por algún motivo o CEDEFOP non puidera responder a unha demanda dos seus usuarios prioritarios, trasládase dita demanda a tódolos membros da rede.

## **Publicacións**

O CEDEFOP ten como principio a publicación dos resultados das súas actividades de

investigación. A maioría destes traballos son distribuídos pola Oficina de publicacións oficiais da Comisión Europea e polos distribuidores dos Estados membros e outros países. Existe unha lista das publicacións dispoñible no CEDEFOP.

O CEDEFOP tamén edita tres periódicos:

- Formación Profesional, unha revista monográfica para temas específicos, pero que inclúe referencias bibliográficas e de outro tipo. Edítanse tres números anuais nas nove linguas oficiais, e están dispoñibles na Oficina de Publicacións oficiais.
- CEDEFOP Flash é distribuído gratuitamente ós responsables e informadores. Contén informacións sobre as actividades do CEDEFOP. Publícanse dez números anuais, en cinco linguas comunitarias.
- CEDEFOP Flash Special contén breves informes sobre as actividades do CEDEFOP e a formación profesional nos Estados membros, así como informacións sobre as publicacións recentes, as próximas conferencias, etc...

Comprende catro edicións por ano, en inglés, francés e alemán, e é distribuído ós profesionais e responsables da formación profesional, investigadores, responsables da información, etc...

Dirección:

CEDEFOP

Bundesallee 22

Jean Monnet House

D-10717 Berlín

Tel: (+49) 30-884120

Fax: (+49) 30-88412222

## 5.- A REDE EUROPEA DE SERVICIOS DE EMPREGO (EURES)

### **Obxectivo**

O obxectivo principal de EURES é ofrecer información sobre o mercado de traballo na UE. EURES foi creado en 1993 por unha Decisión da Comisión en aplicación dun Regulamento do Consello de 1968, actualizado en 1992. A súa misión é ofrecer información sobre as ofertas de

emprego e sobre as condicións de vida e traballo no Estados membros da UE, e garantir que esta información chegue de forma fácil e efectiva ós traballadores.

## **Rede**

EURES comprenderá unha rede de máis de 400 Euroconselleiros procedentes de servizos públicos de emprego, empresas, sindicatos, universidades e outras institucións. No momento de redacta-la presente guía eran máis de 250 os Euroconselleiros existentes. Dispoñen dunha conexión informática que lles permite intercambiar informacións e acceder a un banco de datos central no sistema INFO92 da Comisión.

## **Público de referencia**

Comprende dous grupos. O primeiro inclúe ás persoas que consideran a posibilidade de traballar en outro Estado membro. EURES pode informar e aconsellar a estas persoas mediante os euroconselleiros sobre:

- as posibilidades de emprego
- a evolución do mercado de traballo, con análises sectoriais, por sectores de actividade e por cualificacións
- as condicións de vida e traballo nos varios Estados membros.

O segundo grupo comprende ós empresarios que desexan contratar persoal dentro da Unión Europea en xeral, ou nun Estado membro en particular, ou crear empresas ou filiais en outros países. Estas persoas tamén poden consultar EURES e ter acceso a tódalas súas informacións.

## **Servicio da Comisión responsable de EURES:**

Comisión Europea  
Dirección General V / Unidad D/4  
200 rue de la Loi  
B-1049 Bruselas

Para máis información ou para obte-los datos do Euroconselleiro máis próximo, é preciso contactar con EURES polos teléfonos:

Tel: (+32) 2-299-0477 ou (+32) 2-299-0508

## 6.- SISTEMA DE INFORMACIÓN MUTUA SOBRE AS POLÍTICAS DE EMPREGO (MISEP)

### **Obxectivo**

MISEP funciona a tres niveis:

- reúne regularmente as informacións recollidas polos seus correspondentes e difúndelas a través do seu secretariado técnico.
- recibe e trata as preguntas e respostas de interese multilateral, segundo as demandas dos seus correspondentes ou a iniciativa do seu secretariado.
- garda as informacións recibidas para que sirvan de base a posteriores estudos no marco de acordos bilaterais.

### **Rede**

O sistema está baseado sobre un grupo de correspondentes nos Estados membros. Estes correspondentes ocupan postos nos servizos operacionais dos seus ministerios nacionais responsables para o emprego.

### **Público de referencia**

Os principais colectivos das actividades do MISEP son os gobernos nacionais dos Estados membros, así como toda persoa, asociación, ou grupo de responsables interesados polos problemas das políticas de loita contra o desemprego.

### **Publicacións**

InforMISEP é un folleto de información que aparece cada catro meses. Presenta informacións actualizadas para tódalas persoas interesadas ou relacionadas coas políticas de emprego

e as súas evolucións.

Os Informes de Información Básica dan noticia sobre as institucións do mercado de traballo e o seu funcionamento, e sobre as políticas de emprego nos Estados membros. Estes informes foron actualizados regularmente dende a súa primeira aparición en 1983. Publícanse en inglés, francés e alemán, e actualízanse anualmente.

**Servicio da Comisión responsable do MISEP:**

Comisión Europea  
Dirección General V / Unidad A/2  
200 rue de la Loi  
B-1049 Bruselas

**Asistencia Técnica:**

Secretariado Técnico del MISEP  
IAS  
Bundesallee 117  
D-12161 Berlín  
Tel: (+49) 30 8508 0051  
Fax: (+49) 30 8508 0052

## **ANEXO II**

### **ENDEREZOS DE INTERESE**

## ENDEREZOS

CEDEFOP  
(cf INEM)  
Tel: 91-585 98 82  
Fax: 91-377 58 81

COMETT  
Secretaría General del Plan Nacional de I+D  
Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología  
Rosario Pino 14-16  
E-28020 Madrid  
Tel: 91-336 04 68  
Fax: 91-336 04 35

Comisión Europea  
Oficina en España  
Calle Serrano 41 - 5º  
E-28001 Madrid  
Tel: 91-435 17 00  
Fax: 91-576 03 87/577 29 23

Comisión Europea  
Oficina en Barcelona  
Avenida Diagonal, 47 bis  
Edificio Banco Atlántico, planta 18  
E-08008 Barcelona  
Tel: 91-549 66 78 / 549 77 00  
Fax: 91-543 45 50 / 262 57 82

COMENIUS  
Subdirección General de Formación del Profesorado  
Dirección General de Renovación Pedagógica  
Paseo del Prado 28 - 6ª Planta  
28014 Madrid  
Tel: 91-420 16 93  
Fax: 91-429 90 97

ERASMUS:  
Agencia Española para Becas ERASMUS  
(cf Consejo de Universidades, Secretaría General)

EURES  
(cf Subdirección General de Promoción de Empleo y Subdirección General de Servicios Técnicos - INEM)



#### EUROFORM

(cf INEM, Subdirección General de Gestión de la Formación Ocupacional)

Tel: 91-585 98 92

Fax: 91-268 39 81

#### EUROTECNET

Ministerio de Educación y Ciencia

Argumosa, 43 - Pabellón 5

E-28012 Madrid

Tel: 91-528 14 17

Fax: 91-528 08 57

#### EURYDICE

(cf Ministerio de Educación y Ciencia; Centro de Investigación, Documentación y Evaluación)

#### FORCE

(cf Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Consejo General de Formación Profesional)

#### INEM

(cf Ministerio de Trabajo y Seguridad Social)

#### INSERSO

(cf Ministerio de Trabajo y Seguridad Social; Instituto Nacional de Servicios Sociales)

Calle Ginzo de Limia 58 c/v Avenida Ilustración

E-28029 Madrid

Tel: 91-347 85 94 / 347 85 93 / 347 85 92

Fax: 91-347 85 95

Instituto Nacional de la Seguridad Social

Calle Padre Damian, 4-6

E-28071 Madrid

Tel: 91-564 90 23/564 90 54/564 90 30

Fax: 91-563 29 08/563 20 85/561 10 51/564 78 22 (General)

#### IRIS

(cf Instituto de la Mujer, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social)

#### LEONARDO

Agencia Española Leonardo da Vinci

Tecnología y Gestión de la Innovación

C/Velázquez , 134 bis

28006 Madrid

Tel: 91-396 49 41

Fax: 91-396 48 65

Dirección General de Enseñanzas Profesionales y Formación de Adultos  
Consellería de Educación y Ordenación Universitaria  
C/San Lázaro, 17  
15771 Santiago (A Coruña)  
Tel: 981-54 65 38  
Fax: 981-54 65 42

LINGUA  
(cf Ministerio de Educación y Ciencia, Subdirección General de Cooperación Internacional)

Ministerio de Educación y Ciencia:  
Calle Alcalá, 36  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-347 70 00  
Fax: 91-442 34 54

- Centro de Investigación, Documentación y Evaluación CIDE  
EURYDICE  
Calle San Agustín, 5  
E-28014 Madrid  
Tel: 91-549 66 81 / 369 28 50  
Fax: 91-543 73 90 / 429 94 38

- Centro de Orientación e Información de Empleo-COIE (Universidad Complutense)  
Edificio Antiguos Comedores  
Avenida Complutense, s/n  
E-28040 Madrid  
Tel: 91-408 02 08  
Fax: 91-407 33 33

- Subdirección General de Becas y Ayudas al Estudio  
Torrelaguna 58  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-408 20 08  
Fax: 91-407 33 33

- Subdirección General de Cooperación Internacional:  
Paseo del Prado, 28, 2º  
E-28014 Madrid

- LINGUA  
Agencia Nacional de LINGUA  
Paseo do Prado, 28 - 5º  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-420 16 59  
Fax: 91-420 33 25

- NARIC  
Tel: 91-420 08 89  
Fax: 91-420 33 25

- SÓCRATES  
Subdirección General de Becas y Ayudas al Estudio  
Dirección General de Formación Profesional Reglada y Promoción Educativa  
Ministerio de Educación y Ciencia  
Torrelaguna, 58  
28027 Madrid  
Tel: 91-408 20 00

- Servicio de Formación del Profesorado  
Dirección General de Educación Educativa y Centros  
Consellería de Educación y Ordenación Universitaria  
C/San Lázaro, 107  
15771 Santiago (A Coruña)  
Tel: 981-54 65 14 / 54 65 13  
Fax: 981-54 65 42

- TEMPUS  
Tel: 91-420 08 89  
Fax: 91-420 33 25

- Subdirección General de F.P. Reglada  
Calle Argumosa, 42 - Pabellón 5  
E-28071 Madrid

Area de Formación y evaluación de F.P.  
Tel: 91-528 53 24  
Fax: 91-528 08 57

Area de Ordenación e implantación de la F.P.  
Tel: 91-528 51 89  
Fax: 91-528 08 57

- Subdirección General de Ordenación Académica  
Calle Los Madrazo, 15-17  
E-28040 Madrid  
Tel: 91-522 11 00  
Fax: 91-521 37 75/522 92 56

Ministerio de Economía y Hacienda:  
Paseo de la Castellana, 183  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-522 10 00

- Instituto Nacional de Estadística  
Paseo de la Castilla, 183  
E-28046 Madrid  
Tel: 91-572 07 93  
Fax: 91-583 91 58

Ministerio de Trabajo y Seguridad Social:  
Calle Agustín de Bethencourt 4  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-553 20 00  
Fax: 91-533 29 96

- FORCE  
Unidad Nacional de Coordinación FORCE  
Calle Pio Baroja, 6  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-409 09 41  
Fax: 91-574 99 01

- Dirección General de Empleo  
Calle Pio Baroja, 6  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-409 09 41  
Fax: 91-574 99 01

- Dirección General de Informática y Estadística  
Calle Agustín de Bethencourt, 4  
E-28071 Madrid

- Dirección General de Migraciones  
Paseo Pintor Rosales, 44  
E-28008 Madrid  
Tel: 91-347 90 00/347 71 68  
Fax: 91-541 38 18

- Instituto de la Juventud (Dirección)  
Calle José Ortega y Gasset 71  
E-28006 Madrid  
Tel: 91-347 78 00  
Fax: 91-402 21 94

Instituto de la Juventud (Central)  
Calle José Ortega y Gasset 71  
E-28006 Madrid  
Tel: 91-347 78 00  
Fax: 91-402 21 94

- Instituto de la Mujer  
Calle Almagro, 36  
E-28010 Madrid  
Tel: 91-347 80 00  
Fax: 91-319 91 78

- Instituto Nacional de Empleo - INEM  
Calle Condesa de Venadito, 9  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-585 97 55  
Fax: 91-377 58 87 / 377 58 81

- Subdirección General de Gestión de la Formación Profesional  
Calle Condesa de Venadito, 9  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-585 97 55  
Fax: 91-585 97 61

- Subdirección General de Prestaciones  
Calle Josefa Valcárcel 4  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-585 28 38  
Fax: 91-585 29 12

- Subdirección General de Promoción de Empleo  
Calle Condesa de Venadito 9  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-585 97 51 / 585 97 50  
Fax: 91-585 97 53

- Subdirección General de Servicios Técnicos  
Calle Condesa de Venadito 9  
E-28027 Madrid  
Tel: 91-585 97 56 / 585 98 20  
Fax: 91-585 98 19

- Oficinas Integrales de Información Socio-Laboral  
Subdirección General de Información Administrativa  
Calle Agustín de Bethencourt 4  
E-28071 Madrid  
Tel: 91-409 09 41

MISSOC  
Subdirección General de Servicios Técnicos  
Instituto Nacional de la Seguridad Social

NARIC

(cf Ministerio de Educación y Ciencia, Subdirección General de Cooperación Internacional)

**PETRA**

(Acción Ia, II, III: Ministerio de Educación y Ciencia, Subdirección General de F.P.R.)

Calle Argumosa, 43 - Pabellón 5

E-28012 Madrid

Tel: 91-528 53 24

Fax: 91-528 08 57

(Acción Ib: Dirección General de Migraciones)

Paseo del Pintor Rosales, 44

E-28008 Madrid

Tel: 91-547 62 00

Fax: 91-542 24 88

(Acción II (Proyectos de Iniciativa Juvenil): Instituto de la Juventud)

Calle Marqués de Riscal, 16

E-28010 Madrid

Tel: 91-347 78 00

Fax: 91-919 93 38

TEMPUS

(cf Ministerio de Educación y Ciencia, Subdirección General de Cooperación Internacional)

JUVENTUD CON EUROPA (Agencia Nacional)

(cf Instituto de la Juventud)